



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 26

Sesión Plenaria
26 de abril de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.7 7202 (10/PNP-000650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

4.8 7366 (10/PNP-000664)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 3907 (10/INT-000136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transparencia e bo goberno na súa xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

5.2 4107 (10/INT-000150)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno Galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

5.3 6212 (10/INT-000251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 7984 (10/POPX-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o balance que realiza o Goberno galego do resultado da súa estratexia de negociación co Estado en temas clave para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

6.2 8002 (10/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o cumprimento con dilixencia polo Goberno galego das obrigas derivadas da lexislación autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

6.3 8004 (10/POPX-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do emprego e do mercado laboral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 4538 (10/POP-000568)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel, e cinco deputados/as máis

Sobre os certames de promoción e comercialización do sector turístico nos que vai participar Galicia desde febreiro ata finais de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.2 6802 (10/POP-000876)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre a exclusión das pemes galegas debida á redacción dos pregos de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos dependentes da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.3 7029 (10/POP-000908)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas xerados nas condicións laborais do persoal e na atención prestada, como consecuencia do traslado á Estrada dos servizos 061 e 112 de atención das urxencias médicas e das emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.4 8001 (10/PUP-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o traslado do persoal adscrito ao Servizo de Atención de Emerxencias de Galicia 112 ás novas dependencias na Estrada nas mellores condicións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

7.5 6618 (10/POP-000858)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa primeira convocatoria de oposicións reservada de xeito exclusivo a persoas con discapacidade intelectual que terá lugar o día 8 de abril de 2017 en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

7.6 7287 (10/POP-000951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97, do 06.04.2017

7.7 8000 (10/PUP-000076)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da autorización da venda das concesións hidroeléctricas adxudicadas a Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

7.8 7185 (10/POP-000937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e cinco deputados/as máis

Sobre a situación en que se atopa o procedemento de declaración pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97, do 06.04.2017

7.9 5099 (10/POP-000657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e seis deputados/as máis

Sobre as principais funcionalidades e utilidades da nova aplicación do 061 para dispositivos móbiles, Urxencias Sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

7.10 6893 (10/POP-000885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante o aumento dos incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente pídelles aos membros da Cámara que se garde un minuto de silencio polos falecidos no accidente do pesqueiro Novo Marcos na illa de Tambo. (Páx. 12.)

Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes á sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance que realiza o Goberno galego do resultado da súa estratexia de negociación co Estado en temas clave para Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 13.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento con dilixencia polo Goberno galego das obrigas derivadas da lexislación autonómica. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do emprego e do mercado laboral de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 24.)

Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 32.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 34.) e *Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 36.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 40.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 44.) e *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 46.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 49.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego: *aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.* (Páx. 50.)

O señor Rodríguez Estévez (EM) intervén para dar lectura ao texto resultante da transacción sobre a Proposición non de lei do G. P. de En Marea, que se vai votar a seguir. (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses dos contratos do persoal de reforzo para a campaña de verán do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e nove deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto: *aprobado por 54 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes: *rexeitados por 17 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 53.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para dar lectura ao texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por ela e que se vai votar a continuación. (Páx. 54.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións

que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa transparencia e bo goberno na súa xestión. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 56.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 59.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 65.)

Interpelación de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 74.)

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 85.)

Pregunta de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os certames de promoción e comercialización do sector turístico nos que vai participar Galicia desde febreiro ata finais de 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 90.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a exclusión das pemes galegas debida á redacción dos pregos de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos dependentes da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 95.)

O señor presidente comunica que a seguir se vai proceder ao debate acumulado de dúas preguntas. (Páx. 96.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas xerados nas condicións laborais do persoal e na atención prestada como consecuencia do traslado á Estrada dos servizos 061 e 112, de atención das urxencias médicas e das emerxencias. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o traslado do persoal adscrito ao Servizo de Atención de Emerxencias de Galicia 112 ás novas dependencias na Estrada nas mellores condicións. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 96.) e *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 98.)

Réplica dos autores: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 100.) e *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 101.)

Logo dun incidente producido na tribuna de invitados, o señor presidente pídelles aos servizos da Cámara que desaloxen desta tribuna unhas persoas. (Páx. 103.)

A señora Prado del Río (P) solicita a palabra para facer unha pregunta relacionada con esta cuestión. (Pax. 103.)

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa primeira convocatoria de oposicións reservada de xeito exclusivo a persoas con discapacidade intelectual que terá lugar o día 8 de abril de 2017 en Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)* (Páx. 112.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da autorización da venda das concesións hidroeléctricas adxudicadas a Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 114.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación en que se atopa o procedemento de declaración pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 120.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as principais funcionalidades e utilidades da nova aplicación do 061 para dispositivos móbiles, Urgencias Sanitarias de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante o aumento dos incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 128.)

Remata a sesión ás tres e corenta e seis minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Antes de dar comezo á sesión do día de hoxe, pídolles que gardemos un minuto de silencio polos falecidos na colisión do pesqueiro *Novo Marcos* na illa de Tambo.

(Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

Grazas.

Comezamos co desenrolo da orde do día, punto 6º, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance que realiza o Goberno galego do resultado da súa estratexia de negociación co Estado en temas clave para Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Permítanme que as miñas primeiras palabras sexan de alento ás familias e de enviarlles un abrazo nun momento que imaxino que é un dos tragos máis amargos da súa vida. Pois todo o afecto desde aquí.

Señor Feijóo, na pregunta de hoxe queremos coñecer cal é o seu balance sobre os logros para Galiza desas intensas e duras negociacións que vostede mantén co Estado. Se mo permite, vou facerlle eu un avance.

Primeiro: en materia de novas competencias para Galiza, o seu resultado, cero. Segundo: somos unha comunidade exportadora neta de electricidade; resultados, beneficios para familias e para as empresas galegas, cero. Terceiro: alta velocidade; acabamos de ver como festexan noutros territorios os vinte e cinco anos da chegada do AVE; vostede aquí defendendo o enésimo atraso; se nos fiamos da súa palabra, no ano 2019, é dicir, trinta anos de atraso. E o seu último logro é o recortazo de 442 millóns de euros dos orzamentos do Estado. ¿E que fai vostede? Pois nada, está feliz como unha perdiz e o que crea é unha comisión de seguimento do recortazo.

Pero, claro, esta non é a única comisión. En decembro tamén creara vostede outra comisión —non sei se lembra—, a Comisión de coxestión da AP-9. ¿Resultados desa comisión? Máis atascos e máis peaxes.

Pero, por se todo este balance non fora o suficientemente brillante, acabamos de ver os últimos escándalos que salpican o seu partido, os escándalos de corrupción, que, ademais

teñen a particularidade de que afectan de cheo o interese xeral no noso país. Na denominada operación Lezo acabamos de ver como se imputa a Villar Mir, o propietario de Ferroatlántica, e nada máis e nada menos que, por suposto, financiamento ilegal do Partido Popular. Por certo, moitos e moitas aínda lembramos eses xenerosos donativos de Villar Mir á Fundación Fraga.

Señor Feijóo, eu desde logo non sabe canto lamento ter que vir hoxe aquí de novo incordialo con este tema, pero é que ten unha decisión importante que tomar e hoxe mesmo a empresa acaba de dicirlle cal é a data na que ten que resolver: o 31 de maio.

Mire, con petición formal ou sen ela, todos e todas sabemos cales son as intencións de Villar Mir: facer caixa coas centrais do Xallas, coller a pasta e pirarse. E vostede, señor Feijóo, ten que decidir de que lado está: se está do lado do imputado Villar Mir ou se está do lado do emprego da Costa da Morte, da defensa dos intereses xerais, e para unha venda que non só sería ilegal, sería un auténtico atropelo á democracia e á dignidade do noso país.

Por respecto a este país pídlle que hoxe non se esconda en medias mentiras e que dea a cara, que nos diga a verdade. Advírtolle que Galiza non está para pagar mordidas nin os favores que lle deba o Partido Popular a Villar Mir, favores que polos que —é evidente— está intentando pasarlles unha factura; leva moito tempo e ¿sabe cal é o concepto desa factura? Venda ilegal das centrais do Xallas.

Espero, señor Feijóo, que poña fin hoxe a este episodio tan turbio e que se comprometa con algo moi sinxelo: a dicir neste Parlamento, solemnemente, que vostede non vai permitir nin a segregación nin a venda das centrais do Xallas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Está claro cal é a pregunta da señora Pontón, así que vou intentar contestar polo menos algunha das dúas formuladas.

Señora Pontón, escoitándoos a vostedes falar de negociación non co Estado, porque eu son o representante ordinario do Estado en Galicia, senón co Goberno central, non podo máis que, como todos os deputados da Cámara, lembrar aquilo da «cooperación intelixente».

Corrían outros tempos, corrían tempos nos que o BNG entregaba a Xunta de Galicia ao Partido Socialista Obreiro Español, despois de perder as eleccións; corrían tempos en que o BNG apoiaba as propostas dos socialistas en Madrid, con Rodríguez Zapatero. E ¿aquilo da cooperación intelixente que veu significar, señora Pontón? Nada, decepción e sacrificio.

Nada, señora Pontón, porque falaban vostedes de moreas de millóns de euros —o AVE, como vostede acaba de confirmar, aínda segue atrasado— e porque falaban vostedes de autogoberno. Falaremos sen dúbida do autogoberno que vostedes conseguiron.

Decepción, sen dúbida. Vostede era unha deputada que defendía, si ou si, que o AVE chegaría a Galicia no ano 2012, e agora lembra que o AVE aínda non chegou a Galicia.

E sacrificio, ¿por que? Porque o burato que entre o señor Rodríguez Zapatero e o Goberno bipartito deixaron en Galicia suma máis de 2.000 millóns de euros.

Señoría, esa é a cooperación intelixente da que vostedes falan. A min gustárame falar, como vostede me pregunta, do balance destes anos de recesión e de crise económica entre a relación da Xunta de Galicia e o Goberno central.

En primeiro lugar, eses 2.000 millóns de euros que vostedes deixaron a deber conseguimos non pagalos en cinco anos, que era o compromiso que exixiu Rodríguez Zapatero, senón pagalos en vinte.

En segundo lugar, señoría, conseguimos abrir un mecanismo de facilidade financeira para as comunidades autónomas que cumprimos o déficit público, e levamos aforrados, como mínimo, uns 350 millóns de euros.

Seguimos co balance. Conseguimos que o Goberno central plantexara en Bruxelas as propostas en materia de fondos, tanto a aterraxe suave como os fondos de desenvolvemento rural. Balance, 6.400 millóns de euros en fondos europeos para Galicia.

Seguimos co balance. No sector naval, señoría, eu herdei unha situación na que o Partido Socialista plantexara o veto aos estaleiros galegos. Conseguimos gañar o preito e o *tax lease* forma parte da historia.

Asumín unha Galicia onde non había desde facía sete anos un só contrato en Navantia, onde Astano levaba dez anos cun veto sen facer un só posto de traballo. Hoxe en Astano hai máis de 700 postos de traballo e agora empezan os contratos co sector naval e con Navantia. (*Aplausos.*)

Señoría, ¡fálame vostede de tantas cousas! Fálame da electricidade; 33.000 postos de traballo en Galicia en electricidade. Fálame vostede de que somos unha gran potencia en electricidade; si, somos a terceira de España.

Señoría, fálame vostede da AP-9, da autoestrada do Atlántico. ¿Que plantexou o BNG na AP-9? Dúas cousas. Primeiro, vostede e o resto de compañeiros do BNG, votar en contar da transferencia da autoestrada do Atlántico. E, segundo, darlle ao Goberno do Estado 6 millóns de euros anuais para levantar as peaxes dunha autoestrada estatal. Conta: neste momento levamos pagando máis de 60 millóns de euros ao Goberno central.

¿Que é o que conseguimos nós na autoestrada do Atlántico? En primeiro lugar, sentarnos nunha mesa para facer e concretar o que temos que ampliar a autoestrada. E, segundo, ¿sabe

polo que estou loitando? Por aforrar 180 millóns de euros de diñeiro dos galegos e non seguir pagando as peaxes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que vostedes pagaron co Goberno central.

Mire, señora Pontón, se vostede quere falar de Ferroatlántica, con moito gusto lle vou falar na réplica. Pero, por respecto a este Parlamento, señor presidente, vou intentar respostar ás preguntas que me fan os deputados, aínda que os deputados non sei as preguntas que me fan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, non se enfade porque falemos da corrupción que hai no seu partido e cales son as derivadas que esta corrupción pode ter no noso país. Creo que hoxe é o tema que máis preocupa aos galegos e ás galegas, que son, en todo caso, quen lle votaron para ser presidente e con quen vostede se comprometeu a defender os intereses de Galiza por diante doutras cousas. ¿Lémbrase da campaña electoral? Galicia, Galicia, Galicia. ¿Agora que é? PP, PP, PP. Esqueceuse, señor Feijóo, de cales son as súas promesas e os seus compromisos.

Mire, vostede formaba parte do Goberno que prometeu o AVE a Galiza no 2009, non sei se se lembra. Vostede díxonos hai uns meses que o Estado xa estaba pagando as peaxes de Rande e A Barcala, e agora vén dicirnos que aínda está pelexando por que se pague. Aclárese. ¿Mentiulles aos galegos cando lles dixo que ese era un acordo que xa estaba asinado co Estado ou seguimos pagando esas peaxes con recursos públicos?

Vemos que non quere falar de financiamento, non quere falar do recortazo e, sobre todo, non quere falar de que os galegos e as galegas nos beneficiemos da electricidade.

E claro, falando de electricidade, comprenderá que teño que falarlle de Villar Mir e do escándalo da venda das centrais do Xallas e do que pasa coa corrupción do seu partido.

Mire, señor Feijóo, creo que estaría ben que nos explicara por que Villar Mir lle fai xenerosos donativos á Fundación Fraga. Creo que estaría ben que vostede mesmo nos explicara por que lle adjudicou a dedo toda a xestión dos albergues do Camiño, 1,3 millóns de euros, á empresa OHL. OHL non sei se sabe que forma parte do grupo Villar Mir, que esa empresa a preside outro dos imputados por presunta corrupción, por presunto financiamento ilegal do Partido Popular. Creo que este é un tema que ten a suficiente transcendencia como para que vostede non mire para outro lado.

E, en segundo lugar, a min gustaríame, señor Feijóo, que hoxe no tema de Ferroatlántica vostede pechara este capítulo tan escuro. Hai centos de postos de traballo en xogo na Costa da Morte e vostede non pode xogar con iso para pagarlle os favores que o Partido Popular lle deba a Villar Mir.

A miña pregunta é moi clara: ¿vai vostede defender o emprego na Costa Morte, o interese xeral, e dicirlle ao imputado Villar Mir que non vai aceptar as súas chantaxes? ¿Si ou non?

E, en segundo lugar, teño outra proposta que facerlle en aras da transparencia e de que non haxa ningún xénero de dúbidas a respecto de que está pasando con esa trama de financiamento ilegal do Partido Popular e os vínculos coas empresas do grupo Villar Mir. Abramos unha comisión de investigación neste Parlamento onde analicemos todos os contratos, todas as adxudicacións públicas e, se o PP...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...está disposto, todo o financiamento que veña de Villar Mir ao seu partido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Deixe vostede a Fraga, se é posible, en paz, digo se é posible. Non ten un patacón a Fundación Fraga, señoría. Non hai diñeiro nin para catalogar os arquivos do presidente Fraga. Deixe vostede o presidente Fraga en paz. Hai unha gran diferenza entre o presidente Fraga e moitos políticos que agora estamos descubrindo exactamente a que se dedicaban. Un respecto, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, nada me quere vostede falar de que vostede votou en contra da transferencia da autoestrada do Atlántico a Galicia; está no *Diario de Sesións*. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Nada me quere dicir de por que vostedes estaban pagando ao Goberno central o levantamento das peaxes dunha autoestrada estatal. E agora dime que se eu anunciei pero aínda non conseguín.

Mire, señoría, teño un acordo co Ministerio de Fomento que está neste momento no Consello do Estado. Se o conseguimos, se conseguimos aforrar 180 millóns de euros, ¿vou ter o apoio do BNG por esta cuestión, señora Pontón?

Señora Pontón, falar do AVE e falar do BNG é cando menos sorprendente. Estiven repasando algunhas das noticias de cando vostedes tiñan representación en Madrid. Temos arrancado

11 millóns e medio de euros para o eixo atlántico —dicía—. Temos 2 millóns de euros para a conexión á Meseta. Consequimos 1 millón de euros para Ferrol-A Coruña, señora Pontón. *(Murmurios.)*

Isto é o que di a hemeroteca. ¿Onde está o AVE de Ferrol e da Coruña, que tiñan vostedes eses grandes investimentos que conseguían cos gobernos da bonanza económica do señor Rodríguez Zapatero, señor Pontón? *(Aplausos.)* ¿Onde están eses investimentos, señoría?, ¿onde están? *(Murmurios.)*

Mire, señoría, nós acabamos de constituír, efectivamente, unha comisión de seguimento para a execución dos presupostos do Estado en Galicia; vostedes non a constituían. Si, hai 900 millóns de euros, señora Pontón. Xa sei que aínda non se aprobaron e probablemente, se non se aproban os orzamentos, vostede dirame que son o culpable de que o AVE estea atrasado. Primeiro, non aproban os orzamentos e posteriormente culpan os que queremos ter orzamentos, os que queremos ter AVE, de non ter presupostos e non ter AVE. Iso xa é moi antigo, pero a xente, señoría, sabe discorrer entre unha proposta e a outra.

Mire, señora Pontón, se quere vostede falar de Villar Mir, está vostede no seu dereito, pero dáme a sensación de que os contratos adxudicados a Villar Mir entre vostedes no Bipartito e eu, en oito anos de goberno, andan por aí... *(Murmurios.)* Vostedes, en catro, e nós en nove anos de goberno, andan por aí. E xa lle digo que non me preocupa nin o que vostedes adxudicaron nin o que nós adxudicamos, porque son cantidades absolutamente razoables.

Pero se vostedes queren seguir falando de Ferroatlántica, falemos de Ferroatlántica, señoría. Vostede di que hai un contubernio coa Xunta e con Ferroatlántica. ¿Por que?, ¿por que? Ferroatlántica acaba de asinar un acordo con UXT e Comisións Obreiras. ¿Está acusando vostedes os sindicatos de UXT e Comisións Obreiras dun contubernio? ¿Si? Mire, señoría, é lamentable que vostedes acusen a UXT e a Comisións Obreiras nesta Cámara... *(Murmurios.)* sen que se poidan defender, señorías. *(Aplausos.)* É lamentable, señoría, lamentable.

Nós imos seguir traballando, cumprindo a lei, señora Pontón —nós cumprimos a lei—, defendendo os intereses xerais, defendendo os traballadores de Dumbría e de Cee e defendendo os traballadores de Sabón. Fixémolo, facémolo e seguiremolo facendo.

O que ocorre, señora Pontón, é que hai distintas formas de ver as relacións co Goberno central. Vostedes teñen un paradigma, que é o Goberno catalán, e nós temos outro paradigma, que é defender os nosos intereses como o que somos, como galegos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Controlado, tempo controlado. Non se preocupe.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando vostedes tiñan representación en Madrid, ¿que facían? ¿Preguntouse algunha vez o BNG por que agora non ten nin voz nin voto nas Cortes Xerais?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con que sigan por este camiño, señoría, dáme a sensación de que lles vai pasar o mesmo neste Parlamento.

Señoría, podo equivocarme, sen dúbida...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...podo acertar ou equivocarme, pero non teño máis compromisos que con Galicia. Podo acertar ou equivocarme, pero non teño ningún interese que supere os intereses dos galegos. Podo acertar ou equivocarme, señoría, pero para min o primeiro é Galicia, Galicia e Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? Non, non, perdoe, o tempo contróloeu e sei moi ben o que vai dun lado e o que vai doutro, e nese sentido non hai ningunha dúbida. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, aí non se ve, vese aquí. Non, vostede ve alí roxo pero aquí quen ve o tempo son eu. E de aí non teña vostede ningunha dúbida, sei como controlar o tempo perfectamente. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento con dilixencia polo Goberno galego das obrigas derivadas da lexislación autonómica

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, esta é unha pregunta que nunca a oposición debiera ter oportunidade de facer nos parlamentos, porque a primeira obriga dos gobernantes —coincidiremos seguramente— é cumprir a lei, pero é que é inescusablemente. Nos últimos tempos vimos aquí que, desde a Lei de igualdade á de inclusión social, había aspectos cruciais da normativa autonómica que estaban por desenvolver, por cumprir, despois de pasados anos. É unha pauta que se repite. Aprobamos o marco e non o desenvolvemos ou desenvolvémolo parcialmente para que o resto siga igual. Esta pauta é especialmente grave —teño que dicirllo— en relación coa Lei de medios de comunicación, do ano 2011, aprobada hai xa case seis anos.

Un destacado parlamentario desta Cámara indicaba nese debate que a lei impulsaba melloras de eficiencia económica, de fomento do pluralismo e da calidade de información e de avances na gobernanza. De todas esas melloras só están desenvolvidas a aprobación do mandato marco e a elección parlamentaria do consello de administración, non do director xeral. Nin contratos programa, o que debilita a eficiencia económica e control parlamentario, nin Lei do audiovisual e Consello do Audiovisual, nin estatuto profesional e Consello dos Informa-

tivos, afectando o pluralismo, neutralidade e veracidade na información, nin elección parlamentaria por maioría cualificada do director xeral, o que debilita a gobernanza.

Están incumprindo vostedes o artigo 23, sobre a dirección xeral; o 27, sobre existencia dun consello asesor; o 33, sobre os contratos programa; o 36, sobre o estatuto profesional e o Consello dos Informativos; o 39, sobre a garantía do dereito de acceso supervisado pola autoridade audiovisual; o 48, sobre o control parlamentario, sobre o contrato programa e a súa execución anual; o 49, sobre autoridade audiovisual; a disposición transitoria cuarta, sobre o prazo para a elección do director xeral; a disposición final quinta, sobre o Proxecto de lei de autoridade audiovisual.

En fin, non fai falla que siga, seguramente, para que todos sexamos conscientes da gravidade no incumprimento dunha lei do ano 2011. Pasaron seis anos, tiveron oportunidades e chamadas de atención, varias. No ano 2013 o noso grupo presentou en pleno unha iniciativa que foi rexeitada. No ano 2014 unha iniciativa similar foi aprobada cos seus votos e exixía o inmediato cumprimento desa lei, e pasaron case tres anos desde que esa nova iniciativa foi aprobada.

Señor presidente, é grave que as leis se incumpran. É máis grave aínda cando estas son incumplidas de xeito reiterado e contumaz. Os cidadáns acaban por perder a fe no sistema político, por ser desalentados na súa confianza na democracia. Os parlamentos, que son o centro dese sistema, devalúanse, devalúannos a todos ao converter a aprobación das leis nun mero exercicio de propaganda se estas non teñen efectos concretos despois.

Esquivar á carta as leis que son pactadas, ademais, coma estas, porque nós participamos amplamente no seu deseño e votamos a favor da súa aprobación, acaba converténdose nun fenómeno que erosiona a confianza entre todos. É tempo de rectificar e de cumprir, sen escusas e sen dilacións.

¿Está disposto a cumprir a Lei de medios de comunicación, aprobada no ano 2011, señor presidente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

O señor presidente recibiu unha pregunta que se titula —leo—: se está a cumprir con dilixencia as obrigas derivadas da lexislación autonómica da Xunta de Galicia. Señor Leiceaga, se vostede quixera ter cumprida resposta das cuestións que o afectan, ¿por que non me pregunta de forma directa? Porque dicir que se cumprimos ou non cumprimos as leis, señor Leiceaga, dende logo é unha tese sobre a falta de concreción no debate parlamentario.

Señoría, nós cumprimos as leis, e cumprimos as leis porque respectamos este Parlamento. Respectamos este Parlamento porque o 80 % dos plenos deste Parlamento consisten en con-

trol ao Goberno. Respectamos este Parlamento, señoría, porque son o presidente que máis veces contestou á oposición na historia da Comunidade Autónoma. Respectamos este Parlamento porque o 25 % das leis saen das propostas parlamentarias e que posteriormente se conforman en leis.

É certo, señoría, que hai regulamentos que desenvolven as leis nos que nos gustaría ir con máis celeridade, sen dúbida, e é certo, señoría, que hai regulamentos que non se cumpren nos prazos establecidos regulamentariamente, sen dúbida. Pero de iso a dicir que, se non se cumpre un prazo regulamentario, non estamos cumprindo as leis, señor Leiceaga, permítame que non llo poida aceptar.

Señor Leiceaga, vostede sabe mellor ca min que avanzamos de xeito importante na Compañía Radiotelevisión Galega. O primeiro, señoría, cando recibín a Compañía Radiotelevisión Galega tiña máis de 1.400 traballadores e cando me fun do Goberno como vicepresidente daquel goberno non chegaba a 650. Comprenderá vostede que iso non é unha excelente xestión.

Segundo, señoría, cando cheguei ao Goberno a Compañía Radiotelevisión Galega era o terceiro canal en audiencia en España; hoxe é o primeiro. Señoría, cando cheguei ao Goberno, a Compañía Radiotelevisión Galega tiña 140 millóns de euros de presuposto; hoxe ten 90.

Señoría, creo que algunhas cousas fixemos na Compañía Radiotelevisión Galega. O primeiro que fixen no ano 2009 como presidente da Xunta é trasladarlle á oposición, ao que estaba sentado onde vostede está, tres nomes para elixir, entre os tres nomes, unha proposta de director de Radiotelevisión Galega; dos tres nomes elixiu un e eu acepteino; nunca en Galicia se fixo isto, nin cando estabamos nós no Goberno —teño que aceptalo— nin cando estaban vostedes.

Polo tanto, señoría, se me di vostede que levamos algúns atrasos na publicidade, é certo; que levamos un atraso no contrato programa, é certo; presentáremolo, señoría. Pero creo que neste momento aos directivos e sobre todo aos traballadores da Compañía Radiotelevisión Galega hai que felicitálos por dúas cousas: a primeira, por ser a canle de maior audiencia entre as autonómicas; a segunda, por facer con 90 millóns o que antes facían por 140 millóns; a terceira, por subsistir nun plantexamento de duopolio publicitario, e con máis de cincuenta canais en aberto —que na lexislatura anterior non os había—, por subsistir, por manter a Compañía Radiotelevisión Galega, por facer un compromiso permanente e diario 24 horas de lingua galega na radio e na televisión, e nada máis e nada menos, señoría, por dicirlles a todos en España que a TV3, con oito canais, ten menos audiencia que a Televisión Galega, con dous canais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, as palabras que antes citei sobre os efectos benéficos da lei eran do portavoz parlamentario do PP na altura, que é o mesmo que hoxe. *(Aplausos.)* Por iso a min me parecía tan importante que a lei se cumprira, porque eu coincido que eses

son os efectos que debe ter a lexislación. Pero, claro, non pode ter eses efectos se a lexislación non se pon en marcha, que é o que está ocorrendo.

As dificultades, ademais —eu estou seguro—, están no ámbito do Goberno, que non quere perder os instrumentos de control político da información que ten hoxe nin aumentar o grao de autonomía dos profesionais que realizan a información. Fíxense como están as cousas que o comité de empresa vén de asumir as funcións contra a manipulación informativa que a lei di que lle corresponderían ao Consello de Informativos, e, se necesita o protocolo, pois fágollo chegar despois desta sesión.

Señor presidente, entendo perfectamente a diferenza entre incumprir a lei e conculcala penalmente. Non equiparo a súa actuación á de Matas, Camps, Pedro Antonio Sánchez ou Ignacio González; non se trata diso. Pero vostede, que nos anunciou que esta era a súa última lexislatura, ten oportunidade de facer as cousas correctamente, e facer as cousas correctamente significa cumprir integramente as leis, e en concreto esta, que forma parte tamén do noso marco de xogo e garante unha competencia leal entre as posicións políticas. Non creo que lle deba parecer un exceso que exixamos que se cumpra integramente unha lei seis anos despois de aprobala cos nosos votos, en vez de optar por un cumprimento á carta.

Sabe que sempre me gusta facer propostas. Non temos en principio unha convocatoria electoral por diante ata 2019. Eu creo que debiamos sacar deste Parlamento un compromiso de que á entrada de 2018 teñamos cumprida integramente esta Lei de medios de comunicación. Temos uns meses para impulsar o estatuto profesional e afortalar a calidade e a profesionalidade e independencia dos contidos informativos —dío a propia lei—; crear o Consello de Informativos, como órgano interno de participación dos profesionais —dío a propia lei—; elixir o director xeral por ampla maioría, cun mandato inicial ata 2020, para facelo coincidir co do consello de administración; impulsar o primeiro contrato programa, ou, se isto ten problemas, un mecanismo similar transitorio ata finais de 2018, informando o Parlamento de Galicia, como di o mandato marco, e rendendo contas ao mesmo, como di a propia lei; que o Goberno rexistre na Cámara un Proxecto de lei de autoridade audiovisual, como manda a lei de 2011. Este debería ser o compromiso que adoptemos entre todos.

Diga que si e poñámonos a traballar enseguida, incorporando a todos aqueles que o desexen. Está na súa man. Xa lle digo que, doutro xeito, nós impulsaremos as iniciativas parlamentarias que están previstas no Regulamento para facer que esa lei se cumpra. Está na súa man que o fagamos dun xeito ou doutro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, vostede sabe que fixemos a maior transformación da Compañía Radiotelevisión Galega dende que estamos no Goberno —había tres entes na compañía, agora hai un—, a maior transformación na historia da organización da Compañía Radiotelevisión Galega.

En segundo lugar, vostede sabe que estamos dixitalizando a compañía, con presuposto corrente, con cargo aos 90 millóns de euros, e antes —e insisto—, cando vostedes estaban, había 140 millóns de euros.

Señoría, sabe vostede que hai unha serie de plantexamentos, a autoridade do audiovisual, por exemplo. Iso plantexouno en primeiro lugar Cataluña, propúxoo Cataluña. Señoría, ¿sabe vostede, neste momento, o debate que ten o Partido Socialista de Cataluña coa TV3 e as formas informativas da TV3? Mire, señor Leiceaga, nós somos un grupo leal, leal cos nosos compromisos, leal cos nosos acordos e leal co Partido Socialista, aínda que vostedes non teñan as mesmas lealdades nos seus bancos.

Hoxe, o Consello da Compañía presídeo unha conselleira a proposta do Partido Socialista, que nós votamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e vostedes non —non, perdón—, que vostedes non votaron, algúns deputados e deputadas, e que grazas aos votos do PP forma parte do Consello de Administración da Compañía e o preside. Mire se somos leais... (*Aplausos.*), señor Leiceaga, mire se somos leais co Partido Socialista.

Señor Leiceaga, ás veces ten vostede máis lealdade nesta bancada que nas súas propias filas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Aínda non nos aclararon os deputados e deputadas do Partido Socialista por que non votaron a proposta do periodista que forma parte do Consello de Administración; din que algúns de Lugo non estaban; xa sei que os de Lugo a querían poñer, o que pasa é que os de Pontevedra non a querían poñer. E así, señoría, vostede fáleme agora de obxectividade na Compañía Radiotelevisión Galega, cando non teñen nin obxectividade nas súas filas. (*Aplausos.*) Señor Leiceaga, un pouco de respecto polos plantexamentos, señor Leiceaga.

Mire, señoría, o Consello de Administración novo da Compañía ten como obxectivo aprobar as normas de publicidade, e, unha vez que aprobe as normas de publicidade, corresponde-ranos, unha vez que o Consello as aprobe, a nós tomar nota e proseguir ata a súa aprobación definitiva.

Señor Leiceaga, eu non quero traer tempos anteriores, pero falar de deslealdade informativa na TVG, mire, a maioría dos galegos se informan —¡por favor!—, pero é que hai deputadas novas que non se acordan do que pasaba aquí. (*Risos.*) Señoría, ¿non se acordan do que pasou aquí durante o Bipartito, as acusacións entre o BNG e o PSOE dentro da Compañía? O BNG era o que levaba os informativos e o PSOE era o que levaba programas, iso ao principio, despois mudou, e resulta que os informativos os levaba o PSOE e os programas o BNG. Se a min, cando ía á TVG, mo dicían, pero non mo dicían os nosos, senón que mo dicían os vós, señoría. (*Risos.*) Eran sorprendentes os líos que tiñan vostedes entre os tertulianos dun e os doutro. Como o señor Quintana se queixou formalmente neste Parlamento da cobertura da TVG ao lado do presidente da Xunta. Pero, señor Leiceaga, ¿de verdade que cre vostede que nos pode dar leccións sobre obxectividade informativa? Señor Leiceaga, desenvolvamos as leis, sigamos pactando, pero, por favor, sobre a obxectividade informativa na Compañía Radiotelevisión Galega, vostedes non soamente non poden reclamar, senón que ten que pedir desculpas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do emprego e do mercado laboral de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Feijóo, a nosa pregunta é clara e está ben especificada tamén na orde do día. Queremos preguntarlle, ás portas do 1º de Maio, pola evolución do emprego en Galicia desde que vostede goberna, desde 2009 ata 2016. Ás portas do 1º de Maio é un bo momento para facer unha reflexión sobre toda a política de emprego ou, no seu caso, de desemprego para Galicia, como agora amosaremos. Aí vai quedar acreditada a súa condición de bo xestor.

En primeiro lugar, temos a peor taxa de evolución do emprego de todo o Estado español desde o ano 2009. Temos 103.000 ocupados menos desde que vostede goberna e 38.000 parados máis. A evolución é terrible: 9 % de menos emprego, fronte ao 3,4 % do conxunto do Estado. Algunha explicación debería de dar o presidente da Xunta sobre esta evolución da perda de emprego.

En segundo lugar, de precariedade. Desde 2013, cando, segundo vostede, se acaba a crise económica ou empeza a rematar a crise económica, o emprego creado é un 95 % temporal, fronte a un 5 % de indefinido. Polo tanto, a precariedade é a única saída laboral que se ofrece á xente traballadora do noso país. Isto sitúa a Galicia nun 27 % de taxa de precariedade neste momento, fronte ao 22 % que había hai apenas catro anos, o dobre, por certo, que na media do Estado.

En terceiro lugar, por sectores, o sector primario, durante os anos do seu mandato, dos seus mandatos, sufriu unha perda de 20.000 postos de traballo, o que supón o 20 % da poboación activa neste sector; o 20 % e 20.000 postos de traballo.

No sector industrial, a perda foi do 17 % de postos de traballo, chegando en números absolutos ás 35.000 persoas, o dobre que na media do Estado.

¿Cal é a súa política industrial para Galicia? ¿Cales son os seus plans de desenvolvemento industrial? A súa política industrial é única e exclusivamente devolver os favores a Villar Mir, a ese que está xa oficialmente acusado de financiar ilegalmente o Partido Popular. Por iso a nós nos inqueda e nos inqueda desde o primeiro momento cal era a posición que tiña o Partido Popular na Cámara e na Xunta de Galicia con relación a Ferroatlántica. Era inexplicable a calculada ambigüidade e as evasivas do Goberno da Xunta e do Partido Popular nesta Cámara con relación a Ferroatlántica, e agora sabemos por que: porque tiña que financiar o Partido Popular e tiñan vostedes que devolver eses favores.

Vostede é dirixente estatal do Partido Popular, que é o partido que está acusado de estar financiado ilegalmente por Villar Mir. Resulta que Villar Mir a quen financia é ao Partido Popular, a ningún outro partido e a ningún sindicato, ao Partido Popular, e, polo tanto, vostedes teñen que pagar o favor dalgunha maneira.

As traballadoras e os traballadores das empresas de Cee e de Dumbría posicionáronse, e os seus comités de empresa, unánimemente, en contra do acordo e en contra de todas as pretensións da empresa que a Xunta quere autorizar, unánimemente. E vostedes, sobre quen teñen competencia, sobre onde teñen dominio, é sobre a vinculación das concesións hidroeléctricas do Xallas con relación a Cee e a Dumbría.

Polo tanto, non escape para xustificar a súa posición de Ferroatlántica a convenios asinados fóra das dúas centrais, porque os traballadores e as traballadoras e onde está o seu ámbito de competencia, que é a vinculación entre a produción da ferroaleación nesas dúas fábricas, está vinculada ás dúas centrais, que é onde vostede ten competencia.

Polo tanto, ten capacidade para garantir a supervivencia do emprego de máis de cincocentas persoas na Costa da Morte, ou pode condenalos ao paro para devolver os favores. Debería avergonzarse, pedir desculpas nesta Cámara e defender os postos de traballo das traballadoras e dos traballadores da Costa da Morte.

Pero é que, ademais disto, a nivel de desemprego, hai 38.000 desempregados máis, cunha poboación activa de 65.000 persoas menos, a segunda peor evolución de todo o Estado.

E, finalmente, en relación coa sinistralidade laboral, con resultado de morte —e hoxe temos aínda unha cifra terrible enriba da mesa de dous novos mariñeiros mortos—, morre en Galicia un traballador cada semana, 58 mortos nos últimos datos oficiais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de 2015 —remato—, 7,41 %, o dobre que a media estatal.

¿Pode facer vostede unha valoración desta evolución, por favor? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como vostedes saben, o señor Villares é moi dado ultimamente a pedir amparo. Pide amparo porque di que cando pregunta unha cousa o presidente lle responde con evasivas. Señor Villares, incluso a semana pasada, hai quince días xa, dicía que é unha senvergonería sen parangón desviarse do tema. Como queda claro, o señor Villares non se desvía do tema. *(Murmurios.)*

Señor Villares, quizais resulta que vai ter que pedir amparo a si mesmo, para concretar o que vostede queira. ¿De que quere falar, señor Villares? ¿Do emprego? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Moi ben, señor Villares, é que crin que quería falar da corrupción, de Ferroatlántica. Non sei de que quere vostede falar. Eu falo do que vostede queira, señor Villares; nada que ocultar..., (*O señor Villares Naveira palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Villares.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... nada que ocultar e todo para responder.

Señor Villares, mire, se me pregunta vostede sobre a evolución do emprego en Galicia, díreille que non pode ser positiva: temos unha taxa de desemprego do 16 %; non é positivo. Se vostede me di: ¿e como encontrou Galicia cando chegou á presidencia? Pois encontrei Galicia destruíndo 50.000 postos de traballo no último ano, cando gobernaban outros partidos, e atopei Galicia, por exemplo, no ano 2014, xa na miña segunda lexislatura, cunha taxa do 23 % de paro, e, dende logo, o que atopo neste momento é que é unha taxa inferior á media de España; e, por exemplo, en Extremadura é unha taxa do 28 %, en Andalucía do 38 %, en Canarias do 25 %, en Castela-A Mancha do 22 %, etc.

Pero mire, señoría, ¿sabe vostede por que temos menos poboación activa? Supoño que o saberá. Menores de 35 anos hoxe hai 145.000 ocupados menos; en maiores de 35 temos 42.000 ocupados máis. ¿Que é o que ocorre, señoría? ¿Vostede cre que o declive demográfico non ten nada que ver en que haxa máis de 130.000 persoas menores de 35 anos ocupados menos e, non obstante, que sexamos capaces de ocupar os de máis idade?

Señor Villares, deberían de pasarlle os datos completos; como soe ser habitual, non llos pasan; non llos pasan, señorías. Por exemplo, segundo a EPA, non debería vostede de discutir que no último trimestre da lexislatura, cando cheguei a presidente, se destruíran, no último trimestre do ano anterior, 58.000 postos de traballo e agora estamos creando 18.000 —datos EPA—.

Debería vostede de dicirlles aos galegos que en materia de ocupación, cando cheguei ao Goberno, se destruíran 50.000 postos de traballo e agora se están creando 17.100 en ocupación.

Deberían vostedes de non lles ocultar aos galegos que agora hai menos paro que cando os galegos me elixiron presidente no ano 2012. Incluso agora hai menos paro que cando os galegos me elixiron presidente no ano 2009. Só hai cinco comunidades autónomas con menos paro rexistrado hoxe que no ano 2009; unha delas, Galicia.

Si, señoría, xa sei que vostede me ensina os cadros que lle fan, pero eu ensínolle os cadros completos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, corenta e un meses consecutivos, corenta e un meses consecutivos de baixada do paro. Hoxe temos 21.700...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...parados menos que hai un ano. Xa sei que a vostedes lles dá a risa; como normalmente non lles preocupa como vai o país, non me estraña que lles dea a risa. (*Murmurios.*)

Mire, señoría, cando chegamos, destruíanse 47.000 afiliacións á Seguridade Social e agora hai 18.000 máis.

Señoría, se vostede me di se estou satisfeito coa evolución do desemprego en Galicia, a resposta é «non»; se vostede me di que estamos mellor que cando tomei posesión, a resposta é «si»; e a tendencia, sen dúbida. E non deben mesturar vostedes poboación ocupada sabendo o problema demográfico que temos, porque iso é, simplemente, faltar á realidade.

Señor Villares, ¿imos seguir traballando? A resposta é que si. Non ocultamos os plantexamentos que temos como Goberno. Queremos que no ano 2020 haxa entre 80.000 e 100.000 empregos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis, que a taxa de paro estea ao redor do 10 % e que haxa máis de 50.000 contratos indefinidos.

Sobre a precariedade e outros asuntos contestareille na réplica.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: A ver, señor Feijóo, a ver. Os datos da EPA, sacados da EPA, de evolución do desemprego, de evolución do emprego e de evolución de poboación activa, aquí están, tenos todos. ¿Quere que llos pasemos por correo electrónico? Pasámosllos, non hai ningún problema.

¿Preocupación polo emprego? No Partido Popular vemos pouca. Vemos moi pouca, porque deben estar satisfeitos xa co que acadaron con este resultado de ser os peores na evolución do emprego de todo o Estado, os segundos peores no desemprego, na perda de poboación activa. Deben estar supercontentos e supersatisfeitos con esa evolución.

E deben estalo —e este libro tamén supoño que non o fixo En Marea, aínda que sexa azul e branco— porque, en relación co que vostedes orzaron de políticas activas de emprego para o ano pasado, está sen executar unha chea de cousas. Mire, programa 322C, promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo, 51 millóns de euros programados, sen executar 6 millóns de euros, a 31 de decembro. Mellora de fomento da empregabilidade, orzados 86 millóns, sen gastar 33 millóns de euros. Formación profesional

a desempregados, 76 millóns de euros, sen executar 21 millóns de euros. ¿Que pasa? ¿Xa está a xente o suficientemente formada, xa está a poboación o suficientemente ocupada que non hai que gastar o diñeiro? Datos de execución da propia Xunta de Galicia.

¿Que vai facer con ese sobrante? ¿Que vai facer: iluminar o Gaiás, como fixo co tícket da pobreza enerxética? ¿Poñer bombillas? ¿Si? ¿Vai poñer bombillas? Porque, desde logo, as luces en materia de emprego parece que non lles faltan, jeh! Non podemos aceptar esta situación, non podemos aceptala. Tal vez están aforrando cartos, iso si, igual están aforrando cartos para pagarlle a fianza a Ignacio González.

Vén aquí falar doutras comunidades autónomas. Pois, efectivamente, as comunidades autónomas —como vostede di— están relacionadas porque hai un único partido de carácter estatal que ten unha única dirección de carácter estatal, que ten un dirixente de carácter estatal, que está sentado aí, e que ten un partido acusado de recibir financiamento ilegal por parte de Villar Mir. Por iso lle facemos referencia á cuestión concreta, e dicímoslle, en relación coa situación concreta, que se pronuncie.

E isto ten que ver coa evolución do emprego, porque perdemos 35.000 empregos de carácter industrial e non queremos perder 500 máis. E a maneira de garantir a viabilidade deses 500 postos de traballo é que se faga cumprir a concesión administrativa tal e como estaba, tal e como demandan unanimemente as traballadoras e os traballadores das dúas centrais de ferroalixas que están vinculadas ás centrais hidroeléctricas das que vostede ten competencia para autorizar ou non autorizar a segregación. Polo tanto, pronúnciese a favor dunha mellora da evolución do emprego e de non seguir destruindo postos de traballo. Creo que a cidadanía de Galicia ben o merece.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche do señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señor Villares, os datos da EPA téñoos, pero léooos todos, os positivos e os negativos; vostede non. Vostede, que é un demócrata convencido, cando imputan a alguén e din algunha cousa que non lle gusta, pide o cesamento. A señora valedora do pobo ¿como ousa dicir algo a un alcalde de En Marea?!, ¡ten que marchar! *(Murmurios.)* Eu, como son un demócrata de verdade, cando un xuíz imputa a alguén, que o siga imputando e que o siga investigando. Esa é unha gran diferenza, señoría. Imaxine que un xuíz impute a alguén de En Marea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Supoño, señoría, que ese xuíz non está actuando correctamente. ¿Aínda non pediu vostede o cesamento de calquera que ouse facer algunha crítica a algún dirixente de En Marea? Con independencia, señoría, de que di vostede que eu son membro dun partido. E vostede, exactamente, ¿de que é membro, señor Villares? *(Risos.)* Dígoo para orientarnos.

¿Vostede é membro dun partido que non quere que sexa o portavoz do mesmo? Señor Villares, a lexitimidade hai que gañala tamén dentro do partido democrático e non facer as cousas que fixo vostede para conseguir o que conseguiu. *(Aplausos.)*

Mire, señor Villares, imos seguir traballando e imos seguir falando de emprego. EPA, ocupados: no ano 2008-2009, 49.000 ocupados menos; última EPA, 17.000 ocupados máis. EPA, parados: último ano do Goberno bipartito, 58.000 parados máis; último ano deste goberno, 18.500 parados menos. Iso é o que lles podemos ofrecer aos galegos, señoría.

Se quere vostede impactar o declive demográfico e por que temos menos rapaces e, en consecuencia, menos poboación activa de menores de 35, fale vostede de demografía e non faga simplemente demagogia nesta Cámara.

Mire, fala vostede tamén de precariedade. Entre o ano 2005 e o ano 2008 os contratos indefinidos na comunidade autónoma están entre o 65 % e o 69 %; hoxe superan o 75 %. ¿Por que non lle pasan os datos, señor Villares? ¿Non ve que aquí hai que vir co tema aprendido? Non cunha parte do tema, señor Villares, porque, se non, suspéndeno.

Señor Villares, exactamente ¿que é o que temos que copiar? Mañá imos aprobar un novo paquete para os menores de 30 anos, un novo paquete que consiste en formar e un paquete que consiste en subvencionar o seu salario nas empresas —estea vostede atento a esta proposta—. En formación, máis de 5.000 euros por persoa —a formación é a que nos piden as empresas que o van contratar—; e, posteriormente, unha subvención de 5.000 euros a esa empresa por contratar un rapaz previamente formado. *(Aplausos.)*

Señor Villares, eu, como é lóxico, para preparar... Porque lle teño moito respecto a esta Cámara, porque son presidente, porque son deputado e porque me custou moito ser deputado, señoría. A min non me elixiron dun día para outro. *(Murmurios.)* Non, non, non me elixiron dun día para outro, señoría. *(Murmurios.)* A min elixíronme nun congreso democrático do meu partido. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Pois, ben, dicía, señor Villares... *(Proseguen os aplausos.)* Non me estraña que se ría o de Anova do que estou dicindo, señor Villares, *(Risos.)* ¡Non me estraña! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Pero déixenos un anaco para responder ás súas preguntas.

Eu, como é lóxico, repaso as políticas laborais da súa coalición. ¿E se lles fixeramos caso? ¿E se lles fixeramos caso e non aprobamos a lei exprés para favorecer os investimentos de PSA, Peugeot-Citroën, en Vigo? ¿E se lles fixeramos caso e propuxeramos a redución drástica do gasto militar e, en consecuencia, non tiveramos ningún barco da Mariña española en Navantia? ¿E se lles fixeramos caso, señoría, e estiveramos en contra do polo tecnolóxico das Rozas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por ser unha base da OTAN? *(Murmurios.)* ¿E se lles fixeramos caso, señoría, e pechásemos Reganosa, e pechásemos ENCE, e pechásemos a central térmica de Sabón e a central térmica de Meirama? ¿Sabe o que supón iso? 15.000 parados máis. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, se as súas políticas laborais son pechar as empresas galegas, evidentemente que non estamos de acordo. A nosa política laboral é crear emprego e cumprir a lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Retomamos a orde do día no punto 4, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños. *(Murmurios.)*

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Vou esperar un pouco, señor presidente, se mo permite, que non quero molestar a xente que marcha tomar café.

O señor PRESIDENTE: Case é procedente. *(Risos.) (Aplausos.)*

Non, non, non, imos esperar a que haxa un pouco máis de silencio na Cámara, se é posible. *(Murmurios.)*

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu non teño présa.

O señor PRESIDENTE: Non hai problema, o tempo está sen correr. Tranquilidade total. *(Risos.)*

Pode empezar xa, señora Presas. Cando queira.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, bo día a todos e a todas.

Con esta proposición non de lei o Bloque Nacionalista Galego volve traer a esta Cámara un asunto que nos trae realmente dous sentimentos fortes e encontrados. Dunha banda, o sentimento de orgullo ao ver que catro anos despois —hoxe, 26 de abril de 2017— á porta deste Parlamento, dentro dun rato, virá unha concentración de emigrantes retornados e retornadas que van iniciar en poucos minutos unha mobilización para reclamar algo polo que veñen loitando moitos anos: xustiza e dignidade. Eles son para o Bloque Nacionalista Galego todo un exemplo de dignidade. E desde aquí queremos enviarlles todo o noso recoñecemento. *(Aplausos.)* Doutra banda, non podemos ocultar tamén un certo sentimento de decepción, porque catro anos despois de que moitas persoas —como hoxe estas que nos acompañarán

á porta— iniciaran unha fonda loita, as diferentes administracións non foron quen de habilitar unha solución para todas elas. E iso é decepcionante por forza para todas as persoas que cremos na democracia. De todos modos, que ninguén se altere, que non imos facer como o señor González. Non imos dicir que a única solución para isto é darlle dous tiros a ninguén, porque somos pacifistas no BNG.

Entón queríamos reflexionar sobre que, aínda que sexamos moitos e moitas os deputados e deputadas que non estivemos aquí na anterior lexislatura, os que si estiveron, e o *Diario de Sesións* e as hemerotecas, coñecen en profundidade as moitas veces que se falou en balde nesta Cámara deste asunto. Catro anos despois son moitos e moitas os que, como digo, continúan na rúa porque daquela non se acadou unha solución xusta, universal e baixo criterios homoxéneos. A todos e todas eles este grupo parlamentario quere, antes de nada, darlles as grazas, agradecer o esforzo —non sempre recoñecido— que empregaron durante anos para sacar a adiante non só as súas —as nosas— familias senón un país enteiro. Pois é de recibo recoñecer o papel fundamental que tiveron tanto na reactivación económica desta nación como na modernización do país en moitos aspectos, desde o económico ao cultural; un papel que moitas veces non soubemos recoñecer e valorar, especialmente —e sendo autocrítica— as xeracións máis novas.

Queremos darlles as grazas aos emigrantes deste país porque foron e seguen a ser tamén unha peza chave na cohesión social do noso país. Tamén hoxe, pois foron e son eles e elas quen nun contexto de adversidade económica, nun contexto onde moitos fogares o pasaron e o pasan moi mal, quen impediron co seu colchón económico, coas súas pensións xustamente gañadas, que as consecuencias foran máis dramáticas a pé de rúa.

Queremos darlles as grazas tamén porque demostraron algo que non é baladí en tempo de descrédito arredor da xustiza. Demostraron que para conseguila é fundamental dar a coñecer os problemas, é fundamental axudar a outras persoas na mesma situación, como fixeron eles a través das súas asociacións, e é fundamental tamén mobilizarse; e que iso, a consecución, a esperanza e a loita pola xustiza, independentemente do tempo que leve, non entende de idade senón de vontade. Do seu inconformismo tamén temos moito que aprender colectivamente.

Queremos facer un pouco de memoria, aproveitando a presentación desta iniciativa. Xa desde comezos do 2013 foron nacemento no noso país —como digo— numerosas plataformas comarcais co obxectivo de reivindicar a xustiza para as súas pensións e preservar os dereitos de milleiros de persoas que despois de traballar durante moitísimos anos fóra de Galiza vían perigar dous dereitos elementais: o dereito a un tratamento fiscal igualitario e o dereito a vivir con seguridade a súa etapa de xubilación desfrutando desas pensións que con duro esforzo conseguiran tras anos de traballo nos países de acollida, onde cumpriron coa lei e onde cumpriron coas cargas impositivas que eles estipulaban.

Nós entendemos que é xusto valorar que tamén ese esforzo mobilizador ao que eu me referín trouxo cambios normativos, cambios que se foron implementando pero que son, a toda luz, insuficientes, xa que as persoas afectadas non recuperaron os seus dereitos de forma global. Por iso traemos esta iniciativa a debate neste 26 de abril de 2017.

A cerna da inxustiza de toda a cuestión radica en considerar esa pensión do estranxeiro como dun segundo pagador, cando no Estado español no feito de cobrar dúas pensións —como poderían ser a viuvez e a de xubilación— considérase que hai un só pagador, esa Seguridade Social do Estado. E, neste sentido, cómpre incidir en dúas cuestións: en que, por riba dos matices, en primeiro lugar, as persoas que non tributarán non o facían porque estaban exentas no país de orixe ou porque xa o fixeran; e, en segundo lugar, en que entendemos que aplicar unha dobre fiscalidade en función do lugar de orixe da pensión é a cerna da inxustiza. Non se trataba, con esas mudanzas legais que conduciron a esta situación, de regularizar nada senón de implementar toda unha operación recadadora, e de recadar, recadar e que estas pensións contribuíran a financiar a saca en tempos de recortes ¿non?

Mais estas persoas, afortunadamente, non se resignaron, non se conformaron, e foron mobilizándose, asociándose e acudindo tamén á xustiza. De modo que se obrigou, pola vía dos feitos, a que se implementaran estes cambios, como foi a disposición adicional da Lei 26/2014, que introduciu unha modificación mediante a que, de forma implícita, o propio Goberno central viña a recoñecer que pola Axencia Tributaria todas estas persoas foran inxustamente tratadas como absolutos delincuentes e estableceu unha serie de medidas correctoras, como foi o período de regularización e demais. Pero a todas luces seguen sen supoñer unha regulación que dea un marco claro e xusto para a tributación de todos estes emigrantes retornados e retornadas, e vou poñer algún exemplo.

Unha das moitas dificultades que estes colectivos continúan a denunciar é que non se teñen en conta factores fundamentais, como o contido dos diferentes tratados bilaterais, e que non se establecen mecanismos para algo, por exemplo, moi sangrante, como o tratamento xusto das pensións de invalidez, entre outras consideracións. E teño aquí comigo un exemplo dun caso real, un caso da Suíza, onde este país —a ver se me explico sen enlearme moito— non fai unha distinción, como a lexislación española, entre unha pensión de invalidez permanente absoluta e unha pensión de invalidez non permanente e non absoluta, como se fai no Estado español. Polo tanto, o que hai neste caso en concreto e recolle a propia sentenza é que esa lexislación suíza non fai a distinción española entre estes dous tipos de invalidez, do que se deriva que, polo tanto, esta persoa en concreto non podía obter do Goberno suízo unha certificación coa terminoloxía do Estado español. Porén, analizada a documentación que el achega, vese claramente que está incapacitado —recoñecido polas autoridades suízas— para desenvolver ese traballo polo que cobra unha pensión de invalidez e calquera outro por cuestións físicas, que ademais poderían ser peritadas sen ningún tipo de problema tamén neste Estado.

Este é un caso concreto dunha persoa que tivo que acudir aos tribunais e que tivo que sufrir unhas circunstancias persoais particulares por unha mera cuestión de burocracia e de terminoloxía legal. Nós entendemos que isto non é de recibo. Cada afectado pode acudir, evidentemente, de forma individual aos tribunais, pero sabemos da complexidade disto. Recentemente temos debatido —vou poñer un exemplo— arredor das cláusulas chan. Independentemente das diferentes visións políticas do asunto, todos coincidíamos en que acudir aos tribunais era *per se* unha complicación, e máis aínda nun público de alta idade que moitas veces ten impedimentos para o desprazamento pola dispersión poboacional do noso país e que, ademais, con toda a cuestión de taxas xudiciais e demais, pois é lóxico certo medo, desde o descoñecemento do sistema xudicial, a enfrontarse a ese gran cabalo de Troia.

Nós o que pretendemos é evitar todo isto. Dado que se trata dun problema colectivo, nós entendemos que a solución debe ser tamén colectiva. Citando tamén un señor que está de moda esta semana, o señor Catalá, ministro de Xustiza, xa que isto vai de xustiza, pois un desiderátum —común na enunciación, aínda que diferente no fondo—: que se acaben pronto os líos, que se acaben pronto os líos para todas esas persoas que no momento en que deberían estar desfrutando da vida, desfrutando da relaxación, desfrutando da familia, teñen que estar mobilizándose polas rúas de Santiago de Compostela e teñen que estar buscando avogados e avogadas e demais. Pois concretamente o que se está a reclamar é algo ben sinxelo, é unha modificación fiscal da Lei 35/2006, reguladora do imposto sobre as persoas físicas, para adecuala a un trato xusto das súas pensións, e tamén outras cuestións que precisan de modificacións legais de menor calado. Máis aínda tendo en conta —e quero insistir moito nisto ao final do meu tempo— que o que non se pode pretender é que cada afectado ou afectada vaia aos tribunais cando sistematicamente todos os tribunais están dando a razón a estas persoas afectadas e condenando a Axencia Tributaria española, como referín nesa sentenza e como noutras moitas máis das plataformas de afectados, que non están a recibir nin unha soa en contra.

Polo tanto, entendemos que esta cuestión é de xustiza e que deberá recadar o voto favorable de todas as forzas aquí presentes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Tamén o Grupo Parlamentario Socialista manifestamos a nosa solidariedade con todos os emigrantes retornados que se están a manifestar hoxe en Santiago, e que acabarán a súa manifestación diante do Parlamento.

O Grupo Parlamentario Socialista xa ten abordado este tema nos anos 2013, 2014, 2015 e principios de 2016, e tamén se ten presentado no Congreso dos Deputados, no Senado e mesmo no Parlamento Europeo. Máis recentemente, o 3 de marzo, foi debatida unha PNL na Comisión 3ª deste Parlamento galego na que o partido maioritario, o Partido Popular, impediu que se tratara con dignidade os nosos emigrantes retornados, exercendo a súa maioría parlamentaria para rexeitar a proposición non de lei proposta polo Grupo Socialista, aplicando, unha vez máis, o seu rodillo. Resulta, se cabe, aínda máis indignante porque o 2 de outubro de 2013 o Parlamento Galego aprobou por unanimidade un texto similar ao que nós pedimos e neste sentido. Pero, coma sempre, unha e outra vez, o proceder do Partido Popular é aprobar no papel para despois non facer, facer que fai sen facer nada, todo cara á galería.

Así, ante o incumprimento por parte do Goberno das demandas feitas e aprobadas neste Parlamento, o Grupo Popular non colaborou para aprobar ningunha das outras iniciativas

que aquí se teñen presentado, e nas que pedimos simplemente deixar de tratar os emigrantes retornados coma defraudadores, poñer á súa disposición a colaboración necesaria para que poidan regular a súa situación e igualalos no trato fiscal ao resto dos pensionistas españois.

Non podemos esquecer, señores do Partido Popular, que Galicia é un país de emigrantes, emigrantes que tiveron que marchar para buscar un futuro que no seu país non tiñan. Era un país empobrecido e que viña de padecer unha fratricida guerra civil. Os nosos emigrantes retornados son persoas maiores, na maioría dos casos con escasos coñecementos fiscais, e que se preocuparon por aclarar a súa situación ante a Administración posto que acudiron ás axencias tributarias. Nas axencias tributarias informáronos de que non era necesario incluír estas prestacións, incluso deixando á vontade da persoa que as incluían ou non nas súas declaracións de renda. Polo tanto, é bastante difícil de entender o prexuízo que se lles está a provocar para regularizar os anos non prescritos, posto que neles nunca houbo intención de defraudar.

Se fago un relatorio dos acontecementos, sabedes que no ano 2013 o ministro daquel momento —que segue sendo o mesmo— o que necesitaba era buscar cartos de onde fora. E non se lle ocorreu nada mellor que mandar directamente unha carta a todos os emigrantes retornados que tiñan controlados e que tiñan unha pensión do estranxeiro, na que os informaban da apertura dun expediente relacionado con esas pensións que percibían do estranxeiro e na que, por outra banda, lles reclamaban información e lles notificaban unha posible sanción de non declarar no seu día a renda percibida, chegando incluso a notificárllelo a familiares de emigrantes falecidos.

Nun primeiro momento, o Ministerio de Facenda ignorounos, negouse a buscar un acordo, a anular as sancións e non concedeu un prazo para actualizar as súas declaracións. Pero o esforzo reivindicativo dos numerosos colectivos fixo que a Administración tivera que corrixir a súa forma de proceder, anulando as sancións e deixando de aplicar os intereses de demora. Pero o tema agrávase aínda máis, posto que nas pensións dos retornados de Alemaña tamén se estaba exixindo que se tributaran, non recoñecendo as sentenzas xudiciais que dan a razón a eses emigrantes retornados que perciben pensións do dito país, polas que xa se tributou nese país. Polo tanto, pode supoñer un claro caso de dobre tributación.

Por outra banda, están aquelas persoas que non teñen recoñecidas en España as súas incapacidades, o que as prexudica gravemente porque non poden aplicar as exencións que un pensionista español —galego, neste caso— si que tería. E teñen que facer un requisito de recoñecemento que nalgúns casos é engorroso e lento.

Temos un goberno do Partido Popular que busca defraudadores onde non os hai e, pola contra, permite a fraude, así como amnistías fiscais, para favorecer os que máis teñen, os verdadeiros defraudadores, dos que un número moi importante son compañeiros do seu partido. Teñan vergoña e diferencien, axuden os que axudaron co seu traballo a levantar este país. Non piden ser eximidos de tributación, pero si piden que non os traten como defraudadores. E actúen inmediatamente con toda contundencia contra os que teñen esquilado os recursos que son de todos e de todas, recursos públicos.

Miren, nunha entrevista que aparece o 1 de decembro de 2016, o presidente de Gestha, que é o sindicato de técnicos de Hacienda, Carlos Cruzado, di: «*Hacienda persigue a emigrantes y no pone el mínimo esfuerzo en las grandes bolsas de fraude. La Agencia Tributaria tiene que reorganizarse para poder luchar de una manera más efectiva contra el fraude fiscal y dejar de azuzar a los emigrantes retornados para combatir las grandes bolsas opacas.*»

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Como sabemos, ultimamente varios colectivos de emigrantes retornados volveron recibir estas cartas, nas que lles avisaban dunha sanción polos exercicios non prescritos. E, por último, o 22 de marzo de 2017, a Comisión de Peticións da Eurocámara, en Bruxelas, acordou manter aberta a petición da plataforma, enviar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...cartas aos gobernos, para que busquen unha solución e estudar a harmonización da lexislación sobre a definición do concepto de invalidez dende o punto de vista do dereito impositivo.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nós imos votar a favor e entendemos que o Partido Popular debería reconsiderar a postura que mantivo na Comisión 3ª.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero comezar a miña intervención tamén sumándome ás condolencias e enviando moito ánimo ás familias dos tres mariñeiros falecidos do *Novo Marcos*, porque, aínda que hai situacións nas que sempre lamentamos este tipo de falecementos de traballadores, hai algunhas que se viven, en certo modo, en primeira persoa.

Como ben indicaron os compañeiros de aquí, da oposición, anteriormente, a situación de incerteza na que viven os emigrantes retornados non é unha situación nova. O colectivo de afectados leva manifestándose dende hai catro anos ante unha inxustiza que lles impide poder desfrutar con tranquilidade da súa xubilación. A persecución á que foron sometidos os nosos maiores por parte de Facenda representa unha inxustiza absolutamente inaceptable.

Sabedores desta situación, o Goberno central impulsou a disposición adicional primeira da Lei 26/2014, na que se aceptaba que a Axencia Tributaria se excedía de forma abusiva na interpretación das normas. Pero esta reforma xeraba máis sombras que luces, e parece que

esta era unha iniciativa máis ben destinada á prensa, á propaganda —como estamos acostumados—, para aparentar que se traballa máis que para resolver os problemas realmente dun xeito efectivo e real.

Os grandes baleiros legais que deixaba tras de si non axudaban nin axudan a resolver ou clarificar esta difícil situación para estas persoas que levan toda a vida traballando fóra, xa que na normativa aprobada hai tres anos, por exemplo, non se teñen en conta os convenios bilaterais firmados con outros países. Esta indefinición legal ten consecuencias directas sobre o colectivo de afectados, e, de feito, varias reivindicacións que se fan a través dos seus portavoces teñen como obxectivo que, se hai un mesmo réxime de IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se proceden dun ou de varios países, tributen igual que no resto das de Galicia.

Ademais, recentemente, a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados de Galicia denunciou textualmente diante de aquí —mellor dito, diante do Parlamento Europeo, e hoxe parece que van estar aquí— a persecución da Axencia Tributaria aos retornados que cobran pensións doutros países da Unión Europea, ademais de que son vítimas dun trato fiscal discriminatorio. Afirmaban que máis de 300.000 retornados galegos, en lugar de desfrutar da súa xubilación, se vían perseguidos permanentemente pola Axencia Tributaria Española. Vemos que vivimos no mundo ao revés. Perséguese os xubilados, os pequenos que teñen calquera tipo de problema legal, pero os grandes delinquentes, os grandes defraudadores e os grandes corruptos non os tocan nin pisan o cárcere, e case hai que ter coidado nin sequera en mentalos porque se ofenden moitas sensibilidades de certas organizacións.

Engadía tamén este colectivo que os retornados que cobran unha pensión de invalidez se ven na obriga de amosar esta condición ante as autoridades españolas, sen que se acepten os recoñecementos outorgados polos países onde traballaron, o cal é dantesco. De xeito que existen casos nos que o pagador recoñece un 100 % de invalidez e en España un 2 % ou 3 %. Ou sexa, isto non o entende ninguén.

Tamén debemos reseñar que a maioría destes 300.000 afectados teñen, principalmente, máis de 70 anos; ou sexa, son persoas de avanzada idade que residen, a maioría, no medio rural e que se ven na obriga de acudir aos tribunais para resolver os seus casos. Son persoas que teñen dificultades, ou máis dificultades que outros colectivos, para poder buscar un amparo xudicial e buscar a igualdade no seu tratamento. Polo tanto, é necesaria unha solución colectiva porque se debe evitar un proceso individual que sexa longo e tedioso.

Aínda que as institucións da Unión Europea non teñen competencias sobre a materia, a comisión parlamentaria decidiu manter aberto o proceso e enviar unha carta ao Goberno español, á Comisión Europea e ao Consello Europeo para informar da problemática e instar —en particular ao executivo español— para buscar unha solución na liña das demandas da coordinadora. Pon de manifesto unha vontade real por parte deste órgano de solucionar esta inxustiza, algo que tanto o Goberno central, do Partido Popular, como o Goberno da Xunta, do Partido Popular, non parece que teñan a máis mínima intención de arranxar.

Cada vez está máis claro para quen goberna a Xunta, para quen xestiona a Xunta. E aínda que a Xunta dixera que mantivo varias reunións con afectados e que o executivo central modificou a reforma do IRPF para permitir aos retornados recuperar o pagado en intereses e sancións, a realidade é ben distinta. Estas son pequenas mostras para dar a impresión de que se está a traballar —repetimos— para solucionar un problema que realmente non se está arranxando, para marear a perdiz e falar doutras cousas.

Hai unha actitude semellante, da Xunta e do Goberno central, á da situación que viven os mariñeiros agrupados na asociación Long Hope, que levan anos loitando diante das autoridades norueguesas para que se lles recoñeza o dereito a unha pensión despois de estar embarcados toda a súa vida en buques dese país. E parece que o proceso de actuación do Partido Popular é sempre o mesmo: palabras bonitas, pequenos xestos de cara á galería para dar imaxe de que se traballa pola xente, pero ningunha solución real. Preocúpanse moito pero non fan nada. Bueno, igual despois van de noite tamén a intentar compralos con algunha promesa, ou intentan coaccións dalgún tipo, como pasou cos mariñeiros de Long Hope.

Pero no caso dos emigrantes retornados a única autoridade competente é España, e non valen excusas, porque os verdadeiramente responsables e culpables disto son os señores que están agora mesmo no Goberno do Partido Popular.

Polo tanto —xa remato—, nós imos apoiar estas catro medidas que o Bloque Nacionalista Galego presenta aquí, porque están na liña do que defendemos tamén en En Marea. Entón, polo tanto, imos apoiar esta iniciativa na súa totalidade.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, eu vou tratar de facer hoxe a miña exposición co maior rigor técnico posible, tratando de explicar cuestións técnicas que poderían ter dificultade —píddolles desculpas de antemán se non son capaz—, e tamén coa sensibilidade que me dá algún apoio que na miña práctica profesional tiven que facer a emigrantes retornados.

Miren, o plantexamento é que nós podemos argumentar e podemos non votar a favor disto pero non por iso estamos en contra dos emigrantes retornados. Da mesma forma que falamos de dignidade e de xustiza, tamén temos que considerar a situación dos pensionistas españois, que se poden ver afectados con solucións como as que se propoñen aquí.

Entro, sen máis, nas propostas da PNL, e gustaríame, ademais, tocar cada unha delas.

Piden, en primeiro lugar, que se unifiquen os límites por debaixo dos cales non hai que presentar declaración. Miren, no IRPF os pensionistas non teñen que presentar declaración

cando as súas pensións están por debaixo de 22.000 euros, se está suxeita a retención. Se as pensións, como é o caso dos emigrantes retornados, non están suxeitas a retención, o límite sitúase en 12.000 euros. ¿Por que esta diferenza? Eu vouno intentar trasladar cun exemplo. Pensemos en dous irmáns xemelgos, Juan e Pepe, que viven hoxe en Cospeito e teñen 70 anos. Juan traballou toda a vida na Coruña e agora está xubilado, e percibe unha pensión. E Pepe, ao que lle podemos chamar «O Francés», emigrou a Francia e agora está vivindo en Cospeito e recibe unha pensión de Francia. A mesma pensión: 18.000 euros brutos anuais.

Juan, que é o que traballou en España, recibe a pensión da Seguridade Social española, pero non ingresa na súa conta bancaria 18.000 euros anuais, ingresa 16.200. ¿Saben por que? Porque a Seguridade Social española fíxolle unha retención. Se, por exemplo, imaxinamos un 10 % de imposto, fíxolle a retención de 1.800 euros. Por iso —e é que isto é así— non presenta, ou non ten obrigación de presentar, a declaración, porque se entende que xa coa retención pagou o mesmo imposto que se presentase a declaración.

¿Que pasa no caso de Pepe, o de Francia? Que os 18.000 euros que lle veñen de Francia ingrésanse na súa conta bancaria, porque Francia non lle fai retencións. Por iso ten que presentar a declaración da renda. ¿Saben que pasaría aquí se non fixeramos isto? Que estaríamos tratando de forma inxusta os pensionistas españois fronte aos emigrantes retornados. Isto é así, sen ningunha dúbida, desde un punto de vista técnico.

Miren, falan tamén de que se elimine a retroactividade —digo o que pon a PNL— da disposición adicional primeira da Lei 26/2014. ¿Cal é a situación das pensións? Primeiro, o principio xeral que sae dos convenios de dobre imposición —e isto non é que o diga eu, é técnica tributaria xeral— é que, no caso das pensións, a tributación se dá no país de residencia. No caso de Pepe, O Francés, a tributación con carácter xeral ten que ser no país de residencia. Este é un tema que non ten dúbida. Durante moitos anos, como non había retencións, a Axencia Tributaria non tiña información destas pensións. Polo tanto, o que pasaba é que había xente que non declaraba. Tamén había moitos emigrantes retornados que xa facían declaración antes de todo este lío, aproximadamente un 20 %. ¿Que pasa? Que nun momento dado, a través dos sistemas de intercambio de información, a Axencia Tributaria empeza a ter información respecto destas pensións. E o que fai é o que fai sempre: cando non se declaran as cousas, a Axencia Tributaria fai, de ser o caso, regularizacións e impón sancións.

O certo é que este era un tema con moitísima sensibilidade. Houbo, evidentemente, plataformas de emigrantes retornados e tamén este Parlamento sacou —non como dicía vostede— no ano 2013 unha proposición non de lei que foi aceptada pola Axencia Tributaria. E o que se fixo foi condonar. Non se lles dixo que non tiñan que pagar o imposto, pero condonáronse sancións, recargas e intereses de demora, e abriuse un período de regularización extraordinaria, do 1 de xaneiro ao 30 de xuño do ano 2015, no que se permitiu regularizar todas as pensións sen pago de intereses, recargas nin, por suposto, sancións. Fíxose, señorías, borrón e conta nova. Díxose: ¡Vale!, de aquí para atrás entendemos que houbo un erro, arreglámolo sen sancións e, de agora en adiante, xa sabemos todos que hai que pagar o imposto. Se agora fixeramos outra solución, ¿saben a quen estaríamos prexudicando? Xa non

só aos pensionistas españois, senón tamén aos emigrantes retornados que están cumprindo coas súas obrigas tributarias de acordo co principio de xeneralidade que ten o imposto da renda das persoas físicas en España.

Miren, hai un tema no punto c), cando falan das pensións de invalidez, no que piden o recoñecemento automático dos certificados do estranxeiro. E eu dígolles neste tema que é un tema sensible. Temos que ter en conta que a lexislación da Seguridade Social española non concorda coa dos demais países. A deste tema non é unha solución que poidamos facer nós directamente, habería que ir a través dos convenios de dobre imposición e negociar o recoñecemento destes certificados cun principio de reciprocidade. É dicir, se eu recoñezo os certificados de Francia, Francia debería recoñecer os certificados de España.

E, por último, respecto do punto no que piden que se adecúen xa os convenios de dobre imposición, por favor, non confundan aos emigrantes retornados. Os convenios de dobre imposición son moi claros: tributación das pensións no país de residencia, non pode haber supostos de dobre tributación. Se falamos do convenio con Alemaña, é un convenio que está precisamente modificado neste sentido desde o ano 2011.

Finalizo xa.

Falaron moito aquí da Comisión de Peticións Europea. Esta respondeu, evidentemente, na Petición 2334, presentada pola Plataforma de Emigrantes Retornados da Comarca de Vigo. E se non lles valen as miñas explicacións, responde no mesmo sentido técnico que eu acabo de poñer aquí de manifesto. E incluso chega a dicir que *«desea la Comisión añadir que la comprensión por parte del peticionario de la legislación española no es del todo correcta»*. Isto non o digo eu, dío a Comisión. Por favor, non confundamos os emigrantes retornados. Os emigrantes retornados polas súas pensións, se pasan dos 12.000 euros, teñen que tributar en España sen ningunha dúbida.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Traslademos información veraz.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, entendín. De momento, capacidade de lectoescritura, aínda que habitualmente desde esta bancada estimen que non teño demasiada, aínda algo me queda. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E aínda que non llelo pareza ao señor deputado do Partido Popular e aos demais, eu agradézolles os debates técnicos, porque aprendo moito deles. De verdade que, fondamente, esta humilde deputada llelos

agradece. Pero é que isto é un parlamento, temos que falar tamén de decisións políticas e que logo se habiliten as decisións técnicas. *(Aplausos.)*

Se me deixa apuntar algunha das cuestións que se puñan sobre a mesa, como é a concreción da redacción do punto a respecto das pensións de invalidez, se vostedes queren transaccionar algunha cuestión concreta, podemos vela. Pero o fondo político e os problemas que esta cuestión suscita están sobradamente demostrados; non só polo exemplo que puxen eu, senón polo que están ditando as sentenzas dos tribunais e as dificultades que está tendo este colectivo para a regularización da súa situación, por ir avanzando algunha cuestión das moitas que saíron no pouco tempo que teño.

Nós entendemos que este é un problema que nalgunha cuestión ten fácil solución con outro marco regulatorio e con algunha cuestión de tramitación de oficio. Porque a propia modificación que se fixo no 2014 foi a orixe de moitas disfuncións, nas que antes non me deu tempo a entrar pero que tamén a voceira de En Marea enunciou.

Nós entendemos que non vale con conformarnos con que, a raíz de determinado movemento na sociedade, se fixera esa modificación. Non debemos conformarnos no sentido de que segue habendo moita xente afectada. E non só é mester aprobar esta proposta, senón que tamén no debate técnico moito tiveron que dicir os técnicos de Facenda sobre as irregularidades que había. Nós entendemos que é necesario reconducir esta cuestión. Aquí había un marco legal e, de repente, houbo un cambio de criterio. É certo que nunha parte podía haber cuestións como as que comentaba o voceiro do Partido Popular, cuestións non regularizadas. Pero nunha parte moi importante ese cambio de criterio debeuse a un cambio de criterio cun obxectivo recadatorio. ¿E por que a este colectivo? Pois tamén porque subestimaron o pobo. Pero eu pregúntome: se as sentenzas están dando a razón a todos estes colectivos en absolutamente todos os casos, como é a cuestión de Alemaña —sobre a que tamén se aprobaron propostas neste Parlamento por iniciativa do BNG e non temos demasiado claro aínda qué fixo o Partido Popular no Estado para reconducila—, e se a Axencia Tributaria entende como pensión pública, no caso alemán, a derivada tanto dun traballo público como dun traballo privado, ¿por que, se os tribunais están recoñecendo esta cuestión, non se habilita de oficio? Pois por unha cuestión moi sinxela: porque serían arredor de 200.000 afectados en todo o Estado e é moito mellor que só proteste apenas un 2 % e que, polo tanto, non se produza unha minoración dos ingresos que está tendo o Estado por esta vía. Porque, claro, a propia Axencia Tributaria non recorre ao Supremo. Non recorre ao Supremo porque sabe que acabaría sentando xurisprudencia e tería que habilitar unha solución para esta cuestión.

Nós entendemos que isto segue tendo plena vixencia, segue sendo de absoluta xustiza, e máis nunha semana coma esta, na que lamentablemente vemos tantos casos, para un lado, de lucro absoluto. E iso non é comparable co caso dos emigrantes retornados galegos. E xa sen entrar en cuestións como o fondo político que pode ter que o Estado español pretenda recadar dunha pensión que non paga e que non se cotizou neste país.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

<<4. Defender perante o Goberno español a derogación do Decreto-lei 14/2012 do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo e o Decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente e do conxunto dos empregados públicos autonómicos.

2ª) Garantir a cláusula de revisión salarial para asegurar, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado e do conxunto dos empregados públicos autonómicos igual ao IPC.

3ª) Derrogar os cambios impostos pola Lei 12/2014 de xeito que o profesorado e o resto de empregados públicos autonómicos incluídos no réxime especial de Seguridade Social do mutualismo administrativo perciban o 100% de todas as retribucións e prestacións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).

4ª) Derrogar a Orde do 23 de xuño de 2011, para recuperar as 21 horas de xornada lectiva.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe imos falar de universos paralelos. O certo é que cada sesión plenaria parece un compendio deles, aínda que non os mencionemos. Imaxino que coñecen esta teoría, sobre todo na bancada popular.

Para os menos leigos na materia, ou para quen non saiba nada de física cuántica, como teño que recoñecer que é o meu caso, tratarei de facer unha breve e simplista explicación co famoso exemplo do gato de Schrödinger. Este coñecido paradoxo fala dunha caixa opaca cun gato dentro. O gato, mentres non se abre a caixa, pode estar vivo ou morto á vez. E só cando se abre comprobamos en que estado está. Deste xeito é a vista a que fixa o estado do gato.

Para o común dos mortais que vivimos nun mundo no que os obxectos permanecen no seu sitio e as cousas nos golpean se chocamos con elas, é moi difícil de comprender esta teoría. Para as deputadas e os deputados do Partido Popular semella que non tanto. Deste xeito, atopámonos co universo paralelo do Partido Popular no que o presidente pregunta e a oposición ten a obrigación de responder, onde os recortes son un invento das deputadas e dos deputados da oposición, onde o profesorado está encantado co trato que recibe da Xunta, as aulas reducen as ratios e o fracaso escolar é unha cousa do pasado. No outro, no universo paralelo no que viven os comúns dos mortais, a oposición fai as preguntas e o presidente escorre as súas responsabilidades mirando para outro lado cando o interpelan acerca da corrupción que atenaza o seu partido, onde traballa o profesorado galego e estudan as nenas e os nenos do país, a privatización avanza mentres os colexios públicos acumulan anos e anos de recortes e abandono; onde o persoal dos centros educativos avellenta, as horas lectivas do profesorado aumentan, os salarios non fan máis que baixar e o profesorado se sente maltratado, e onde se consolida a precariedade. Son universos paralelos que o Partido Popular conxuga como ningún, porque, por unha banda, analiza a realidade nese universo da recuperación no que eles viven, pero logo aplican as políticas do outro universo paralelo, do universo da crise; dous universos paralelos, polo tanto, e que entremezclan de xeito simultáneo.

Así, mentres o Goberno galego teima no discurso da suposta recuperación económica, o certo é que as docentes e os docentes de Galicia padecen as medidas do outro universo paralelo, o da crise —os que traballan na pública, polo menos—. Pois, como temos explicado en numerosas ocasións, a crise, como a suposta recuperación, vai e foi por barrios. A modo de exemplo, podemos fixarnos nos orzamentos deste ano, que aumentan o dobre no ensino concertado do que o fan na pública, insistindo así na tendencia que fixo que dende o ano 2009 a cantidade de diñeiro público destinado a privatizar centros de ensino medrara nun 69 %. Mentres, a crise económica serviu de escusa para ir desmantelando o servizo público de ensino, afectando o alumando, que está padecendo unha mingua na calidade; as familias, que tiveron que afrontar novos repagos; e o profesorado, que acumulou anos de recortes e conxelacións salariais que os levaron a perder nada máis e nada menos que, en oito anos, entre un 25 % e un 26 % de poder adquisitivo. Imaxinen o que é vivir cun 25 % menos de salario.

Dunha banda, sumaron o recorte salarial do Goberno de Zapatero e, doutra, o recorte no complemento específico das pagas extraordinarias que impulsou o Goberno da Xunta, aplicado dende o 2013, ano no que a Consellería de Educación determinou que nas pagas extras se ían deixar de cobrar os complementos específicos sen ningunha razón; así os de docentes,

sexenios, singular e cargos, de forma que todas as pagas extras quedaban recortadas entre un 40 % e un 50 %.

En definitiva, do 2013 a hoxe, en apenas catro anos, o colectivo docente galego perdeu practicamente unha paga extra completa en cada ano transcorrido, sendo os únicos docentes de todo o Estado que tampouco cobraron a parte autonómica nas pagas extraordinarias do 2016. Isto supuxo que as docentes galegas perderan dende o ano 2013 unhas cantidades que oscilan entre os 4.660 euros para un mestre sen antigüidade e os 8.446 euros para unha persoa catedrática con trinta anos de servizo; pero deben ser invencións do grupo de En Marea.

O menoscabo dos dereitos non se produciu unicamente na cuestión salarial senón que foi a constante no trato que recibiron nos seus dereitos laborais, así pasou, por exemplo, na cobertura das baixas laborais. A Lei 12/2014 —da que se ten falado moitas veces nesta Cámara—, na súa disposición adicional cuarta, estableceu que percibirían o 50 % das retribucións tanto básicas como complementarias e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, dende o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, con independencia de que sexa a primeira ou a segunda ou máis incapacidade temporal dentro do ano natural. Unha disposición que penaliza incomprensiblemente as enfermidades de docentes do persoal público. Pero non só iso, o Goberno galego négase a cubrir as baixas dos docentes nos primeiros quince días que se producen. Seica neses quince días dá igual que os nenos estean atendidos ou non.

Pero non soamente falamos de cuestións económicas, as condicións laborais tamén han de empeorar no que atinxe á taxa de interinidade, que pasou de algo menos do 5 %, cando o Partido Popular chegou ao Goberno, ao 13 % no que o deixa hoxe.

¿Que supón este aumento? Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade, e supón tamén peor calidade no ensino e peores oportunidades para quen máis as precisa. Pois é xustamente o alumnado con necesidades educativas específicas o que require unha atención continuada e non estar cambiando de mestre dun día para outro. Imaxinen, por exemplo, os nenos autistas nas aulas e o que supón para eles ter hoxe un docente e para a semana que vén outro.

Esta é a consecuencia máis dramática de aumentar a interinaxe na calidade do ensino que reciben os nenos de Galicia; rotación e inestabilidade que se dá tamén nos centros de rural. Deste xeito, as alumnas e alumnos das escolas rurais teñen profesorado diferente cada ano, impedindo unha atención continuada e personalizada das súas necesidades sociais, persoais e educativas.

Ao mesmo tempo, a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 fixo aumentar de 21 horas semanais as horas lectivas a 25; un aumento que dificulta moito poder cumprir adecuadamente co resto das súas obrigas profesionais, que calquera docente sabe que exceden con moito as horas lectivas. Hai que ter en conta a cantidade de horas que supón poder preparar unha soa hora de clase.

¿Quen padece máis as consecuencias? Pois, unha vez máis, quen máis o precisa. Resulta que non se pode falar dunha escola verdadeiramente inclusiva se o profesorado que nela traballa non ten o tempo suficiente para cubrir as necesidades dos alumnos e das alumnas. E saben que non, que non se están cubrindo adecuadamente.

É curioso que nisto non sigan o exemplo dos países do seu contorno nos que tanto lles gusta mirarse e que normalmente saen máis arriba nos ránkings de educación. Todos eses sistemas educativos, se algo teñen en común, máis alá de diferentes metodoloxías ou de diferentes concepcións ideolóxicas, é a consideración social e política das mestras e dos mestres. ¿É este un goberno cumpridor cos seus empregados no ensino público? Nada máis lonxe da realidade, e a cuestión de fondo sería: ¿por que se manteñen os recortes? ¿Non insiste o Goberno Popular en que a situación económica en Galicia virou para ben durante os tres últimos anos? Entón, ¿por que se manteñen estes recortes retributivos e de dereitos laborais para o persoal docente galego? ¿Acaso non merece o profesorado que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia un trato, como mínimo, equiparable ao que reciben as docentes e os docentes do resto do Estado? ¿Ou é que a cacarexada recuperación só serve para dar grandes titulares pero non para retribuír con dignidade aos traballadores e traballadoras do ensino público galego?

Dende En Marea consideramos imprescindible a compensación e restitución de todos os dereitos deturpados de todas as empregadas e empregados do sector público e, por suposto, de todas as docentes e os docentes de Galicia, porque a calidade do ensino depende diso. Por iso presentamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en primeiro lugar, recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente. Xa é tempo de que a Consellería abandone esa actitude de falta de diálogo cos axentes sociais.

En segundo lugar, a garantir a cláusula de revisión salarial para garantir, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.

En terceiro lugar, a derrogar os cambios de impostos pola Lei 12/2014, de xeito que o profesorado perciba o cen por cento de todas as retribucións dende o primeiro día da incapacidade temporal.

E, en cuarto e último lugar, a derrogar a Orde do 23 de xuño de 2011 para recuperar as 21 horas de xornada lectiva.

Se somos quen de mellorar estes catro puntos, seguro que estaremos en disposición de mellorar a calidade do ensino que as nosas fillas e os nosos fillos precisan.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día.

Grazas, presidente.

Pola banda do Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta proposición que presenta En Marea. Incorporamos unha emenda para facer unha achega a maiores dos puntos que xa ten a propia iniciativa, e serían os referidos a instar o Goberno da Xunta a trasladar ao Goberno do Estado español a necesidade da derogación do Decreto 14/2012, sobre medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e o 20/2012, respecto da estabilidade orzamentaria. En ambos os dous casos supuxeron unha perda importante tanto no que ten a ver cos dereitos laborais como cos dereitos tamén salariais do persoal público, no concreto, que é o que nos atinxe hoxe aquí, no que ten a ver co profesorado do ensino público do noso país.

E facendo un pouco de memoria, en relación con este debate e con esta iniciativa, eu lembraba que o 10 de marzo, concretamente o 10 de marzo de 2015, debatíase nesta mesma Cámara unha iniciativa lexislativa popular impulsada pola CIG- Ensino respecto dos dereitos laborais do persoal docente no noso país e tamén no que tiña a ver coa calidade do ensino público. Entre outras cuestións pedíanse algunhas das que se incorporan agora a esta iniciativa, e propúñanse, ademais, solucións a longo prazo para garantir os dereitos laborais e as condicións de calidade do ensino público no noso país, entre elas un estatuto galego da función pública docente para garantir os dereitos laborais que lle foron roubados ao longo dos últimos anos a ese cadro de persoal da función pública, empeorando as súas condicións de traballo, entre outras cuestións pola perda tamén, a través das amortizacións, de 1.500 prazas docentes no noso país, que teñen unha correlación directa na calidade do servizo prestado ao conxunto do estudantado do noso país.

Eu creo que as posicións están perfectamente explicadas e expostas pola voceira de En Marea. Nós sumámonos a esa demanda, que é un clamor no que ten a ver co cadro do persoal docente no noso país. Ademais, non é nada novo senón que se remonta xa a anos atrás. Concretamente, traía eu hoxe ese debate, que, por suposto, non contou co apoio do Partido Popular e, polo tanto, tumbouse esa iniciativa lexislativa popular, que cómpre lembrar tamén que viña avalada por practicamente 23.000 sinaturas recollidas entre a comunidade educativa do noso país.

Nós entendemos que esas condicións de traballo deben ser restituídas pola calidade, precisamente, do servizo que ofrecemos á nosa poboación estudantil. Hoxe tamén pensaba —e ademais comentábo agora a voceira de En Marea en relación coa situación coa que nos atopamos nos centros de ensino, nomeadamente, nos centros de ensino no rural— nas dificultades coas que se atopan os profesionais da docencia neses centros de ensino, cada vez máis mermados, e lembraba un debate que tivemos en comisión non hai moito tempo, exactamente hai practicamente un mes, no que pedíamos, entre outras cuestións, por parte do Grupo Parlamentar do BNG, que se fornecera dunha praza docente o centro de ensino Antía Cal, en Muras, que conta única e exclusivamente cunha profesora para atender un colectivo de dez estudantes. Aínda seguimos agardando por ela, a pesar de que chegamos a un acordo co Partido Popular para instar a Xunta de Galiza para que habilitase esa praza. Asegurábase-

nos daquela que era cuestión de moi pouco tempo que se concedese esa praza docente ao CRA Antía Cal, en Muras, e aínda seguimos agardando por ela. Non sei se poden vostedes facer algo para que ese alumnado conte, como lle corresponde, coas prazas docentes que necesita.

Nós xa digo que imos apoiar esta iniciativa. Agardamos tamén que se acepte a nosa emenda. Estamos dispostas tamén a falalo, se fose preciso, porque van directamente vinculadas as condicións de traballo do persoal docente coa calidade do ensino que prestamos ás estudantes do noso país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista, loxicamente, tamén compartimos esta iniciativa presentada por En Marea, e as consideracións realizadas pola voceira do Bloque Nacionalista. Porque é certo que esta iniciativa se circunscribe ao ámbito dos empregados públicos do ensino, e realmente para nós, como temos dito en moitas ocasións, é un asunto nuclear e talvez é a cuestión clave no Estado de benestar dispoñer dos servizos educativos como elemento fundamental para garantir ou tratar de nivelar as desigualdades sociais.

Neste sentido, a iniciativa parte do percorrido de recortes salariais, que xa temos comentado en máis dunha ocasión nesta Cámara, tanto a nivel deste pleno, no hemiciclo, como a nivel de comisión, cando vimos falando dende o inicio do período de sesións de todas as cuestións que consideramos necesario arranxar e reverter en materia de emprego público.

É certo que en Galicia, como temos apuntado en moitas ocasións e creo que ás veces non parece que chegue isto, esta idea, suficientemente a todas as partes, hai que insistir unha e outra vez en que o Goberno da Xunta de Galicia foi o Goberno que máis reduciu o salario dos empregados públicos en todo o país, en toda España, entre 2013 e 2016. Ese 25 % que comentaba a voceira de En Marea é tal cal.

E hai unha cuestión que en poucas ocasións tivemos ocasión de remarcar, falando agora do persoal de educación, como foi que esa redución salarial en Galicia foi especialmente dura co persoal docente con maior excelencia curricular e con maior excelencia investigadora. Porque eu recordo ben como, por razón das competencias, a maior restrición económica, salarial, ao persoal docente, e moi especificamente a todos os docentes universitarios, os máis castigados foron precisamente os máis excelentes en termos de experiencia curricular e en termos de investigación. Isto sempre foi un paradoxo —por ser suaves na utilización da palabra— que me parece que hai que remarcar precisamente con motivo desta iniciativa.

E cando en moitas ocasións tamén se ten falado dunha redución, dunha perda da paga extra, hai que dicir que o concepto de paga extra é unha parte máis da estrutura retributiva, pero alguén pode pensar que é unha especie de graza ou de regalo. A paga extra non deixa de ser un compoñente máis dese sistema retributivo, e traballar sobre a paga extra é traballar sobre o conxunto salarial do que perciben os empregados públicos.

Nós, como xa dixen naquela interpelación que presentamos neste hemiciclo o día 8 de febreiro, que deu lugar á correspondente moción, xa denunciabamos a perda de máis de 2.000 ou de 2.500 efectivos estables no ámbito do ensino, xa falabamos dos 3.000 postos no ámbito sanitario, dos 2.700 postos perdidos —nos que sempre insistiremos— en materia de persoal traballando en I+D, dos 400 efectivos no ámbito das universidades e de toda a precarización e a temporalización do emprego público. Con motivo daquela interpelación presentamos aquela moción na que, entre outras cuestións, e á parte de tratar de enfatizar moito, porque era a cuestión principal talvez naquel momento, e segue sendo, a necesaria apertura nas ofertas de emprego público das taxas de reposición, facíamos outra serie de chamamentos que levaban a derrogar as suspensións, precisamente, do V Convenio colectivo, que tamén fai referencia ás penalizacións das situacións de incapacidade temporal, tamén á recuperación dos acordos retributivos tamén no Servizo Galego de Saúde, ou á creación dun fondo especial de recuperación retributiva durante o mandato, o período, 2017-2020, para a recuperación de todos os salarios reducidos e recortados durante o período 2013-2016 en Galicia —insisto— de forma especialmente intensa respecto do resto dos empregados públicos de España.

Evidentemente, ningunha destas cuestións foi aceptada polo Partido Popular, polo cal, estamos considerando e sabendo que a súa receptividade ante estas iniciativas vai ser practicamente nula, porque aínda que nese decreto recente do 2017 se desbloqueara —porque non quedaba máis remedio— a convocatoria das oposicións en materia de acceso á función pública docente e universitaria, queda todo o resto do emprego público por desbloquear en materia de taxas de reposición para que se poida seguir adiante con esa recuperación, se non mellora da calidade de servizos públicos.

Nós, pola nosa parte, presentamos unha emenda defendendo a iniciativa, por suposto, pero entendemos que toda esa reivindicación de dereitos laborais e retributivos debe de ser entendida ao conxunto dos empregados públicos; aquelas que afectan o mutualismo administrativo, tamén, e a aqueles outros colectivos de empregados públicos que sigan acollidos ao réxime especial da Seguridade Social e do mutualismo administrativo. E tamén quero insistir en que esa derogación da orde do 23 de xuño do 2011 debe completarse coa derogación da do 2012, que foi a que precisamente afectou tamén os horarios no ámbito do ensino secundario.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Moi bos días.

Grazas, señor presidente.

Señora Chao, empezou vostede moi ben, pero, evidentemente, como agora están en Podemos buscando tertulianas, creo que vostede podería presentarse.

Viven vostedes en universos paralelos nos que son os que elixen quen vai, quen ten que ir, como tertuliano, a un medio de comunicación. Ese é o universo paralelo no que viven... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o universo paralelo no que queren exixir a medios de comunicación independentes o que teñen que opinar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*) Agora Irene Montero acaba de dicir que ela exige ir. Vostede tamén o pode exixir... (*Murmurios.*) (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor MOREIRA FERRO: E agora, como diría o noso presidente da Cámara, imos ao tema.

Señor Villoslada, chámame a atención que estea vostede de acordo con esta iniciativa, posto que nesta iniciativa se recolle expresamente e se remarca o recorte de salarios que fixo o presidente José Luis Rodríguez Zapatero; co cal, sorpréndeme, pero tamén me congratula que vostede recoñeza e estea de acordo con esta iniciativa.

Señora Chao, as necesidades do sistema educativo están cubertas, xa que Galicia dispón de profesionais docentes comprometidos que están demostrando unha incuestionable e encomiable actitude de entrega e de esforzo.

Por outra banda, o diálogo coas organizacións sindicais sempre se mantivo e se segue mantendo, como demostran os múltiples acordos aos que se ten chegado coas organizacións sindicais, como ten relatado aquí en moitísimas ocasións o conselleiro de Facenda.

O alumnado galego non viu reducida a calidade do ensino nestes anos de crise, como ademais o acreditan todos os indicadores que o seu grupo, o Grupo de En Marea, que presenta a iniciativa, pretende ignorar.

En relación cos recortes salariais, debemos poñer de manifesto que non se realizou na Comunidade Autónoma de Galicia ningunha redución salarial específica para persoal docente que pertence a algún dos corpos comprendidos na Lei orgánica 2/2006, de educación. Polo tanto, aínda que ese fora o caso, calquera negociación relativa de recuperación de poder adquisitivo se tería que levar a cabo e poñer enriba da mesa na Mesa Xeral de Empregados Públicos, e tendo tamén en conta as limitacións que neste campo veñan derivadas da normativa básica do Estado.

Permítame que lle cite que, no informe de revisión da OCDE das políticas para mellorar a efectividade do uso dos recursos educativos do 2016, nese informe elaborado polo Instituto Nacional de Evaluación Educativa do Ministerio de Educación, se recolle que en ningún caso se menciona que a política salarial do Goberno con respecto ao profesorado estea relacionada co concepto de devaluación; ao contrario, tomando como fonte o informe da OCDE do 2015,

mencciónase que o salario dos profesores en España segue sendo superior ao salario medio conxunto de países da OCDE e da UE 21, tanto se se compara a retribución inicial como se a comparación se fai cos quince anos de experiencia docente ou coa retribución máxima da escala, e todo iso refírese a todos os niveis.

Faise mención tamén na súa iniciativa á Lei 12/2014, de medidas fiscais, referíndose á percepción salarial do persoal en situación de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral. En relación con isto, hai que recordarlle que isto actualmente vén regulado no artigo 146 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

Por último, aduce que a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei 2/2006 di que se pasou a xornada lectiva do profesorado que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria de 21 horas semanais a 25, e di que iso incide nunha peor calidade educativa. E aquí quero remarcar varias cousas. En primeiro lugar, que o horario lectivo de 25 horas a 21 horas lectivas se reduciu na Comunidade Autónoma de Galicia por un acordo da Consellería coas organizacións sindicais do 30 de abril do 2007. E a xornada lectiva de 25 horas para o profesorado que imparta educación infantil e primaria estableceuse polo Real decreto lei 14/2012, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. O horario lectivo en Galicia dese profesorado subiu de 21 a 25 horas semanais con anterioridade a este decreto lei, por unha orde do 23 de xuño do 2011. Na exposición de motivos desta norma di que a experiencia acumulada nestes anos aconsella denunciar o citado acordo neste apartado da xornada de traballo e volver establecer un horario lectivo semanal de 25 horas para o persoal docente.

Polo tanto, a razón deste incremento de horas lectivas non está en criterios económicos e si na convicción trasladada por moitos axentes á Consellería de Educación de que o incremento do profesorado que supuxo nos centros o acordo non compensaba a redución de horas que implicaba que o profesorado pasara de 25 a 21 horas lectivas.

E poñendo un exemplo dun centro con 6 unidades de educación infantil e 12 de educación primaria, ao final, o incremento de horas son 112 horas lectivas. Con este incremento vostedes están dicindo que con máis horas lectivas hai unha peor calidade educativa. Eu creo que o seu grupo quizais estea a confundir a calidade do ensino coas condicións laborais do profesorado, e talvez, seguindo esta teoría de vostedes, se o profesorado tivese cero horas lectivas, a calidade educativa sería máxima, seguindo o seu razoamento. Nós pensamos que non ten ningún sentido.

E, por último, solicitan unha cláusula de revisión salarial para garantir unha subida salarial, pero isto comprenderá vostede que excede das competencias da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia e mesmo deste Parlamento de Galicia.

E quero remarcar, como vostede debería de saber, que o 21 de decembro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou a creación da Subcomisión para a Comisión de Educación e do Deporte para a elaboración dun pacto de estado social e político pola educación no que se recollerán moitas opinións, moitas propostas, para finalmente asinar ese acordo.

Polo tanto, non concordamos coas súas propostas nin cos seus antecedentes nesta proposición, e, en consecuencia, imos votar en contra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: En primeiro lugar, quixera agradecer o apoio dos grupos da oposición, así como anunciar que aceptaremos tanto a emenda do Bloque Nacionalista Galego como a do Partido Socialista, pois entendemos que complementan perfectamente a nosa proposta inicial.

Pola outra, lamentar, sen sorpresa ningunha, unha vez máis, a negativa do Partido Popular. E non se confundan, o seu non non é un non a En Marea, nin sequera é un non ás nosas votantes, é un non ás traballadoras e traballadores do ensino público de Galicia, é un non ás traballadoras e traballadores que levan soportando tantos anos de recortes salariais, é un non a todo o alumnado de Galicia e é un non a apostar por un ensino público de calidade.

E, señor Moreira, en algo ten razón. É certo que non só recortaron os dereitos do profesorado —¡parabéns!—, recortaron vostedes os dereitos de todo o persoal público. Grazas a vostedes, hoxe son máis precarios todos, non só o profesorado, todos os empregados públicos; entón —niso si—, niso temos que darlle a razón.

Lamentamos tamén que insistan en usar o profesorado galego como moeda de cambio para xustificar os seus recortes educativos; lamentamos as boas palabras e os escasos feitos.

Pero xa lles adianto que nós non imos conformarnos, seguiremos denunciando a débeda que teñen contraída co persoal docente deste país e o desprezo pola negociación colectiva. Si, desprezo, porque di vostede que non é certo, que manteñen a negociación colectiva. Si, esa negociación na que levan uns borradores e logo aproban ordes diferentes. Así, negociación colectiva, calquera; non tratan os temas e listo, poden convocar as mesas sectoriais.

Seguiremos denunciando a necesidade de recuperar todos os dereitos que lles quitaron, que nos quitaron a todas e a todos, porque recortando mestres e os seus salarios, aínda que vostedes digan que non, estaban recortando no ensino do futuro de Galicia, estaban recortando no ensino dos fillos e das fillas das traballadoras deste país, porque, no das elites, non; mentres, aseguraron o negocio dos seus colegas na privada. Cadaquén escolle os seus socios; xa sabemos cales son os socios deste goberno.

Como xa se comentou nesta Cámara, dende En Marea quixemos traer este asunto precisamente tendo en conta a proximidade do 1 de maio, porque queríamos adicar este pleno ás condicións laborais deste país, que, como viñemos expoñendo en diferentes intervencións, non fixeron máis que empeorar dende que o Partido Popular chegou ao Goberno.

Queremos lembrar tamén o moito que queda por facer, recoller todas as reivindicacións que sairán á rúa o próximo luns e que, por suposto, contarán co noso apoio. Xa sabemos que non será co apoio deste goberno.

Teñen na súa man mellorar as condicións laborais da xente, pero insisten en normalizar a precariedade. Non están cumprindo, levan xa demasiados anos facendo que recaia sobre os ombreiros dos docentes a súa ineficacia na xestión dos servizos públicos.

E posto que das palabras non se vive, de nada lles serve aos docentes e ás docentes que lles digan o moito que os queren. Quéíranos menos e páguenlles máis. Cumpran cos seus compromisos. Por iso imos insistir: seguiremos pulando ata a derogación completa de todos os recortes que derivaron da LOMCE e do seu Decreto 14/2012 para recuperar os cadros docentes, baixar as ratios do alumnado e eliminar os descontos salariais por incapacidades temporais e seguiremos denunciando que dende a chegada deste goberno recortador e concertista o ensino público perdeu 2.000 docentes, namentres no concerto ían medrando, porque os recortes non son un feito natural nin inevitable, responden a unha ideoloxía moi concreta e a unha finalidade moi concreta; é cousa do neoliberalismo e do seu desexo de transformar en mercancía e negocio os nosos dereitos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Rematados os debates das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos en primeiro lugar a do Grupo Parlamentario Popular.

Non se aceptaron as emendas dos outros grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea.

Acéptase como engádegas as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Modificamos, ao final, o parágrafo.

O señor PRESIDENTE: Terán que facernos chegar ese texto, ou léao agora vostede.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Quedaría así:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e do colectivo de Seaga se incrementa sobre os tres meses actuais, sendo equiparado cos traballadores e traballadoras o persoal fixo discontinuo, ampliándose a relación contractual a un total de nove meses.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos este texto.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses dos contratos do persoal de reforzo para a campaña de verán do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan anti-fraude na contratación pública autonómica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Pierres López.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e proponlle ao Grupo Parlamentario Popular que a súa sexa de engádegala.

¿Están de acordo? (*Negación.*)

Non está de acordo. Entón, votamos soamente coa aceptación da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Fernández Prado.

Foi aceptada unha transacción que inclúe unha primeira parte da emenda, que paso a lerlles. É introducir un punto novo, que sería o punto 3, á proposta inicial; e este punto 3 di: «Demandar do Goberno de España a utilización dos mecanismos orzamentarios e administrativos axeitados para garantir que no primeiro trimestre de 2018 estea concluído o estudo de mellora da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña e se inicie a continuación a execución do dito estudo».

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e nove deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Rodil Fernández.

Non se acepta como emenda de substitución, pero si como de engádegas a do Grupo Parlamentario...

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Non, non, non; non se acepta.

O señor PRESIDENTE: Non se acepta ningunha. Entón, propónse a votación por puntos —que é o que me falou vostede antes—. En concreto, votamos, en primeiro lugar, o punto 1 desta proposición non de lei.

Votamos... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Cal é o problema? (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? É que non lle oín nada, señor Puy.

¿Para que quere a palabra? (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas. (Risos.)

O señor PUY FRAGA: Non pedín a palabra.

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! Non, é que, como lle oía... Pois, se quere... (Risos.) En todo caso, pódese pedir a palabra. Xa sabe que isto non é...

Entón, a cuestión queda —porque con isto nos distraemos— en que se vota en primeiro lugar o punto 1 e despois os puntos 2 e 3. Imos votar, polo tanto, o primeiro punto desta proposición non de lei.

Votamos o primeiro punto.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o punto número 2 e o número 3 da proposición non de lei.

Votamos.

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a

cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2 e 3 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Presas Bergantiños.

Votamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se me poden dar voz...

Imos aceptar a votación por puntos. Xa chegamos nun punto a un acordo co Partido Popular. Entón, propoñemos a votación agrupada dos puntos a), b) e d) e despois a votación separada do punto c), co novo texto que, se me permite, leo.

O señor PRESIDENTE: Léao, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: «A que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que poidan ter das súas pensións no país de residencia do ou da pensionista».

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Perdón? Pida a palabra, que ten dereito, e explique cal é o problema.

(Pide a palabra o señor Puy Fraga.)

O señor PUY FRAGA: É unha cuestión formal.

Eu creo que, para que se entenda, é mellor que vaia como número o 2 e que queden as letras a), b) e d) como punto 1; é dicir, como punto 2 o que acaba de ler a deputada, non como letra.

O señor PRESIDENTE: Perfecto.

Entón, votamos, en primeiro lugar, o punto 1, que serían as propostas a), b) e d).

Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 deste texto.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos, en segundo lugar, o punto c)... (Murmurios.) ¿Perdón?

(O señor Puy Fraga: O punto 2.)

O punto 2. O punto 2, que inclúe o punto c), que é a transacción que se fixo. É o mesmo, dito doutra maneira.

Votamos.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 2 deste texto.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora a Proposta do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa das señoras Chao Pérez e Cuña Bóveda.

Xa se manifestou que aceptaban as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos, logo, coa incorporación desas emendas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

O señor PRESIDENTE: Terminadas as votacións, pasamos a debater o punto 5 da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa transparencia e bo goberno na súa xestión

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo, señorías.

Señor conselleiro, señor vicepresidente, alegrámonos —creo que toda a Cámara— de que recapacitaran respecto da proposta de onte á hora de elaborar un específico plan en materia de loita contra a fraude e a corrupción no ámbito da licitación pública autonómica. Será importante saber os termos nos que se desenvolva porque, loxicamente, estaremos vixiantes. E creo que incluso a nivel de Comisión 1^a poderemos facer un traballo importante para que as novas medidas antifraude e anticorrupción en Galicia sexan reais e efectivas, máis alá das simples melloras, que non son menos pero son importantes en materia de xestión.

Señor conselleiro, sobre todo nestes días e nestes minutos —pero xa desde hai demasiado tempo— a sociedade precisa permanentemente luz e taquígrafos na acción pública, na acción política. Señor conselleiro, necesitamos en Galicia tamén poñer un verdadeiro cordón sanitario en materia de prevención e loita contra a corrupción e a fraude. Señor conselleiro, todos sabemos que a insuficiente transparencia e a exemplaridade pública que a corrupción que nos asola permanentemente socava de forma implacable o noso sistema democrático, a nosa calidade democrática, que vén sendo substituída por actitudes absolutamente extremistas.

Non podemos admitir que se cualifique como «simples líos» o que estamos observando todos estes días como comportamentos absolutamente ou presuntamente corruptos. Mal imos neste país se consideramos líos por parte de determinadas autoridades ministeriais estas cuestións.

E facendo un símil máis de carácter medioambiental, o que si necesitamos é que as augas da xestión pública, da acción política, baixen sempre o máis limpas posible, coa máxima de-

puración, para que non se sigan contaminando —como vén sendo moi habitual— as coaclas do Estado e que o mar da democracia non siga esmorecendo, como está ocorrendo precisamente nestes días ao observar comportamentos das oligarquías políticas que onte tamén comentabamos.

Señor Rueda, conceptos como transparencia, como bo goberno, como exemplaridade pública, como nova gobernanza, como calidade democrática, responden agora máis que nunca a unha imperiosa necesidade de poñer cotas prácticas de fraude e corrupción masiva, superando as teorías iniciais que impulsaban estas políticas simplemente —que non é pouco— para mellorar os mecanismos de decisión e participación política de hai uns anos.

A cidadanía está absolutamente desencantada, totalmente noqueada coa vaga de corrupción que nos asola en toda a xeografía española. Este desencanto recae nas institucións e tamén en nós, nos representantes das cidadanía, percibidos como afastados da realidade e do interese xeral; e nos partidos políticos, por suposto, como organizacións pechadas e impermeables ás demandas que a cidadanía considera prioritarias, ou, peor, como capaces de asumilas, efectivamente, pero incompetentes para darlles resposta.

O informe que algunha outra vez tamén trouxemos a colación de xullo de 2016 do Grupo de Estados contra a Corrupción, do grupo Greco, do Consello de Europa, supón un severo correctivo ante a inacción das autoridades españolas —co Goberno do Partido Popular á fronte— ao concluír que o noso país non observou de maneira satisfactoria ningunha das recomendacións contidas no seu informe de avaliación do cuarto ciclo de 2014. Sen ningún tipo de paliativo, Greco cualifica como globalmente insatisfactorio o grao de incumprimento das súas recomendacións.

Efectivamente, os gobernos do Partido Popular buscaron crear sempre a aparencia de impulsar un ambicioso paquete de iniciativas dirixidas a loitar contra a corrupción, pero a realidade sociopolítica do noso país —lembramos permanentemente os baremos do Centro de Investigacións Sociolóxicas ou as conclusións do propio Informe Greco 2016— desmenten de forma incontestable esta fallida pretensión, non atendéndose así ás exixencias preconizadas polo propio Consello de Europa.

É certo que Galicia —como todos sabemos— foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Como sabemos, novas exixencias sectoriais, o novo marco estatal determinado pola Lei básica 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia —e é relevante— non só dos contidos ofertados senón da calidade dos mesmos en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Pero, sen prexuízo das competencias que esta Lei 1/2016 lle outorga á institución do Valedor do Pobo como comisionado de transparencia para o control do cumprimento destas obrigas do título I da lei —que onte tivemos ocasión de observar na presentación do informe por

parte da señora valedora—, si que necesitamos sempre —e á parte destas outras competencias— ter en conta as avaliacións, consideracións e informes dos institutos e dos organismos independentes especializados, de forma que coadxuven así a analizar de maneira obxectiva e a avanzar na confianza cidadá no exercicio do poder público.

E resulta —como temos comentado nalgunha outra ocasión tamén— que en decembro de 2016 Transparencia Internacional —referencia do propio nivel de calidade e de transparencia por parte do propio Goberno galego, porque incorpora estes informes de calidade e de transparencia internacional no propio Portal de Transparencia— vén de presentar o seu último índice de transparencia comparativa entre comunidades autónomas, e sitúa a Galicia no posto número 13 das 17 comunidades. Este índice 2016 —polo menos hai uns días— aínda non figura dispoñible no propio portal autonómico, como si figuran os índices anteriores. Isto é algo chamativo, e que no Portal de Transparencia non se dea esta información parece algo, polo menos, contradictorio.

Hai datos positivos en materia económico-financeira e en materia de acceso á información, pero este informe, que creo que é relevante, sitúa a Galicia nas restantes áreas de traballo con índices de transparencia baixos, como son en información da Comunidade Autónoma, participación cidadá, contratacións, convenios, ordenación do territorio e urbanismo e obras públicas, onde, precisamente, Galicia figura en penúltimo lugar. ¿Por que País Vasco e Baleares están situadas en primeiro lugar; por certo, Andalucía en sétimo, e Galicia está na posición 13?

Chama tamén a atención que, a pesar do reiterado compromiso do Goberno galego nesta materia, Galicia ten descendido xunto con Castela-León e Cataluña, nada máis. Son as únicas tres comunidades autónomas que teñen descendido no seu nivel de transparencia entre 2014 e 2016. Ademais este informe —como xa tivemos ocasión de analizar tamén na Comisión 1ª— inclúe por primeira vez unha avaliación cualitativa sobre o conxunto dos dez indicadores seleccionados por esta organización para analizar precisamente esa perspectiva cualitativa, e sitúan a Galicia unicamente como aceptable, sendo en xeral mellorable o nivel de calidade promedio mostrado nos indicadores de referencia.

Esta simple aparencia de loita contra a corrupción mediante a profusión de normas de transparencia e loita contra a fraude é o que temos que superar con verdadeiras políticas que superen instrumentos máis formais en busca dunha transparencia real e efectiva; mecanismos efectivos que evidencien un uso obxectivo, ético e social dos recursos públicos.

Os tribunais españois procesaron ou abriron xuízo por delitos de corrupción a 1.378 persoas, implicadas nun total de 166 casos, só no período que vai de xullo de 2015 a setembro de 2016, segundo o último informe presentado polo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial. En Galicia esta cifra está en 20 persoas destas causas. E un total de 399 persoas foron condenadas por delitos de corrupción correspondentes a estas causas.

Se é certo que Galicia deu os seus primeiros pasos importantes en 2006, e avanzouse en 2016 en medidas lexislativas sobre transparencia e bo goberno, tamén o é que Galicia necesita normas e plans efectivos de traballo que poidan ser verificados e avaliados por diferentes institucións e órganos, non soamente estatutarios, senón incluso órganos externos.

Onte tivemos ocasión tamén de ler o capítulo adicado á transparencia no informe do Valedor do Pobo para 2016, ou incluso no informe presentado pola Comisión interdepartamental de información e avaliación respecto do exercicio 2016, e os dous informes, evidentemente, recollen datos cuantitativos tipo de entradas de información, tipo de instrumentos polos que se accede etcétera, pero o que necesitamos realmente é unha análise cualitativa de cal é a situación de transparencia, e nin o informe da institución do Valedor do Pobo —aínda que esperamos que en adiante se dea ese paso— nin os informes da propia Comisión interdepartamental nos aportan ningún tipo de información de valor, en termos cualitativos, sobre, realmente, cales son as razóns e onde están as eivas en materia de transparencia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, señor presidente, agora mesmo remato.

Son moitas as cuestións que aínda temos que subliñar en materia de transparencia para poder avanzar dunha forma importante. Pero non quería rematar tampouco esta intervención sen citar. Non quero ser frívolo, pero ás veces as citas literarias axúdannos a comprender a realidade.

Cando Francisco de Quevedo, en *Poderoso caballero es don Dinero*, nos dicía: «*Nace en las Indias honrado / —referíndose ao ouro— Donde el mundo le acompaña; / Viene a morir en España, / Y es en Génova enterrado.*», buscando similitudes que temos que ter en conta... (*Aplausos.*) Eu recordo, neste sentido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, agora mesmo, presidente. Por iso o Grupo Parlamentario Socialista insta o Goberno galego para... perdón, fai unha interpelación para saber cales van ser as novas políticas, durante este novo mandato, para mellorar substancialmente os niveis de transparencia na Administración autonómica de Galicia.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villoslada.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Nada, non se preocupe, que poñerse en plan poeta non é ser frívolo. Non hai absolutamente ningún problema en que falemos destes temas. É máis, eu alégrome. Creo que esta é unha loita que nos interesa a todos, e vostede deu varias voltas para ao final facer a pregunta cen-

tral da súa interpelación —así o entendo eu— que é: ¿que ten pensado facer o Goberno galego para seguir avanzando en materia de transparencia, en materia de loita contra a corrupción, en materia de seguir gañando a confianza dos cidadáns? Ao final, creo que todas son preguntas que levan ao mesmo obxectivo. Polo tanto, non teña ningunha dúbida de que este é o noso interese. Supoño que tamén será o seu, aínda que se poña poético, e será o de todo o mundo que traballa ou traballamos nos asuntos públicos. Por suposto que non vou reducir isto —como dicía vostede— á materia de líos.

Había un destacado dirixente socialista que dicía que os ERE son prácticas do pasado que traían a súa causa en acordos administrativos que si tiñan amparo legal e dos que se aproveitaron algúns para o seu lucro persoal. Outra forma de dicir, ao mellor, que eran líos. Entón, eu non estou de acordo con iso e non estou de acordo tampouco en dicir que asuntos que preocupan de verdade á cidadanía poden reducirse a outra categoría que non sexa a de asuntos que hai que resolver, desde logo, nos que hai que mellorar a transparencia, efectivamente. Estou totalmente de acordo, e para iso levamos tempo traballando.

É certo que houbo unha lei no ano 2006, lei que despois foi superada. Fixérona vostedes no Bipartito, outra cousa é o grao de cumprimento, diso tamén podemos falar. Vostedes fixeron a lei, despois é certo que tiveron un auxe —e eu alégrome moitísimo— todas as políticas dirixidas a controlar a actividade das administracións públicas, e tanto chegou que houbo unha lei estatal que foi mellorada en moitísimas medidas que, por suposto, non se exixían na lei do ano 2006 do Bipartito, nin sequera na lei estatal, pola lei que aprobou o Parlamento de Galicia.

Polo tanto, ningún nos pode negar que desenvolvemos un ambicioso programa de medidas en materia de transparencia. No ano 2010 xa puxemos en marcha unha plataforma de contratación de Galicia, onde se deu moitísima información que non se está dando ata o de agora. Con independencia de que vostede me diga na réplica como aparece avaliado iso por unha auditoría —hai outras que avalían de maneira contraria—, dáse un montón de información —ese é un dato obxectivo— que non hai obrigación legal de dar, pero creo que é bo que se saiba e que sexa de libre acceso nunha materia tan sensible como é a contratación pública.

¡Oia!, isto había que poñelo e podía-se ter feito antes. Vostedes non o fixeron. Nós no ano 2010 creamos esta plataforma de contratación de Galicia, que vai mellorando continuamente e que facilita moito o acceso ás persoas que queiran datos, documentos, sobre diferentes procedementos de licitación, non só aqueles que teñen un interese directo por ser licitadores.

E tamén establecemos a obriga de que as administracións locais rendan contas ante o Consello de Contas para obter financiamento da Xunta de Galicia. Isto foi un gran fito no seu momento, no ano 2010. ¿Poderíase ter feito antes? Si, pero non se fixo. Fixémolo no ano 2010. Moitos concellos naquel momento viron cortadas as súas posibilidades de acceder a subvencións da Xunta de Galicia, pero, afortunadamente, pasaron os anos e a día de hoxe son excepcións que se contan cos dedos dunha man os concellos que perden subvencións por non ter ao día a súa rendición de contas. Isto, no ano 2010, non era así, nin moitísimo

menos. Creo que foi un avance importante, ninguén o pode poñer en dúbida, e fíxoo un goberno do Partido Popular.

¿Tomáronse tamén outras medidas? Si, fixemos desde hai anos, pública, a declaración patrimonial dos membros do Goberno. Isto antes non se facía. Podíase facer, pero non se facía. Nós si que o facemos. Publícanse as retribucións do persoal directivo. E creo que, ao final, todo isto nos leva a estes avances que se lle foron dando á Lei de transparencia no ano 2016, que recolle —como lle dicía—, por suposto, moitas das cousas que xa se viñan facendo sen estar reflectidas nun texto legal, moitas cousas que a sociedade demandaba e moitas cousas que non se exixían na lei estatal, de obrigado cumprimento, e, dende logo, que non se exixían na lei do ano 2006 que vostedes elaboraron, e que podían ter exixido. Algunhas probablemente non, porque foi despois, polo devir dos acontecementos, pero outras xa se podían ter exixido naquel momento. Vostedes non o fixeron, pero nós si.

Son tanto como 50 elementos, 50 datos, 50 grupos de información, que non se exixen —xa digo— nin na lei estatal nin na lei anterior. Eu creo que algúns son tan relevantes como o tempo medio de pago de facturas do sector público, situación financeira das contas públicas, relación dos bens de interese cultural —isto na práctica ten moita importancia— ou composición das mesas de contratación. Creo que son un claro exemplo de que non nos queremos quedar só en palabras e de que dende o primeiro día intentamos dar a máxima información.

E outra cousa moi importante: que sexa información accesible. Porque é moi fácil dicir que a información está aí, pero se despois non é sinxela, e mesmo ás veces é moi dificultosa de consultar por un cidadán normal, chegan os verdadeiros problemas, e a transparencia queda moito máis nun reflexo legal, aínda que estea plasmado na práctica nunha páxina de Internet. Se é moi difícil atopar esa información, ao final a transparencia é máis teórica que práctica.

Polo tanto, o Portal de Transparencia e Goberno aberto, que é unha consecuencia da Lei de transparencia que se habilitou dende o mesmo momento que entrou en vigor, ten moita información sistematizada. Unha información que daban antes 650 páxinas web, que reúne moitísimos documentos, e o que pretendemos é que sexa un portal, unha ferramenta.

Dígollo porque a súa pregunta é que estamos facendo. ¡Oia!, intentar darlle a máxima viveza, intentar perfeccionar —iso perfecciónase coa práctica— esta canle única de información que ten a Xunta de Galicia de cara á transparencia, e intentar tamén —creo que isto é moi importante— que o fagan outras administracións. Vostede é perfectamente consciente —estou seguro— do esforzo que está facendo a Xunta de Galicia para que as entidades locais cumpran as súas obrigas en materia de transparencia. Moitas delas non teñen medios, e se non tiveran estas axudas —e ata agora ninguén llas deu—, probablemente non o farían.

Sabe vostede que estamos en colaboración, tamén nisto, coa Fegamp, facilitando que moitos concellos poidan acceder a portais de transparencia e poidan acceder á sistematización da información que —insisto— están obrigados a dar en virtude de obrigas legais.

Polo tanto, todo isto estamos facendo. Eu coñezo perfectamente a cualificación obtida por Galicia no ránking de transparencia internacional. De acordo. Tamén vostede di na interpe-

lación que hai materias nas que aparecemos ben cualificados. Na información económico-financeira, que creo que é fundamental, e máis nestes momentos, resulta que é onde acadamos unha puntuación máis alta entre as comunidades autónomas. E tamén hai que dicir que unha cousa é o ránking e outra cousa é a cualificación; as dúas cousas son importantes, pero non se pode falar dunha e non da outra.

¡Oia!, temos máis de 90 puntos sobre 100. Isto, se houbera que facer unha valoración académica, sería un sobresaínte. Hai outros que teñen aínda un sobresaínte máis alto, de acordo. ¿A iso temos que aspirar nós? ¡Por suposto! Pero é que temos máis de 90 sobre 100 puntos. Polo tanto, se a idea que se está intentando transmitir é que suspendemos ou non damos información, supoño que non. Desde logo, se estivera dicindo iso, tería que dicir que está faltando á verdade ou, polo menos, dando unha información sesgada, que ademais, cando falamos de transparencia, é especialmente importante.

Tamén lle podo dicir outros ránkings que tamén se elaboran e creo que merecen respecto cada un; creo que hai que respectalos todos. A Organización de Consumidores e Usuarios, que creo que tamén ten acreditado moitísimas veces a súa obxectividade, colócanos como a terceira comunidade máis transparente de España respecto da información que facilita. Nós queremos estar o mellor clasificados en todos os ránkings, pero, sobre todo, o que queremos é facer o posible para ser transparentes. Polo tanto, teña por seguro que nos vai preocupar sempre moito máis intentar cumprir este obxectivo que intentar quedar ben nos ránkings. Iso está ben tamén, pero non é o obxectivo principal. Xa digo, poderíamos discutir moito dos ránkings, os métodos de avaliación, as alegacións que se fan, en fin, todo iso que é importante —insisto—, sen desprezar en ningún caso calquera das auditorías que se fagan.

Non é certo tampouco o que vostede dicía de que non se facilita esta información. Se vostede entra no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, verá que hai un enlace directo á valoración de transparencia internacional, e alí aparecen as valoracións que acadan a Xunta de Galicia e o resto das comunidades autónomas. Igual que hai outros enlaces a outras entidades que tamén fan este tipo de auditorías e outras auditorías que se irán facendo, porque non é esta, nin moito menos, a única.

Antes, é certo, este ránking era o único que se facía. Agora fanse máis, e creo que estaremos de acordo en que é bo que cantas máis auditorías, cantas máis peticións de información existan, sempre e cando sexan obxectivas e estean ben feitas, mellor para todos.

Polo tanto, ¿queda moito por mellorar? Por suposto. Pero dende o ano 2006 creo que temos percorrido un camiño importante. Creo que aquí o fundamental é crer que isto é importante, crer que isto hai que facelo ben, e non lle caiba ningunha dúbida de que na Xunta de Galicia existe esa vontade. Existen tamén, por suposto, os mecanismos de control, e creo que están funcionando. Xa sei que aquí hai opinións —na miña opinión bastante inxustas— sobre a tarefa que realiza a institución do Valedor do Pobo, e debo dicir que en xeral, neste encargo específico, neste comisionado de transparencia que lle atribúe a lei, está facendo un labor rigoroso, un labor obxectivo. Hai pouco que estivemos entregándolle os datos, e pódolles asegurar que funciona como mecanismo de control para a Xunta de Galicia.

Polo tanto, señor Villoslada, señorías, vou resumir. Creo que nesta lexislatura pasada especialmente temos desenvolvido un labor importante, demos pasos importantes, sentando, sobre todo, os alicerces.

Existe unha normativa que era fundamental. Esa normativa estase cumprindo. Polo tanto, se ao final somos capaces, se existe a normativa, existe a vontade, existen as ferramentas —sobre todo ferramentas informáticas—, o que hai que facer é dar pasos avanzando na transparencia con independencia do ránking que se obteñan, que, xa lle digo, xa nos gustaría estar ben clasificados sempre, pero o que nos gusta, sobre todo, é saber que facemos o posible por ser o máis transparentes posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas de novo, presidente.

Señor Rueda, estamos todos absolutamente de acordo en que o obxectivo non son os ránking. Ese é un debate moi amplo, como o que tivemos en moitas ocasións noutros ámbitos de ránking universitarios, que ás veces incluso poden ser contraproducentes ou perniciosos. Eu referínme a este ránking porque estaba asumido polo propio Portal de transparencia e Goberno aberto como o que medía o índice. Pero, en definitiva, o importante son os obxectivos, e —como dicía— máis alá de regular xestión e de facilitar accesos á información —porque a información corresponde á cidadanía e ese patrimonio mellora a nosa calidade democrática— o importante é conseguir os obxectivos, e os obxectivos, nestes momentos sobre todo, son establecer mecanismos que eviten as prácticas de corrupción, porque creo que neste momento é o foco no que nos temos que situar. Por iso nós presentaremos a correspondente moción, que substanciará unha serie de propostas neste sentido.

Pero permítame que lles digamos ou que lles diga que nós, aínda que se teña avanzado en temas de normas de transparencia, sexamos certamente escépticos con determinados cumprimentos en materia de transparencia ou en materia de medidas que tendan precisamente a loitar contra a corrupción e contra a fraude polo menos no ámbito do sector público autonómico.

Na propia Comisión 1ª tivemos unha resposta moi taxativa, por parte do Goberno galego, de que non estaban dispostos a cumprir un dos pequenos apartados da Lei de transparencia como era informar sobre o grao de cumprimento precisamente dos acordos parlamentarios tomados nesta Cámara, no que se refería, polo menos, aos períodos de sesións comprendidos desde a entrada en vigor da Lei 2016 de transparencia. Nós non podemos admitir que a resposta do Goberno galego é que non se vai dar información sobre o grao de cumprimento dos acordos tomados nesta Cámara, cando así se establece especificamente na propia lei. Paréceme algo que non é admisible, espero que o corrixan en canto poidan e que teñamos ocasión de debater isto outra vez na Comisión 1ª.

Nós cando o presentamos nesta Cámara, e insistiremos nesta cuestión en materia de establecer verdadeiros sistemas de protección integral das persoas que poidan presentar denuncias ante casos de corrupción, a resposta tamén foi absolutamente negativa a establecer este mecanismo, cando xa hai comunidades autónomas que iniciaron este traballo como Baleares, como Valencia ou como Castela-León, aínda que teñamos en conta tamén que actualmente no Congreso se está tramitando un proxecto de lei integral contra a corrupción. Esperemos que o Partido Popular en Madrid non teña nada que dicir, incluso que teña que aportar, precisamente para establecer este mecanismo que ten parangón noutros ámbitos, como comentabamos con motivo daquela iniciativa.

Creo que esta é unha materia absolutamente importante: establecer mecanismos que garantan a protección integral das persoas que denuncian. Porque como vemos nestes casos de corrupción, no caso Lezo e en tantos outros casos, todas estas cuestións nacen a partir de denuncias. Temos que garantir que tanto os empregados e autoridades públicas, empregados, autoridades ou directivos privados, teñan absolutamente garantidas as súas posibilidades de, sen ser suxeito doutro tipo de actuacións, presentar as necesarias denuncias cando observen algún suceso de posible corrupción ou fraude. Por iso é unha cuestión na que temos que insistir.

Hai outras cuestións tamén nas que observamos que non existe ese compromiso efectivo, máis alá do puramente formal de transparencia, cando vimos reclamando tamén que, por exemplo, na comunicación dos acordos semanais do Consello da Xunta se dea, efectivamente, acceso aos documentos literais. Ou como ocorría cando non se daba conta, aínda que se tomaban os acordos e se daba conta ao Parlamento, pero non se daba conta dos acordos do Consello nas súas comunicacións semanais, do uso dos programas orzamentarios de imprevistos e funcións non clasificadas.

Outra práctica habitual que denunciemos, e que, á parte de denunciar, loxicamente queremos traballar para que isto non siga sendo así, é precisamente o uso espurio tamén das leis de medidas que anualmente se teñen aprobado por parte dos gobernos do señor Feijóo. Estanse modificando moitas leis que nada ou pouco teñen que ver coas contas ás que deberían estar vinculadas.

¿E que dicir da falta de regulación en Galicia —e niso insistiremos tamén— dos grupos de interese, dos lobbys, tanto no ámbito da Cámara como no ámbito do poder executivo?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, remato agora mesmo, presidente. É importante incidir nesta materia. Cuestións como o conglomerado, e non quero outras derivas, pero si hai que ter claro que conglomerados como o señor Villar Mir é unha cuestión que hai que ter ben canalizada a través de regulacións que traten de controlar e de regularizar actuacións dos grupos de interese.

Outras cuestións que temos comentado onte, e estes días, son importantes para que non se sigan producindo situacións que non queremos ningún. Falaba onte da licitación dos servizos de limpeza dos edificios administrativos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, remate.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Non pode ser que as pemes se vexan fóra dese concurso. Ou a situación da licitación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...das concesións de ambulancias.

Por favor, respectemos as normas de competencia, porque non podemos permitir...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que o novo decreto de vivendas turísticas teña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Villoslada, moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra para contestar o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villoslada, alégrome sinceramente de que diga que os ránkings son o que son, na liña un pouco do que dicía eu. Xa digo, son importantes, pero son o que son, e ás veces son discutibles. Dígoos porque do ránking do que estamos falando podíamos falar da posición na que vostedes nos deixaron. Subimos varios postos, polo tanto... Alegrámonos e non imos comparar de onde viñamos ata onde estamos, porque o que importa é seguir progresando. Se fomos así, nese ránking, é certo que agora, tendo máis de 90 puntos sobre 100, sobrepasamos algunhas comunidades autónomas. Pero é que demos un avance moi importante, nada máis chegar, respecto da situación herdada. E seguro que estaban intentando facer o posible.

Xa digo que fixeron a lei no ano 2006, e creo que é algo salientable. O grao de cumprimento, xa digo, é unha cousa diferente, e, sobre todo, determinacións que non contiñan e que agora se conteñen.

Mire, eu podería dicirlle que na lei no ano 2006 non estaba publicado, e nós pedímosllo. Pero tampouco estaba contemplada a obriga de publicar e, polo tanto, non se publicaba. E cousas sensíbles, falamos agora de contratación e de prevención da corrupción. Nós pedimos alguén que coñecera a composición das mesas, quen adxudica, quen son as persoas encargadas de facer as valoracións técnicas e, polo tanto, facer as propostas de adxudicación. Nós queríamos saber iso e vostedes dixeron que non. Agora é obrigatorio e publícase. ¿Quere dicir que estaban intentando ocultar algo? ¡Home!, eu entendo que non. Pero nós pedímosllo e vostedes dixeron que non.

Dixemos tamén que esa lei fixera obrigatoria a relación dos contratos menores, os miles e miles e miles de contratos menores que ten que facer unha administración co volume de contratación da Xunta de Galicia; que apareceran ademais sistematizados e que foran de fácil acceso. Dixeron que non. Pedímosllo moitísimas veces e dixeron que non. Agora accédese e son moi fáciles de consultar porque non hai nada que ocultar.

¿Quere dicir que cando vostedes dixeron que non era porque lles interesaba que non se soubera iso? Quero pensar que non, pero nós pedímosllo e vostedes dixeron que non, e non o reflectiron nesa lei.

Pedímoslles tamén que se dera información máis detallada respecto das incompatibilidades dos altos cargos que acceden. De onde veñen. Non só onde van cando deixan de ser cargos públicos, tamén de onde veñen. Nós pedímosllo. Empresas nas que traballaron nos dous anos previos. Control, por suposto, despois, daqueles sitios onde van, polo tema da incompatibilidade.

Pedímoslles unha regulación moito máis rigorosa e non o reflectiron na lei do ano 2006. ¿Quere dicir que tiñan intención de que non se soubera a actividade dalgún? Supoño que non, pero nós llelo pedimos e vostedes non o puxeron. Tamén que se publicaran os textos dos convenios coas súas memorias xustificativas. Pedímolos moitísimas veces e dixeron que non. Agora faise.

É dicir, que pouco a pouco todos imos entendendo que hai que ser moi transparentes, e ao mellor ao que no ano 2006 vostedes non lle daban importancia, agora lle dan moitísima, e alégrome de que lla dean, porque nós estamos cumprindo. Agora, non vincule a quen dá datos que vostedes se negaban a dar, datos moi sensibles, a prácticas que nada teñen que ver nin coa nosa intención nin co que facemos.

Os plans lexislativos tamén. Falaba vostede da actividade do Parlamento. Creo que é fundamental que o Goberno faga público como un compromiso e un acordo, en virtude dun consello da Xunta, que creo que fixemos nós, que non se facía antes, daqueles textos que ten previsto enviar á Cámara. Creo que isto é moi importante. Creo que debe saberse. E creo que desde o punto de vista da planificación estratéxica, e mesmo do control político, é fundamental. Nós facémolo e vostedes non o facían.

Fixo unha alusión directa a unha declaración do Goberno na Comisión 1ª. Eu quero aclararullo. Efectivamente, a Lei de transparencia do ano pasado o que obriga é a facer unha publicación anual. Polo tanto, farase ao rematar este ano, o primeiro ano de vixencia, unha publicación anual do grao de cumprimento dos acordos parlamentarios.

Pódolle adiantar que, respecto do ano pasado, con todas as especificidades que houbo pola celebración dunha convocatoria electoral, é do 69 %. Pero a publicación e a obriga legal de publicala, que, efectivamente, por suposto o Goberno cumprirá, farase respecto deste ano 2017. E así o faremos todos, señor Villoslada. Non lle caiba ningunha dúbida de que con eses 80 indicadores que analiza Transparencia Internacional; eses máis de cincuenta parámetros; eses máis de cincuenta datos que nin a Lei do ano 2006 nin a Lei estatal de transparencia

obrigan a dar, pero que en cambio si obriga a Lei autonómica de transparencia aprobada o ano pasado, e que, por suposto, a Xunta de Galicia dá, o que se intenta con todo iso é volver recuperar a confianza dos cidadáns na actividade pública, por suposto establecer os medios para loitar, especialmente con carácter preventivo, contra a corrupción no que nos corresponde, e, pouco a pouco, ir mirando iso.

Iso é o que está facendo o Goberno galego. Creo que as aportacións que poidan facer os grupos da oposición na Comisión 1ª, respecto ao acordo que hoxe se tomou, serán moi valiosas. Sexamos coherentes e non digamos —co que antes nos negabamos a dar e este goberno dá— que este goberno é menos transparente ou intenta ocultar cousas que, desde logo, non intenta ocultar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro.

Dentro das iniciativas que presentamos neste pleno con respecto ás políticas laborais, de feito na semana anterior ao 1 de maio, o Grupo Parlamentario de En Marea reuniuse cos sindicatos do sector da automoción de Vigo nas pasadas semanas e trasladáronnos a enorme preocupación pola deslocalización do sector cara ao norte de Portugal.

Os síntomas son os seguintes. Desde 2010 non se produciu en Galicia ningún novo investimento exterior na industria de compoñentes do automóbil. Isto supuxo a perda de 2.000 postos de traballo no sector. Entre tanto, o norte de Portugal recibiu, só nos anos 2015 e 2016, máis de 739 millóns de euros, que supuxeron a creación de 5.800 empregos. A isto habería que engadir os 250 millóns de euros de investimentos, tamén no norte de Portugal, previstos para o desenvolvemento dos compoñentes do coche autónomo.

No pasado mes de marzo, publicouse o Informe sobre competitividade rexional desenvolvido polo Consello de Europa. Entre outros indicadores de competitividade que nos deixan en moi mal lugar, podemos destacar dous. O índice de sofisticación empresarial, onde ocupamos o posto número 209 de 275 rexións de Europa e o posto 11 en España —tamén hai que salientalo—. E o índice de innovación, no que ocupamos o posto 196, tamén de 275 rexións, e oitavo en España.

Este é un informe trianual que fai, con moitísimos indicadores, a Comisión Europea. É un informe da máxima garantía e que se usa por todas as rexións de Europa para desenvolver as súas políticas de todo tipo, sobre todo, as políticas relativas á innovación.

A nosa industria de compoñentes do automóbil é moi forte, pero é evidente que ten un problema moi grave, explicitado polos síntomas antes mencionados. O reto que temos por diante é absolutamente titánico, dado que, ademais do xa mencionado, temos unha ameaza a maiores, que o sector no resto de España prevé un crecemento para os próximos anos moi grande. Pero nós temos unha ameaza engadida moi importante, que é ter, a 25 quilómetros da ensambladora, unha competencia con custos laborais moito máis baixos e prezos e dispoñibilidade de solo industrial moito máis vantaxosos.

O reto é formidable, por iso non imos ser irresponsábeis e non imos vir aquí con solucións máxicas. A solución será tamén moi complexa, pero hai que poñerse a traballar de xeito inmediato nela.

O camiño para chegar a unha solución fai imprescindible recoñecer os síntomas e, a partir de aí, desenvolver un diagnóstico correcto sacado da realidade, e non pechase na propaganda e crear mundos virtuais, tal e como estamos acostumados neste pleno e, sobre todo, nas comisións de traballo na Comisión de Industria, Enerxía, Economía, Comercio e Turismo.

Pois parece que isto non chega. Repetir que hai que basearse na realidade. Vemos que por contra, por exemplo, o pasado mes de marzo o señor conselleiro destacou a importancia das tecnoloxías, a nova concepción da Industria 4.0, nunhas declaracións que creo que fixo en Madrid, e puxo como exemplo a automoción, que en Galicia actúa como cabeza tractora deste proceso de transición cara a unha industria máis tecnolóxica. Neste sentido, referiuse á axenda Galicia Industria 4.0, que xa logrou —di o conselleiro— mobilizar 342 millóns de euros, crear 11.500 novos empregos industriais, e conta cun orzamento ata 2018 de 175 millóns de euros.

A verdade é que todo isto non coincide nin co INE nin cos datos da Seguridade Social. Parece que os postos de traballo se crean por ciencia infusa, en contra de todas as estatísticas e de todos os informes independentes como, por exemplo, o que acabo de mencionar da Comisión Europea. E parece tamén que con pórlle 4.0 detrás a calquera iniciativa esta xa pasa a ser de excelencia. Pois non, o que hai que pór son millóns de euros de verdade nos orzamentos, e, sobre todo, posteriormente executalos.

Nos últimos anos, por exemplo, no eido da innovación deixáronse sen executar máis de 200 millóns de euros en políticas de innovación, e vostede sábeo, vén referido en todos os informes que presenta o propio Goberno a esta Cámara.

Isto é como se un médico lle atopa un problema de fígado a unha persoa moi forte e despois á familia fálalle do tamaño dos bíceps da persoa afectada e non do problema real que ten. Efectivamente, esa persoa segue sendo forte, pero ten un problema que hai que solucionar.

A industria galega de compoñentes é moi forte, efectivamente, pero ten un problema que hai que analizar, diagnosticar e poñer os tratamentos para garantirlle unha vida futura con aínda moitos máis éxitos.

Non somos tan irresponsables ou inconscientes como para vir aquí dicirlle ao señor conselleiro e ao Goberno o tratamento. Evidentemente, non temos os medios humanos, técnicos nin económicos cos que conta a Consellería. O que vimos é a interpelar para saber como están a facer as análises, se empezan a ter unha diagnose e cales son as liñas básicas do posible tratamento.

O que si podemos adiantar sobre o contido da moción que presentaremos é que a solución non vai por deteriorar as condicións de traballo e as remuneracións dos traballadores. A precariedade, desde logo, non é a solución.

A solución tampouco é poñerlle o latiguillo 4.0 a calquera iniciativa para transformala en excelente. Iso pode valer para deixar moi bonitos e teoricamente innovadores estudos de consultorías ou académicos, pero non soluciona nada se non vai acompañado de plans realistas e ben financiados.

O que pon no camiño da solución é falar, por exemplo, do 0,89 %, que é o investimento en innovación en Galicia, contra o preto de 2 % das autonomías máis avanzadas do Estado español, que puntúan moito mellor no índice de competitividade rexional da Comisión Europea.

A este índice é ao que tería que chegar Galicia antes incluso do que está previsto, porque a situación neste sector —como vemos— é moi preocupante. Para iso habería que modificar urxentemente os orzamentos. Esa sería unha das solucións a aportar, o tratamento urxente, sobre todo para este sector; e dotar polo menos con 100 millóns de euros máis os destinados a innovación.

O que soluciona é executar os orzamentos de I+D+i, que —como xa dixemos— levan varios anos deixándose arredor do 25 % sen gastar, e moitas outras cousas que seguro que vostede, señor conselleiro, xa coñece moito mellor ca min, porque teñen moitos máis medios detrás do seu traballo para poder desenvolvelo.

Por iso lle reiteramos o exposto nesta interpelación: ¿Que están a facer para analizar o problema? ¿Teñen un diagnóstico? ¿Cal é o tratamento ou o camiño para poder desenvolvelo? Se cadra é necesario investir non só en innovación de procesos para facelos máis produtivos e competitivos, que é no que máis se está incidindo na liña desa chamada Industria 4.0, senón investir tamén no desenvolvemento de novos produtos con maior valor engadido, que poidan soportar uns custos laborais moito máis altos, como pasa en Alemaña, que con custos laborais cen por cento por encima da nosa industria de compoñentes, en cambio seguen crecendo en ratios moi elevados, a pesar de ter tamén ao lado Chequia, Eslovenia ou Eslovaquia, pero a súa estratexia foi virar cara a produtos de moito maior valor engadido.

Pero todo isto de ir cara a produtos de moito maior valor tecnolóxico e valor engadido implica investir moito máis en innovación básica, cousa que non se está a facer. Estase a facer fundamentalmente investimento en innovación de optimización de procesos produtivos. Ademais, hai que dedicarlle moito diñeiro, porque —como todos sabemos— o seu éxito é moito máis reducido. Todo isto no camiño dunha industria avanzada, un concepto que nos parece moito máis completo, transversal e circular que o meramente tecnolóxico de Industria 4.0.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, moitas grazas pola súa interpelación. Escoitei atentamente a súa intervención, pero eu vexo que o discurso de En Marea está obviando moitas realidades, e voulle poñer tres exemplos concretos.

Fala vostede de emprego. Mire, o emprego na industria de automoción galega está crescendo. Concretamente, e refírome a datos dados polo propio sector —creo que sería bo que, igual que ten reunións cos sindicatos, tamén se reúna co sector—, dende o ano 2012 hai 1.350 novos empregos en Galicia, acadando, polo tanto, 20.000 postos de traballo directos.

Señor Casal, hai máis persoas traballando no sector da automoción en Galicia que no ano 2009, esa é a realidade que ten o sector. Insisto, non son datos do Goberno, senón que son datos proporcionados polo propio sector.

En segundo lugar, señor Casal, non hai ningunha empresa en Galicia que pechase para trasladar a súa produción a Portugal. Non é correcto falar en Galicia de deslocalización. Non é correcto, esa é a realidade.

Eu entendo perfectamente que En Marea non queira falar de internacionalización, seguramente porque ten unha visión máis localista e proteccionista da economía, pero nós si que falamos da internacionalización. Creo que o esforzo que está facendo a industria galega de automoción por internacionalizarse lle está a aportar máis oportunidades, e creo que hai que ver en positivo que as nosas empresas se estean internacionalizando sen deixar de investir no noso país. Foron mil millóns de euros os investimentos do sector nos últimos cinco anos, señor Casal, dato proporcionado polo propio sector; mil millóns de euros de investimento do sector da automoción en Galicia durante os últimos cinco anos.

En terceiro lugar, a terceira realidade que vostede está obviando fai referencia aos datos do Índice rexional publicado pola Comisión Europea, e ao mesmo tempo compara con Portugal. Dígalle a esta Cámara que Galicia está mellor posicionada que o norte de Portugal nese índice rexional publicado pola Comisión Europea. É dicir, Galicia é máis competitiva dende o punto de vista da eficiencia, dende o punto de vista da innovación, que o norte de Portugal. E é así porque, efectivamente, o sector da automoción está facendo o seu traballo e está desenvolvendo os plans estratéxicos, e, loxicamente, tamén a Xunta de Galicia está desenvolvendo a súa Estratexia de Especialización Intelixente e está desenvolvendo a súa Axenda Galicia Industria 4.0. Polo tanto, o sector da automoción para ser máis competitivo que o norte de Portugal está investindo en talento, está investindo en innovación e está mellorando a súa posición.

Creo que, en lugar de cuestionar o compromiso do sector de automoción galego, na réplica creo que ten unha magnífica oportunidade para felicitar o sector de automoción en Galicia. E ten unha magnífica oportunidade, en primeiro lugar, porque é un sector que foi dos primeiros en recuperarse da crise económica e en crear emprego. E creo que tamén sería bo que o felicítase por conseguir proxectos clave de futuro como os dous novos modelos de PSA, que van permitir un incremento da facturación das empresas instaladas en Galicia dun mínimo do 6 % e que van garantir emprego para os próximos dez anos.

Esta é unha realidade que vostede obvia nese diagnóstico. Creo que para facer un bo diagnóstico hai que partir dunha análise do conxunto da realidade, e estes logros, señoría, non son unha casualidade, pódollo asegurar, son froito dunha estratexia de cooperación. Estamos traballando conxuntamente a Administración, as empresas, o clúster e os centros de coñecemento para consolidar o que temos, pero tamén para crecer e seguir atraendo investimentos que completen a cadea de valor.

Polo tanto, hai unha estratexia clara, primeiro, de intentar anticiparse aos novos escenarios. E, en segundo lugar, tamén de potenciar a experiencia e a capacidade de competir que ten a nosa industria de automoción.

Esa estratexia pola cal vostede me pregunta pivota sobre tres aspectos que entendemos que son fundamentais, son os aspectos nos que estamos a traballar, e nos que entendemos que o sector da automoción para ser competitivo debe seguir profundando. Fálolle da innovación, fálolle da Industria 4.0 e fálolle tamén da formación; tres aspectos —como dicía— clave na estratexia do sector de automoción.

Entre 2015 e 2016 o sector da automoción investiu en I+D+i un 50 % máis que nos anos anteriores e investiu en I+D+i 110 millóns de euros; dato creo que relevante tamén cando se fala de aposta pola innovación e pola Industria 4.0. Un investimento que non só está a desenvolver Citroën, senón que o máis importante é que o está a desenvolver toda a industria de compoñentes a través dos diferentes proxectos en innovación e tecnoloxía.

Cando vostede me fala da realidade do sector, fala de estatísticas. Eu falo de realidades, creo que tamén é bo para ese diagnóstico. Creo que En Marea se debería felicitar porque o primeiro coche autónomo que se desenvolve polas estradas españolas saíu de Vigo. E saíu de Vigo, señoría, grazas a unha unidade mixta na que colaboraron Citroën, o CTAG e a Axencia Galega de Innovación. Creo que iso é unha realidade. Creo que, se quere coñecer a realidade do sector da automoción, non ten que ir ao Instituto Nacional de Estatística, pode ler o *Diario Oficial de Galicia*, que está máis cercano, está máis preto. E no *Diario Oficial de Galicia* vostede poderá comprobar como hai oito unidades mixtas de innovación que están desenvolvendo proxectos por importe de 22 millóns de euros en materia de innovación. Fálolle de Citroën, fálolle do Grupo Copo, de BorgWarner, de Viza, de GKN ou de MGI, polo tanto, realidades en materia de I+D+i.

Fálolle tamén, señor Casal, de 21 proxectos de innovación que estamos desenvolvendo para proxectos vinculados a Loxística 4.0, a sistemas de automoción e a estruturas multilaterais lixeiras a través de programas no eido do Conecta Peme. E fálolle tamén do proxecto piloto

que Ceaga está desenvolvendo na vangarda, no desenvolvemento da fábrica do futuro, e que inclúe proxectos concretos vinculados á visión artificial en 3D e tamén a plantas interconectadas, capaces de aproveitar toda a información que se desenvolve a través do Big Data.

E fállolle de máis realidades. Fállolle do Business Factory Auto, onde hai dez proxectos concretos que se están desenvolvendo por parte de empresas innovadoras. En definitiva, fállolle dunha realidade: que Galicia está innovando, que Galicia está na vangarda da innovación no sector da automoción, grazas ao pulo e ao apoio da Administración a través dos diferentes programas de innovación empresarial.

Esa aposta hai que desenvolvela tamén —como lle dicía— a través da formación e hai que desenvolvela a través de ofrecer ás empresas maiores vantaxes para producir desde Galicia. Polo tanto, significa seguir apostando tamén pola política de solo industrial. Sabe que aí estamos competindo con bonificacións de entre o 30 % e o 50 % nos parques empresariais da Xunta de Galicia, e queremos incorporar a esta política de captación de investimentos aos concellos.

Témoslle ofrecido á Federación Galega de Municipios e Provincias, precisamente, establecer unha estratexia conxunta para que poidamos ofrecer maiores vantaxes administrativas e tamén, loxicamente, maiores bonificacións fiscais. E estamos desenvolvendo —como sabe— unha lei de fomento da implantación empresarial para poder simplificar e para poder axilizar tamén os trámites administrativos.

En definitiva, señoría, hai unha realidade que vostede obvia cando se acerca ao sector da automoción. Creo que debería de acercarse a esa realidade para establecer un diagnóstico axeitado, e, dende logo, dende Galicia temos claro que o futuro do sector da automoción pasa pola innovación, pasa pola Industria 4.0 e pasa, polo tanto, pola internacionalización, e por deixar ao lado a política que vostede creo que quere traer a este Parlamento, centrada no localismo e centrada no proteccionismo, pois, lamentablemente, iso non lle reportaría ningún tipo de beneficio ao sector da automoción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Ten a palabra, no turno de réplica, o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Bueno, a verdade é que agora si que estou moito máis preocupado. Pensaba que ía falar vostede dos síntomas, que ía falar vostede do diagnóstico, que ía falar vostede do tratamento, pero non, todo é marabilloso. Saca vostede o capote, quere torear-me, e pensa confundir a este Parlamento falando da industria da automoción. Pero eu non estaba a falar da industria da automoción, eu estaba a falar das políticas do Goberno galego sobre a industria da automoción, que é un pouco diferente.

Xa sei que para vostedes Galicia e o Goberno do Partido Popular é o mesmo. Pois non, non é o mesmo. E ademais de falar cos sindicatos, falamos con moitos empresarios moi preocupados. Eles si que están preocupados.

Ten vostede razón en que non se pode chamar estritamente deslocalización cando non se pecha unha factoría, pero a ver como lle chama vostede a que todas as novas factorías se abran no norte de Portugal. Podemos non chamarlle deslocalización, podemos chamarlle doutra maneira: nova localización fóra de Galicia. Chámelle vostede como queira, pero a realidade é esa.

E tamén estou moi preocupado porque a verdade é que non sei de onde saca vostede os datos. Eu teño os do Instituto Galego de Estatística e os do Instituto Nacional de Estadística. Afiliación á Seguridade Social no ano 2009 no sector do automóbil: 16.304 postos de traballo. Afiliación á Seguridade Social o mes pasado do 2017: 13.666 persoas; máis de 2.600 menos que hai oito anos.

Podemos eludir isto, podemos enganarnos, podemos falar do bíceps, podemos falar do forte que é o sector, de que ten un bíceps moi forte, e podemos non falar de cal é o problema que ten. Este problema é evidente e todo o mundo o coñece e o recoñece.

Claro que estamos a favor da internacionalización. Xa sei que vostede vén cos mantras de que As Mareas son proteccionistas, que miran para o embigo, pero iso non ten nada que ver coa realidade, As Mareas son un grupo de persoas do máis transversal, do máis formado, do máis preparado, e que verdadeiramente estamos a prepararnos para gobernar e para analizar a realidade, non a realidade virtual que vostedes se empeñan en traer permanentemente.

Claro que estamos orgullosos do vehículo autónomo, ¡claro que estamos orgullosos! Do que non estamos orgullosos é de que a maior parte dos compoñentes do vehículo autónomo se vaian producir no norte de Portugal. É verdade que o índice de competitividade do norte de Portugal é inferior ao de Galicia. ¡Claro! Evidentemente, ¡evidentemente! Porque tampouco o PIB do Estado español ten nada que ver co PIB de Portugal. E sabe vostede que nos índices de competitividade, ademais dos temas de innovación, inflúen o volume do mercado e moitos outros índices nos que, evidentemente, estamos moi por encima, dentro dun estado que ten un PIB enormemente superior ao de Portugal.

Pero iso non implica que a realidade sexa a que é. A realidade é que en Portugal, nos últimos dous anos, creáronse 5.800 empregos neste sector e en Galicia non. Esa é a realidade. Podemos eludila, podemos dicir que todo é marabilloso e non facer nada, e falar de 4.0 e máis 4.0. Pois non, do que hai que falar é de diñeiro, hai que falar de canto van investir, de en que liñas concretas se vai investir, cales son os resultados, cales van ser os controis. En resumo, cal vai ser ese tratamento que vai evitar que non esteamos aquí dentro de tres anos, cando termina a lexislatura, e teñamos que lamentar que vostedes quixeron ser cegos ante unha situación evidente para todo o mundo e á que non lle poñemos solución.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten o turno de réplica o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu agradézolle o seu plantexamento de desenvolver un diagnóstico conxunto, pero sorpréndeme que non teñan ningún tipo de proposta. Iso si que me sorprende, que vostedes non teñan ningún tipo de proposta para o sector da automoción, que é o que acaba de dicir na súa intervención. En calquera caso, eu entendo que a súa política se centra en criticar a todo e a todos. Esa é a política que vostedes desenvolven e iso é o que fan. Iso sábeno facer moi ben.

Seguramente a súa preocupación polo sector da automoción veña por unha mala conciencia, tamén o entendo. Eu entendo perfectamente que En Marea teña mala conciencia porque votou en contra da modificación da Lei do solo que permitiu precisamente que hoxe Citroën poida desenvolver a furgoneta aquí en Galicia (*Murmurios.*) Efectivamente, o señor Sánchez ten moi mala conciencia. Queda claro, ¡queda claro! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Sánchez, pídolle que escoite. Pídlolles aos deputados que escoiten a persoa que está falando. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Sánchez, ¡home!, remate o Pleno ben. Aquí hai que escoitar de todo. Agora está falando un deputado, que ademais é conselleiro, e pídlolles que escoiten as explicacións que se están dando, gústennos ou non. Xa terán tempo de replicalas nas súas intervencións.

Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Polo tanto, AGE votou en contra da modificación da Lei do solo que permitiu a ampliación de PSA-Citroën en Vigo, e que quede no Diario Oficial que volverían votar en contra. Iso é bo que llo trasladen cando se reúnan co sector. Se se dera esa circunstancia, (*Murmurios.*) a realidade é que en Vigo non se podería construír a furgoneta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdoe, señor Conde. Desculpe un momento.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): É bo que vostedes insistan nesa posición, e é bo que tamén en Vigo se saiba que En Marea volvería votar en contra de que Citroën puidera dispoñer das instalacións para desenvolver o novo proxecto da furgoneta. (*Aplausos.*)

Miren, vostedes cuestionan permanentemente, e incluso queren máis diñeiro en innovación. Pero, por outra banda, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vostedes o que fan é cuestionar permanentemente todas as axudas que se lles trasladan ás empresas de automoción

en Galicia. Debería de rer o *Diario Oficial de Galicia*. Incluso o seu grupo, señor Casal, chegou a dicir, e non chegou a desmentir, que Vigo está secuestrada por Citroën. Esa é unha frase do seu grupo: que Vigo está secuestrada por Citroën, por non dicir que Galicia está secuestrada por Citroën. Esa é a realidade de En Marea cando se fala do sector da automoción.

Eu faleilles de realidades concretas, pero non o queren ver así. Cando eu falo aquí de unidades mixtas de innovación e de investimento de 22 millóns de euros, o Goberno non ten que facer nada, pero, iso si, a convocatoria é da Axencia Galega de Innovación e está publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Cando eu lles falo do programa Conecta Peme, de innovación empresarial, vostedes non queren entender que esa é unha convocatoria da Xunta de Galicia. E cando eu lles falo do Business Factory, de automoción e de desenvolvemento de proxectos de innovación, non queren aceptar que iso é política de innovación e política de Industria 4.0 da Xunta de Galicia.

E cando lles falo da orde de investimentos de Industria 4.0, que é unha orde de 60 millóns de euros a fondo perdido, na cal poden participar tamén os sectores de automoción, vostedes non queren recoñecer que aí hai unha política de innovación e unha política industrial da Xunta de Galicia. Así, señor Casal, é moi difícil establecer non só un diagnóstico, senón chegar a un acordo sobre as posibles solucións que se poden desenvolver para o sector.

Nós imos seguir traballando e imos seguir investindo e incrementando os presupostos de innovación. Por certo, sabe que a Axencia Galega de Innovación ten un orzamento de 60 millóns de euros. Se me di que non executamos 200, está a dicir que levamos catro anos sen executar políticas de innovación. Eu creo que non coñece tampouco os datos reais da Axencia Galega de Innovación, da aposta da innovación por parte da Xunta de Galicia, e seguramente lle pasaron os datos da execución dos fondos tecnolóxicos do Bipartito, que non executou os fondos tecnolóxicos, ¿recorda? Seguramente lle pasaron eses datos.

Pero a realidade é que nós si que estamos desenvolvendo unha política de innovación e estamos apoiando o sector. Efectivamente, apoiaremos —e creo que o seu grupo debería de facelo tamén— o III Plan de competitividade do clúster que elaborou o propio sector, con esa visión do ano 2025. Por iso nos próximos anos seguiremos apostando polo sector da automoción; seguiremos apoiando o clúster impulsando a Industria 4.0; establecendo un mapa de necesidades, de competencias e de innovación xunto co sector; desenvolvendo tamén un programa de eficiencia enerxética; desenvolvendo un plan específico de formación; estimulando novos proxectos para que poidan completar as cadeas de valor; e diversificando tamén cara a novos sectores e cara a novos fabricantes.

Mire, señor Casal, este Goberno sabe perfectamente que o sector da automoción ten que diferenciarse e ten que internacionalizarse a través da innovación. Este Goberno sabe que o *low cost*, dende logo, non é unha estratexia de futuro, que é o que vostede me vén plantexar aquí. Sabe o Goberno que precisamos de maiores facilidades para os investimentos, por iso queremos desenvolver unha lei de implantación empresarial que espero que o seu grupo poida apoiar. Por iso estamos intentando establecer unha estratexia conxunta, xunto cos concellos, para facilitar as simplificacións administrativas e a fiscalidade municipal. O Go-

berno sabe que a competitividade é o elemento que pode permitir o futuro do sector da automoción. Neses parámetros é onde estamos, e eu o que espero é que, sobre un diagnóstico realista que poidamos facer, tamén En Marea poida aportar algunha proposta, porque vos-
tede hoxe non aportou ningunha proposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores parlamentarios.

Bo día, señor conselleiro.

Señor conselleiro, como vostede sabe perfectamente, o financiamento municipal segue a ser unha das tarefas pendentes despois do desenvolvemento do Estado das Autonomías. Os concellos teñen asumido durante anos competencias propias e impropias, carecendo do necesario financiamento por parte do Estado e por parte da Comunidade Autónoma para poder exercer as ditas competencias, sendo en moitas ocasións a vontade doutras administracións a que decide sobre cales teñen que ser as prioridades orzamentarias dos propios concellos e sendo o Fondo de Cooperación Local o acordo máis importante que a día de hoxe temos, pero que só consta de 119 millóns de euros para 313 concellos.

Vostedes, o Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno do Partido Popular, teñen ninguneado os concellos galegos nestas dúas lexislaturas: non convocaron durante sete anos a Comisión Galega de Cooperación Local; non asumiron os custos das competencias que lle corresponden; e non cumpriron en oito anos os acordos asinados no Pacto local. Pero, miren, vostedes fáltanlles ao respecto aos concellos, aos alcaldes, ás alcaldesas, aos presidentes e presidenta da deputación, e, polo tanto, fáltanlles ao respecto a todos os veciños e as veciñas de Galicia. (*Aplausos.*)

Unha vez que vostedes teñen convocada a Comisión Galega de Cooperación Local, despois de sete anos, foro no que se deben tratar e acordar todos os asuntos que afectan o municipalismo, o presidente da Xunta de Galicia fai un anuncio esa mesma mañá, sen telo falado previamente cos concellos, de que se ía reunir esa tarde e anulando o protagonismo total que se merece o desenvolvemento da dita Comisión, despois de sete anos. Pero, para máis chanza aínda, e tendo en conta a feble situación económica das nosas entidades locais, non se lle ocorre mellor anuncio que dicir que os concellos deben renunciar ao cobro dos impos-

tos como o IBI para que as empresas se instalen nos seus parques empresariais e, ademais, que a Xunta de Galicia os compensará dalgunha maneira.

Eu pregúntolle: ¿vostedes cren que os xestores públicos dos nosos concellos, alcaldes e alcaldesas, son parvos? ¿Cre vostede que os concellos poden renunciar ao ingreso máis importante que teñen, que é o IBI, que é para poder desenvolver as súas competencias? ¿Cren vostedes, de verdade, que algunha empresa deixa de abrir ou de instalarse nun parque empresarial polo IBI que teñen que pagar? ¿Creno de verdade? ¿Como pensan compensar os concellos segundo o anuncio do presidente da Xunta? ¿Igual que sucedeu co IAE ou como vostedes distribúen as subvencións, discrecionalmente e para os que vostedes deciden que deben ser beneficiados?

Se tan boa medida lle parece, señor conselleiro, trasládelle ao presidente da Xunta que sexan vostedes, a través da Comunidade Autónoma, os que incentiven as empresas para que se instalen no noso país. E esa si que será unha medida importante na procura de traballo, de crecemento económico e de crecemento demográfico, pero non lles traslade iso aos concellos.

Non poden pretender seguir decidindo sobre os concellos, seguir tutelándoos, iso é un insulto. Os concellos son gobernos democráticos que teñen autonomía para exercer as súas competencias. O que necesitan son medios económicos que lles recoñece a lei pero que na práctica non perciben. Vostedes non entenden que a autonomía municipal está garantida na Constitución, no Estatuto de autonomía, na Carta europea da autonomía local, na Lei de bases de réxime local e na Lei de Administración local de Galicia.

Os socialistas temos reiterado en varias ocasións que o actual sistema de subvencións da Xunta de Galicia é un sistema obsoleto e caciquil, non adaptado a unha sociedade moderna e progresista, no que non se prima o reequilibrio territorial e non se procura a cobertura dos servizos básicos para toda a cidadanía, independentemente de onde viva.

Vostedes, o Partido Popular, é verdade que gañan eleccións, pero non para gobernar para todos e todas, senón para favorecer os da súa mesma cor política..., (*Aplausos.*) e desprezando o resto da cidadanía nun país totalmente democrático. (*Aplausos.*) E exemplos temos. As axudas, as subvencións ou os convenios e outras fórmulas polas que a Comunidade Autónoma achega recursos aos concellos non cumpren co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na Lei 1/2016, que na súa exposición de motivos di: «Os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte á hipotética arbitrariedade do poder público e ao uso indebido dos cartos ou patrimonio público.»

E tampouco cumpren coa Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que lle dedica un capítulo —o I— e o artigo 19 aos procedementos de concesión; punto número 1: «O procedemento ordinario da concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva. Para os efectos desta lei, terá consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realice a través da comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados.» E no punto número 2 di: «As bases reguladoras poderán

excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación...» Pero vostedes fan da excepcionalidade virtude.

Señor conselleiro —xa llo teño apuntado moitas veces—, vostedes sempre fan que fan, todo é cara á galería, para despois non facer nada. E o peor de todo, fan para os seus.

No DOG é onde se evidencian as diferentes formas de gobernar, pero despois eses acordos hai que levalos a cabo. E mire, nós podemos facer —como apuntaba hoxe pola mañá o presidente da Xunta— neste Parlamento unha comisión para estudar o cumprimento dos acordos que aquí se toman, igual que vostedes propoñen para controlar o Goberno central cos incumprimentos de infraestruturas. E asegúrolle, señor conselleiro, que lle sacariamos as cores, asegúrollo.

Mire, na Consellería da que vostede é conselleiro, o 14 de xuño de 2016 publican unha orde na que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva dentro do plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamento nos concellos galegos. ¿E sabe cando publican a concesión? Dez meses despois, o 21 de marzo de 2017. Esa é a súa forma de entender a transparencia.

Pero se só fora iso, aínda calabamos. É que, mire, se facemos unha análise das concesións, non nos estraña que tarden en publicar, porque é un auténtico escándalo. Na provincia da Coruña, de 17 concedidas, 12 foron para o Partido Popular; en Lugo, 14 concedidas, 9 para o Partido Popular; Ourense, 23 concedidas, 21 para o Partido Popular; Pontevedra, 21 concedidas, 17 para o Partido Popular; é dicir, practicamente o 80 % das axudas concedidas con esta orde de subvención foron concedidas a concellos do Partido Popular.

Se miramos outras subvencións, como pode ser o Plan Hurbe, pódolle dicir o mesmo: 30 concesións de subvencións, 29 para o Partido Popular.

Esa é a transparencia da que vostedes falan, ese é o diálogo que vostedes propoñen e que ademais manteñen continuamente, xa o vexo.

Pero, mire, na propia Lei de transparencia preocúpanse moito por propoñer cursos para achegar os criterios de transparencia a toda a cidadanía e ao persoal da Administración. Pero realmente creo que os que deben de asistir a estes cursos debe ser o Goberno de Galicia, porque é o primeiro en incumplir a transparencia. (*Aplausos*.) A propia Fegamp acaba de publicar un documento —que agora o coñecerán, porque acaban de desenvolver a Comisión Galega de Cooperación Local, despois de sete anos, recórdolle— denominado «Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais». E no apartado 3.4, sobre transferencias a través de subvencións da Xunta de Galicia, recóllese, entre outros puntos, respectando a autonomía financeira e a suficiencia local, tender á progresiva supresión das subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, mediante a integración paulatina de determinadas subvencións no Fondo de Cooperación Local, e para aquelas subvencións que se

manteñan débense establecer criterios obxectivos e consensuados coas entidades locais para a súa repartición.

Pídelle configurar un mecanismo de estudo e valoración do custo dos servizos financiados parcialmente mediante transferencia pola Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e prestados no ámbito local, así como para o establecemento dun financiamento para a estabilización permanente deses servizos.

Dille tamén que a Xunta debería asumir os servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais e financiados parcialmente mediante transferencias.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Estou rematando xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E no caso das transferencias de capital da Xunta de Galicia, que se desenvolvan a través de fondos específicos mediante o mantemento do PEM e o Fondo Ambiental e creación dun fondo anual para infraestruturas formado polas transferencias de capital con destino aos concellos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E, en aras á transferencia de corresponsabilidade, débense prever instrumentos que permitan unha visualización...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...anual das transferencias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Rodríguez, ten vostede un segundo turno...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—acabo xa— totais recibidas polas entidades locais de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ...no que poderá completar a información que queira facilitar no debate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e establecer medidas que equilibren a dotación anual percibida por cada unha delas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, a ver se son capaz de contestarlle ás cousas que me preguntou nesta interpelación tan construtiva.

Pero, mire, por empezar por onde vostede case rematou, falando de sectarismo, teño máis datos para a réplica, pero eu voulle dar un nada máis. Ano 2014, señor Besteiro, Deputación de Lugo —vostede non estaba aquí, supoño que estaría no Partido Socialista—, era o que tiñan como modelo de todo e supoño que tamén de repartición de subvencións. Provincia de Lugo, 64 % de concellos do PP; convenios da Deputación de Lugo, 28; ¿convenios para concellos do PP? 5. ¿Cartos investidos en convenios? 13; (*Murmurios.*) ¿Cartos investidos en convenios pola Deputación de Lugo polo señor Besteiro e modelo do socialismo naquel momento para concellos do PP? (*Murmurios.*) 811.000 euros. ¿De que nos está falando, señora Rodríguez Rumbo?, ¿de que nos está falando, por favor?, ¿de que nos está falando? (*Aplausos.*)

Despois, tamén podemos falar da época en que vostede era directora de Administración Local, porque tamén repartía cartos, e veremos a súa obxectividade. (*Murmurios.*) Pero, mire, eu vou intentar ser construtivo, é que estes datos non llos pensaba sacar —tiven que tomar nota agora—, porque pensei que iamos falar en serio da cooperación entre concellos e Xunta de Galicia.

Eu empezo a dubidar de que a vostede lle contaran que houbo unha reunión da Comisión Galega de Cooperación Local o xoves pasado. Empezo sinceramente a dubidar de que llo conten, ou que lles interese contalo, porque realmente se despois vén aquí dicir as cousas que está dicindo, pois realmente estase contradicindo cos que dende o seu partido e dende a Administración local en xeral... Porque vostede falou en nome de todos os concellos: todos os concellos son humillados pola Xunta de Galicia, ¡todos! Todos os concellos son ninguneados pola Xunta de Galicia, ¡todos! A todos os concellos estámoslles faltando ao respecto, ¡a todos! ¡Vostede fala en nome de todos! Claro, despois vén o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, que tamén representa a todos os concellos, e di: «A reunión» —esa da que vostede non se enterou, non lle contaron que houbo— «foi ben. Estou vendo que estamos avanzando en determinadas cuestións. A reunión de onte e o ton co que se celebrou» —moi distinto ao que vostede empregou aquí— «paréceme moi interesante; dende logo, pareceume que miramos cara a adiante». (*Aplausos.*) Este é o presidente dos concellos, e despois vén vostede dicir que os ninguneamos, que lles faltamos ao respecto e que os humillamos.

Eu dígolle outra cousa: mire, aprobouse no Consello da Xunta desa mesma mañá unha medida moi importante que había que comunicarlles aos concellos despois. Pero, claro, non é fume, é que vostedes están moi acostumados ao fume; pero cando as cousas se aproban para

executalas, primeiro hai que aprobalas e despois contalas onde hai que contalas, que é na Comisión Galega de Cooperación Local. Alí, nese foro, recén aprobado: isto é o que queremos plantexar.

Porque hai un problema, señora Rodríguez Rumbo: vostede, como ten as orelleiras do secretarismo, cre que todo vai nese sentido, pero non é así..., (*Murmurios.*) non é así. O que hai que facer é tomar medidas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E temos un evidente problema de deslocalización de empresas, señora Rodríguez Rumbo. E queremos que estean en Galicia, non queremos que se vaian, queremos que se instalen aquí. Por iso queremos que, entre todos, se adopten medidas para incentivar a instalación de empresas aquí en Galicia, nos nosos polígonos industriais, nos nosos concellos. Por iso tomamos estas medidas. Por suposto que non son as únicas medidas, por suposto que a Xunta de Galicia tamén ten que tomar e está tomando medidas de fomento, ¡pero tamén o terán que facer os concellos!

Pero ¿como se pode dicir que se a Xunta de Galicia quere que se instalen empresas nos concellos que arbitre medidas de fomento? ¿Que por que os concellos teñen que facer nada? Pero ¿como se pode vir aquí dicir iso? ¡Foi o que vostede dixo! (*Aplausos.*) Se se quere que as empresas se instalen, que se ocupe a Xunta de Galicia..., (*Aplausos.*) isto non é cuestión dos concellos. (*Aplausos.*) ¡Oia!, ¿e se agora vén algún alcalde...?, que non necesariamente ten que ser do Partido Popular, pode selo, pero tamén hai moitos alcaldes que actúan con obxectividade en todos os partidos políticos, afortunadamente. E vostede debería sabelo, porque foi concelleira, porque foi directora da Administración Local. Entón, non entendo como vén aquí dicir estas cousas. ¿E se agora resulta que vén un alcalde e di: si, eu quero establecer bonificacións no IBI porque a min me interesa que se instale unha empresa? (*Murmurios.*) Entón, ¿que pasa? ¿Que ese alcalde ou esa alcaldesa son parvos? ¿Que pasa? ¿Que se deixan humillar, ningunear, faltar ao respecto e non deixan que sexa a Xunta de Galicia a que lles arregle os temas, e que lles diga aos veciños: non, non, aquí se queren que se instalen empresas, que se encargue a Xunta de Galicia, nós estamos para outras cousas; o traballo, os empregos, a actividade e o emprendemento, iso non é cousa dos concellos; que o faga a Xunta de Galicia e que deixe de faltar ao respecto? ¿Que pasa? ¿Que ese alcalde, entón, como lle deixa quedar a vostede co que dixo aquí? Se un alcalde di: si, efectivamente, eu quero sumarme a estes incentivos, eu entendo esta política e vou a por ela, tamén quero que a Xunta de Galicia faga cousas, pero interésame moitísimo, porque o emprego é o primeiro. ¿Non estamos de acordo niso? ¿É un asunto tan secundario como para dicir que se encargue só a Xunta de Galicia? ¿Pedirlle a un concello que colabore tamén é ningunealo?, ¿é humillalo?, ¿é faltarlle ao respecto? ¿De verdade pensa iso?

É que se pensa iso é moi difícil que eu lle poida contestar a todo o que me está preguntando, sinceramente. Vou intentalo, de verdade, pero é que, vendo o que vostede di, vendo o ton no que di que non nos relacionamos cos concellos, vendo, afortunadamente, que empezando el como presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, ao que supoño que vostede tamén lle vai botar unha bronca por dicir que o que quere é chegar a acordos, por dicir que o que quere é construír, por dicir que coa Xunta de Galicia hai que avanzar, loxicamente defendendo cada un as súas competencias, os seus intereses, pero é que son comúns en moitísimos casos. Polo tanto, bótelle vostede unha bronca por dicir que as reunións fan ben e que a Xunta de Galicia intenta colaborar. Nós, desde logo, non o imos facer. E alí había con-

cellos, é un presidente socialista, hai concellos de todas as cores políticas. E, desde logo, eu non me atrevo a falar en nome de todos, atrévome a falar en nome da Xunta de Galicia e a dicir que intentamos colaborar con eles.

E, polo tanto, o tema da financiamento local claro que nos preocupa moitísimo, igual que nos preocupa o financiamento autonómico, e antes haberá que resolver —iso entenderon eles, vostede non o entende, non o quere entender, non o sei—, pero haberá que resolver o financiamento autonómico para resolver o financiamento local. ¿Ou acaso non está dicindo que recursos que agora corresponden á Facenda autonómica pasen á Facenda local?

Haberá que reordenar as competencias. Estou totalmente de acordo con que o tema das competencias necesita un reordenamento, pero que o que necesita agora necesitábo antes, e ninguén o fixo, probablemente porque é unha cuestión que ten moitas implicacións, por suposto tamén políticas, por suposto tamén de planificación e estratéxicas, pero tamén económicas. Por iso, resolvamos o financiamento autonómico antes e vexamos quen ten que facer cada competencia, e, polo tanto, que teña financiamento. E non fagamos dúas administracións, e resulta que cousas importantes non as está facendo ninguén ou estanas facendo sen a dotación orzamentaria axeitada.

Todo iso hai que facelo, pero haberá que facelo sendo lóxicos e sabendo de que cartos dispoñemos. É que diso falamos nesa reunión, en que todos estabamos de acordo. Vostede vén aquí: non, fagámolo xa; sen saber como vai quedar o financiamento autonómico, facémolo xa; pois se o facemos ou non o facemos, farémolo mal. Pero é que niso están de acordo todos os alcaldes e alcaldesas. E vostede vén aquí dicir, igual que di que non ten por que preocuparse un alcalde do emprego no seu concello, pois tampouco ten por que reclamar cartos sen saber de que cartos estamos falando. Polo tanto, claro que o faremos e claro que negociaremos.

¡Oia!, Fondo de Cooperación Local. Xa lle dixen outra vez que tiven ocasión de intervir no Parlamento, á iniciativa súa: o Fondo de Cooperación Local mantívose nos anos en que baixaba. É que a min me encanta falar do Fondo de Cooperación Local con alguén que estivo no Goberno bipartito. Cando os orzamentos, os ingresos da Xunta, que é ao que está referenciado o Fondo de Cooperación Local, subían, resulta que estaba moito máis baixo do que está agora. Nós mantivémolo, blindámolo; baixando os ingresos da Xunta de Galicia, o Fondo de Cooperación Local blindouse. É que, se vostedes tiveran seguido a mesma política, o Fondo de Cooperación Local estaría nunha cantidade moitísimo máis importante que a que vostedes fixaron.

Polo tanto, isto é así, admite poucas discusións. E teñen unha cantidade fixa e despois as liquidacións, e resulta que lles dá menos do que lles daba a Xunta de Galicia en época de crise, cando os ingresos que están referenciados baixaban. E estou moi orgulloso de facelo así, sinceramente. É unha mágoa que vostedes non o fixeran, porque se o fixesen así, probablemente os concellos agora terían ou, polo menos, terían disfrutado durante eses anos de bonanza de moitísimos máis ingresos.

Iso é o fundamental, porque aquí ao final falamos das cifras; despois pode verse como se reparte; pero primeiro fixemos a cifra. E a realidade é que vostedes, subindo os ingresos da

Xunta de Galicia, tiñan o Fondo moito máis baixo e non se lles pasou pola cabeza en ningún caso facer ningún tipo de actuación nese sentido.

A partir de aí, ¡oia!, levamos moito tempo falando, efectivamente, unha reclamación que xa se facía dende hai moitos anos e non fomos capaces, supoño que porque é unha cuestión complicada, de establecer cantas subvencións se poden meter no Fondo para non seguir convocando. Pero é que aquí tamén hai moitas opinións. Hai concellos que poden cofinanciar e din que non están de acordo con iso, outros que din que unha subvención lles interesa que se meta no fondo global e outros que non. E, por iso, non se chegou a un acordo, porque é moi difícil, primeiro, que os concellos identifiquen que subvencións son obxecto desa negociación e que, despois, todos estean de acordo en que se subsuma no Fondo, e iso é así. E, polo tanto, supoño que iso a vostede llo contan, e se me di que é doutra maneira, é que non a están informando ben.

Pregúntame tamén —falaremos diso— respecto de se todas as subvencións van ser por concorrencia competitiva. ¡Oia!, é que son a inmensa maioría. E xa lle dixen outra vez tamén que vostedes tamén tiñan algunha convocatoria onde non se establecía concorrencia competitiva. E iso non quere dicir que non haxa obxectividade, sempre hai razóns.

¡Oia!, vólveme con este tema. Efectivamente, publicamos agora como foi a resolución desas subvencións: 62 concellos fóra, dos cales 42 son do Partido Popular. ¿Que pasa? ¿Que a eses non os avisamos e avisamos uns e outros non? ¿E os que entraron do Partido Socialista? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, entón, todos os concellos do Partido Socialista foron avisados tamén; en cambio, non avisamos os 42 do Partido Popular. ¿Dáse conta do absurdo que é todo este tema? ¿Dáse conta de que isto a quen llo conte, obxectivamente, vai dicir: pero que está vostede dicindo, que está vostede dicindo? E, ao final, hai concellos que entran por ese sistema e outros que non, como supoño que entrarían cando vostedes facían as súas convocatorias.

E, polo tanto, é moi grave que faga esa insinuación, realmente é moi grave que faga esa insinuación, e lévame outra vez a pensar a que se dedicarían vostedes cando tiñan as competencias. Dende logo, pódolle dicir que este goberno non o fai. Falaremos despois doutros exemplos. Se vostede segue con exemplos de repartición, intentareino na segunda parte, porque quedo sen tempo e eu non vou discutir co presidente o tempo que teño establecido, quedo sen tempo. Na segunda intervención intentarei contestarlle a máis cuestións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, señor conselleiro, hai oito anos que nós xa non gobernamos en Galicia. (*Aplausos.*) Seguro que fixemos cousas mal, seguro, e seguro que moitas foron mellorables, pero tamén seguro que melloramos moitísimo, moitísimo, das que viñan feitas. E vostedes teñen a obrigação de seguir na senda de mellorar e non recriminarnos a

nós continuamente... (*Aplausos.*) o que se tiña feito. É a súa obrigaón, oito anos despois, non volver para atrás.

E mire, non lle consinto que me chame sectaria. Sectarios tenos vostede bastante no seu partido e sectario é o que lle acabo de ensinar dun 80 % da subvencións que vaian para o seu partido; iso é sectario, ¿vale?

Mire, vostede dime que tiveron unha reunión da Comisión Galega de Cooperación Local. É verdade, e o presidente manifestou que avanzaron. ¡Home, claro!, ¿como non ían avanzar: despois de sete anos, convocala? Iso xa é un avance, porque non tiñan absolutamente nada..., (*Aplausos.*), nada; iso é un avance, porque non tiñan nada. Ningunearon os concellos durante sete anos, ¿vale?

E, ademais, recordo perfectamente as palabras do presidente, que coa proposta que anunciou o presidente da Xunta pola mañá dixo que estudarían a proposta, que podería ser interesante. Pero foi o único que dixo, porque é un caballero, e dixo que a ían mirar. Analizada e vista e contrastada con cantidade de alcaldes, non lles parece tan correcta, e seguro que aos seus tampouco.

E mire, non me volva dicir que os concellos van renunciar ao emprego. Claro que non renuncian, o problema é que non teñen financiamento suficiente para poder crear emprego, ¿entenden? (*Aplausos.*) Non teñen financiamento suficiente. E, entre outras cousas, as competencias en emprego, se non me equivoco, son de vostedes.

E, por outro lado, voulle dicir unha cousa: se un concello quere bonificar e o pode facer, que o faga; nós non estamos en contra diso; pero entra na vontade política dese concello e como unha política que eles queren aplicar e que poden aplicar no seu concello. O que me parece un insulto é que vostedes pretendan que todos os concellos o fagan, porque se lle ocorreu a proba á Xunta de Galicia. E iso si que me parece un insulto, e iso si que me parece un ninguneo.

De todas formas, xa que vostede fala do financiamento local, que é o primeiro tema e o máis importante, alégrome moito, porque nós rexistramos unha Proposición de lei de financiamento local. Espero que a miren con cariño e que a saquemos adiante, porque o máis necesario a día de hoxe é isto. (*Murmurios.*) Non, xa sei que vostedes é difícil que aproben algo que presentemos nós, pero, en calquera caso..., (*Aplausos.*) pretendémolo. Sen comentarios.

E mire, non me fale, por favor, das deputacións, ¿vale?, non me fale das deputacións, porque mire, voulle dicir: a Deputación da Coruña acaba de sacar o plan único para todos os concellos, no que pon 74 millóns de euros para 93 concellos e que ao final chegarán a 100 millóns, e recórdolle: Fondo de Cooperación Local, Xunta de Galicia, 119 millóns para 313 concellos. E son fondos non finalistas..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non finalistas. — Non estou falando con vostede—. Na Deputación de Lugo..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) se quere, comparamos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!, e escoiten a quen está no uso da palabra. ¡Silencio! E xa me ocupo eu. Grazas, señor Fermín, grazas. ¡Silencio, por favor!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Na Deputación de Lugo, señor conselleiro, se quere, falamos da época de Cacharro, ¿vale? *(Aplausos.)* Pero agora mesmo son 20 millóns de euros para 67 concellos. E na Deputación de Pontevedra, se quere, falámoslle de Louzán, e aí tamén podemos falar de sectarismo: 41,2 millóns de euros para 61 concellos. *(Aplausos.)*

Insisto: de todos os xeitos, voulle volver plantexar o que xa plantexamos por escrito na nosa interpelación. Espero que me conteste e que, de verdade, sexa construtivo, e non veña aquí falar —¡vamos!— de calquera cousa.

¿Ten previsto o Goberno galego suprimir parte das subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais e integrais no Fondo de Cooperación Local? ¿Ten previsto o Goberno galego negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias para a repartición das subvencións ou axudas convocadas pola Xunta de Galicia? ¿Vai o Goberno galego establecer en todas as convocatorias de subvencións ou axudas a concorrência competitiva, para garantir a igualdade de acceso a todas as entidades locais que cumpran cos requisitos establecidos? ¿Que medidas ten previsto establecer o Goberno galego para permitir a simplificación e axilización dos trámites que deben realizar as entidades locais e que garantan a percepción do financiamento establecido no momento da concesión da subvención ou sinatura do convenio? ¿Ten previsto o Goberno galego establecer unha mesa de negociación paritaria entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, e que non tarde outros sete anos, para estudar, valorar e establecer os mecanismos necesarios que desenvolvan cada un dos puntos incluídos no documento aprobado pola Fegamp?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, as competencias de emprego son de vostedes. *(Murmurios.)* Iso dínolo unha persoa —supoño— que vive o municipalismo e di: non, non, as competencias de emprego son da Xunta de Galicia, non me fale de emprego, que iso non son cousas dos concellos, ocúpense vostedes. ¿Dáse conta de que é o mesmo...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, efectivamente, as competencias de emprego son de vostedes, que eu saiba —dixo, é verdade—, que eu saiba. Está claro que non o sabe, señora Rodríguez Rumbo, está claro que non o sabe.

Pero, claro, volve falar en nome de todos os concellos e acaba vostede de anunciar practicamente que ningún concello se vai sumar ás propostas da Xunta de Galicia para favorecer a instalación de emprendedores nos concellos, porque o estiveron vendo e non lles gustou. Vostede xa fala en nome de todo o mundo. É que son voluntarios. Polo tanto, supoño que o

que se adhira —porque estou seguro de que algún concello o fará, e non sei de que cores políticas, porque aquí falamos de obxectividade, sinceramente, non de cores políticas—, o alcalde que o faga será porque está humillado, ninguneado e faltado ao respecto pola Xunta de Galicia. A ver que cara lle pon a vostede cando os concellos digan: pois si, efectivamente, merece a pena este esforzo, porque o importante é o emprego, aínda que —segundo a señora Rodríguez Rumbo— non sexa cousa nosa e sexa cousa da Xunta de Galicia.

É cousa de todo o mundo, empezando polos veciños e veciñas. E, por tanto, por iso facemos estas propostas, para intentar mellorar. Eu agardo que non lle riña, de verdade. Xa vexo que despois matizou a súa postura respecto ao que dicía o presidente da Fegamp. Volvo dicir que dixo que parece que iso que lle lin está nunha entrevista da Radio Galega. E é lóxico, é o que pasou, claro que si. É que a reunión foi ben e se fixeron moitas cousas e se avanzou durante estes anos. Agora hai que avanzar moitísimo máis, e claro que hai que falar moitísimo máis, e eu mesmo foi o que dixen dende o principio, que estas reunións que debe ter a Comisión Galega de Cooperación Local mesmo eu teño outro formato, porque reunións houbo moitas, e, se non, os centros de saúde que vostedes puxeron no Pacto local e non transferiron nin o primeiro, cando había bonanza económica e fomos transferindo nós, ¿de que cre que veu, se non de reunións das que estamos falando? ¿Se hai que facer a Comisión Galega de Cooperación Local agora como un órgano estable e con reunións? Ten razón o presidente da Fegamp, eu doulla, e iso vaise facer, pero con acordos, non simplemente para, cando un ten cartos, dicir que vai entregalos e despois pasan catro anos.

O Pacto local foi no ano 2006, vostedes chegaron ao ano 2009 e non había nada transferido e si que había un enorme lío polo tema das emerxencias. Xa falamos diso outras veces e, polo tanto, non vou insistir.

Dime vostede que non mire o pasado. Que non o mire vostede, que vostede pasa de Lugo, do señor Cacharro, a falar do presidente da Deputación da Coruña, pero é que en medio estivo o referente do socialismo. Vólvolle dicir: o referente tamén supoño que á hora de repartir subvencións, das que vostede vén dar leccións, que coincidiu no goberno da Deputación cando vostede estaba no Goberno da Xunta de Galicia.

¿Quere que lle dea outro dato? Convenios, xa llos dei antes. Subvencións nominativas, 515.000, collendo un ano calquera; para concellos do PP, que eran case o 80 %, 76.000 euros. Pero, claro, di: non lle consinto que me chame sectaria. ¡Oia!, pois non nolo chame a nós. Porque tamén lle podo dar outro dato: convenios no ano 2008 —da Consellería da que vostede é directora de Administración Local—: 1,95 millóns en convenios asinados. ¿Sabe cantos en porcentaxe foron para concellos do PP no ano 2008? O que resta de darlles o 87,4 % aos concellos que non eran do PP, menos dun 13 % para concellos do PP. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, tiña que equilibrar, aí está o sectarismo, tiña que equilibrar. *(Murmurios.)* Señora Rodríguez Rumbo, cando o fai o PP, é sectarismo, e cando o fan vostedes, é equilibrio. Ese é o conto que os ten a vostedes nas bancadas da oposición; *(Aplausos.)* efectivamente, ese é o conto que os ten a vostedes nas bancadas da oposición.

Mire, de verdade que é moi difícil falar en serio de financiamento cunha persoa que me di que cando non é obxectiva é que está reequilibrando, pero vou intentalo, de verdade. Pero quedo

con esa frase, porque a partir de agora poderíamos usalo. Non vai ser o caso e eu sempre citaría as fontes autorizadas, que son vostedes, supoño que o seu grupo, que non a descualifica dicindo iso; é dicir, oia: o que estamos facendo é reequilibrar. Pero non o imos facer, sinceramente. Imos intentar seguir sendo obxectivos, imos intentar seguir negociando cunha entidade sensata, dirixida por persoas sensatas, como é a Fegamp, que sabe que, por exemplo, no tema do emprego é algo que lles importa moi directamente aos concellos, que están esperando propostas tamén sensatas da Xunta de Galicia e que pouco a pouco iremos avanzando.

Temos previstas moitas medidas. Irémolas desenvolvendo no seo da Comisión Galega de Cooperación Local. Vostede, como é unha entidade que non recoñece, porque di que nos dedicamos a ningunear a todos os concellos que están alí representados, probablemente non se enterará, pero eu agardo sinceramente que, facendo un esforzo, os seus compañeiros sexan capaces de contarllo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto 7º da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os certames de promoción e comercialización do sector turístico nos que vai participar Galicia desde febreiro ata finais de 2017

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, o pasado ano 2016 foi o cuarto ano consecutivo no que Galicia rexistrou melloras substanciais en todos os datos turísticos. Un ano máis Galicia acadou máximos históricos tanto en viaxeiros aloxados, incrementándose en máis dun 7 %, chegando así aos 5 millóns de turistas, unha cifra histórica para Galicia, así como nas pernoitas, nas que se chegaron a superar os 10 millóns.

Cómpre destacar que o peso do turismo internacional é importante, porque é o turista que máis gasta; superou un 28 %, e estamos a falar doutra cifra récord. Pero xa viñamos no ano 2015 doutras cifras récord, incrementándose neste ano con respecto ao 2014 os niveis de viaxeiros nun 5,8 % e as pernoitas nun 7,2 %. Estamos a falar, polo tanto, dun sector estratéxico da nosa economía, no que cada vez máis o turismo ten un peso máis relevante, superando o 11 % e o 12 % do emprego.

Esta Semana Santa que acaba de pasar augura que o 2017 será outro ano récord, con novas cifras que volverán ser máximos históricos, tamén no que respecta á rendibilidade, un dato que non é baladí.

Non hai máis que botarlles unha ollada aos titulares de prensa desta Semana Santa: *Colapso turístico en Galicia, Galicia como si fuera agosto*. Na provincia de Ourense os hoteis superaron o

75 % de ocupación e na cidade o 98 %. *Galicia se prepara para un puente de mayo como el de Semana Santa. Las visitas al patrimonio de Galicia crecieron un 40 % en esta Semana Santa, llegando a los 70.000 visitantes.*

A sondaxe do Clúster de Turismo de Galicia, a priori e a posteriori, reflicte que a ocupación final superou con creces unhas moi optimistas previsións de ocupación que tiñan. É unha ocupación practicamente plena en todos os destinos de Galicia, en todas as categorías, aínda que si é certo que a maior categoría, maior ocupación. E isto nun contexto de incremento de tarifas, independentemente do propio incremento da propia tempada, de tempada alta.

Os propios hoteleiros falan dun incremento do gasto por turista e día, polo que estamos a falar de que a Galicia se achegan cada vez turistas de máis calidade. Eu penso, señor vicepresidente, que isto non debe ser froito do *hashtag* de turismo de «marisco baratísimo» de Podemos, senón que Galicia ten unha excelente relación calidade-prezo en todos os produtos gastronómicos, turísticos, e non nos merecemos o desprezo cara ao traballo dos nosos percebeiros e das nosas mariscadoras para obter o mellor marisco do mundo; temos unha moi boa relación, pero non temos un marisco baratísimo; dende logo, a xente do común non o pode comer nin todos os días nin todos os meses.

Estes resultados son máis ben froito do bo facer do Goberno...,

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...da súa folla estratéxica de ruta e... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Formule a pregunta, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...da promoción turística. E neste eido vai o 2017.

¿Onde se vai facer esta promoción turística ao longo deste ano?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Pois si, señora Romero, efectivamente, apostamos por outro tipo de promoción e probablemente por iso, probablemente non, seguro por iso se van acadando outro tipo de resultados, bos.

Vaise facer moita promoción fóra, efectivamente, porque o que nos interesa é que veña xente de fóra e mais que veña xente con capacidade de desfrutar aquí da nosa terra, desfrutar de todo o que podemos ofrecerlle, e que tamén gaste cartos e que deixe recursos económicos. Polo tanto, vaise saír a 46 feiras sectoriais, encontros profesionais, que son cinco máis que o ano pasado, que xa foi notable a cifra, pero vendo os resultados por aquí hai que perseverar. En total, son 33 certames internacionais e 13 nacionais.

Vou dicirlle os máis importantes: a de Fitur —xa se celebrou, xa estivemos—, a Feira de Berlín, a Feira de Londres, que terá lugar en novembro. Insisto, por dicir os máis importantes: a Feira de Jata (en Toquio), outra en Montreal (Canadá) en outubro, outra en Brasil e, por último, en decembro, unha en China.

Como ve, son destinos en principio con potencial para que a xente que alí está, onde facemos a promoción, veña aquí e despois cumpra eses requisitos que dicimos, que teña potencial adquisitivo, para que realmente se poida desenvolver non só a cifra de visitantes, senón ese turismo de calidade, ese turismo con capacidade adquisitiva que estamos buscando tamén.

No ámbito nacional en todos os certames turísticos importantes que se organizan en España terán presenza por suposto a Xunta de Galicia. Xa lle dixen: Fitur xa se celebrou, xa se celebrou tamén un certame en Pamplona e estivemos en San Sebastián tamén, hai un agora en Barcelona e tamén participaremos no mes de novembro en Valladolid.

Xa lle digo: ao final a intención é facer unha promoción planificada, unha promoción nos lugares onde realmente sexa efectiva, onde sirva para traer visitantes, sobre todo novos visitantes, á parte de conservar por suposto aqueles que desexen repetir. E a idea é captar xente en destinos de orixe, para despois recibilos aquí con potencial, para que veña un número importante e un turismo de calidade.

Imos seguir promocionando, por suposto, os nosos recursos máis senlleiros. Creo que o tesouro que supón, dende todos os puntos de vista, pero atendendo dende o punto de vista do turismo, o Camiño de Santiago hai que seguir promocionándoo, en todos os seus eidos: en turismo, en saúde, turismo náutico, cicloturismo, gastronomía, turismo de reunións.

Por aí imos incidir moito e unha parte de estratexia desa promoción nos lugares que lle dixen vai ir por aí, e ao final, respecto dos datos que se rexistraron o ano pasado, 2016, case 5 millóns de viaxeiros, 10 millóns de pernoitas, creo que non é aventurado —hai que traballar, por suposto, hai que intentar facer as cousas ben, como se están facendo, creo— dicir que estas cifras, que parecían impensables non hai moito tempo, se poden superar neste mesmo ano 2017, e de aquí en adiante marcar cada ano unha barreira cara a arriba. Por moi difícil que pareza, creo que é posible se as cousas se fan ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Sen dúbida estamos a vivir un momento único no turismo en Galicia e evidentemente, fóra de brincadeiras, é froito do bo facer do Goberno, da boa estratexia de turismo de Galicia e, por suposto, das boas políticas en promoción turística, como acaba de dar conta, porque a promoción turística é imprescindible par darnos a coñecer no resto do mundo e porque temos un bo produto, dunha excelente relación calidade-prezo, e temos que ser quen de comercializalo.

Acaba de aprobarse no Consello da Xunta a nova Estratexia de turismo de Galicia para o ano 2020, para seguir traballando, xunto co sector e coas outras administracións, polo propio sector, para solventar as eivas, para prepararnos para a chegada do tren de alta velocidade, para prepararnos para o próximo Ano Santo 2021, pero, sobre todo, para consolidar a nosa comunidade como un destino diferenciado, sustentable, competitivo e adaptado aos cambios de mercado.

Por iso, señor vicepresidente, a comercialización ¿que papel vai ter nesta nova Estratexia de turismo para o ano 2020? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Pois moi importante, señora Romero. O que se chama no argot do sector o turismo receptivo, sobre todo as axencias de viaxes, que son as que teñen que canalizar todo o que se pode ofrecer para facelo chegar a aqueles clientes potenciais en todas estas partes do mundo e que teñen tamén unha parte importante na promoción que se fai máis alá de Galicia, van estar especialmente implicadas. Xa o estiveron na súa elaboración e agora no seu desenvolvemento nesta estratexia, que xa está en marcha, dende o ano 2017 ata o ano 2020.

Seguir mellorando as oficinas de turismo, a atención que se dá, eses puntos de información, moitas veces puntos de entrada para acceder a todos os nosos recursos, seguir incidindo moito. Creo que é fundamental, ademais, nun mundo tan competitivo como é o do turismo e nun mundo tan global ao que aspiramos para captar visitantes, todo o que ten que ver coas novas tecnoloxías e as inmensas posibilidades que dan en materia de turismo. E ao final os resultados pois terán que ir vindo, igual que viñeron nesta Semana Santa.

Saben que os datos, afortunadamente —eu creo que nisto nos xogamos todos moito e a todos benefician—, desta Semana Santa son moi bos, francamente bos, rozando ocupacións case do 100 % nalgúns destinos. É certo que nos moi turísticos xa de por si, pero no Grove, en Cambados, rozaron o 100 %, en Lugo tamén, e noutros moitos sitios estiveron en cifras moi altas, máis do 80 %; falamos da Ribeira Sacra, Santiago de Compostela, Sanxenxo..., arredor do 90 % en moitísimos casos.

Isto hai que mantelo, hai que intentar que sexa non só en datas moi sinaladas, como pode ser o verán, a Semana Santa; agora tamén na ponte de maio temos outra oportunidade de captar sobre todo turismo nacional e, dende logo, a iso nos imos aplicar.

Xa dicía antes que o Camiño de Santiago segue sendo un tesouro que debemos coidar para preservalo e para engrandecelo, para que non perda a súa esencia, para que siga sendo atractivo por moitas razóns, pero creo que pensar que de luns a domingo 10.000 peregrinos chegaron a Santiago —de peregrinos rexistrados estou falando— e que máis de 6.000 o fixeran en apenas tres días, os que foron do xoves ata o domingo, fala ben ás claras de que aquí as cousas tamén se están facendo ben, pero que aínda se poden facer mellor.

Polo tanto —xa lle digo—, traballaremos moito co sector receptivo, traballaremos moito nesta estratexia a longo prazo, como se deben de facer as cousas. Xa eran a longo prazo —estou falando de número de anos— as estratexias anteriores, e o que ben é certo é que inflúen moitos factores, pero o que amosaron é que seguimos subindo.

As cifras que agora manexamos e, sobre todo, ás que aspiramos —insisto— parecían impensables, irrealizables, absolutamente utópicas hai uns anos. Díxose naquel momento que, se as cousas se facían ben, eran realizables. Xa están conseguidas. Imos intentar aspirar agora a cousas que parecen moi difíciles e estou seguro de que, se as cousas se fan ben, no ano 2020 diremos que son unha realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a exclusión das pemes galegas debida á redacción dos pregos de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos dependentes da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, o pasado 25 de xaneiro de 2017 a Consellería de Presidencia licitou un macroconcurso de limpeza de instalacións dependentes da Xunta de Galicia. A forma de redacción dos pregos de contratación fixo que soamente puidesen concorrer a el catro grandes empresas, todas elas de fóra de Galicia.

A consecuencia deste concurso foi, polo tanto, a expulsión da contratación administrativa de todas as empresas do sector que ata ese momento estaban actuando, pequenas e medianas empresas con sede tributaria no noso país e que xeran aquí todo o seu emprego.

Baixo a excusa dunha centralización na contratación e argumentos de economías de escala, que producen aforros máis ben pírricos para a nosa Administración, a redacción de pregos está determinando a imposibilidade de acceso das pemes á contratación pública de carácter estratéxico que fai a Xunta de Galicia e, polo tanto, a Administración pública galega.

Nós pensamos que isto xera unhas economías positivas, na medida en que se producen varios efectos, varias tonalidades que benefician o noso país e a nosa economía.

En primeiro lugar, estas empresas, que teñen a sede fiscal en Galicia, xeran riqueza no noso país e pagan os seus impostos na comunidade autónoma. En segundo lugar, empregan traballadores do país, non soamente en relación cos traballadores e ás traballadoras nos que existe obrigación de subrogar, senón porque todos os cargos directivos e cadros medios de supervisión e dirección son tamén contratados do propio país.

As provisións de servizos que estas empresas facían dentro da comunidade autónoma en relación con outras empresas que lles fornecían os propios produtos de limpeza e se facían así, e que con estas empresas adxudicatarias non se producirán xamais, dan lugar a que consideremos que a forma de contratar inflúe de xeito determinante tanto no emprego no noso país como na xeración de fluxos positivos para a nosa economía.

En definitiva, a forma de contratar escollida pola Xunta de Galicia empobrece o noso país, na medida en que esa adxudicación deixa fóra as pequenas e medianas empresas, déixase de tributar aquí, déixase de traballar aquí, déixase de fornecer servizos aquí.

O máis grave desta situación, na nosa opinión, é que con isto se está conculcando incluso a normativa galega, a Lei 14/2013, o seu artigo 29, onde se establece o fomento da contratación de pequenas e medianas empresas, e mesmo as directivas comunitarias, como a 2014/24 da Unión Europea, que se fixo en reacción ao dato constatado de que as pemes constituían o 98 % do tecido produtivo da Unión Europea e contrataban menos do 31 % dos servizos das contratacións públicas.

En relación con isto, queríamos formularlle varias preguntas, ou unha pregunta. A pregunta que pecha o sistema sería: ¿que interese ten o Goberno galego ou por que decide que da contratación pública estratéxica se deixen fóra as pemes do noso país, neste caso no sector da limpeza? Nós supoñemos que terán calculado cales son os aforros que se producen, cales son os postos de traballo que se aforran ou que se xeran, cales son as economías positivas e negativas que isto produce. Gustaríanos que nos explicasen todo isto porque, do contrario, entenderíamos que un sector que está nunha situación moi delicada, como é o caso das pemes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: En segundo lugar, en relación —e remato— coa contratación dos servizos, que é un traballo especialmente precario, como falabamos aquí á primeira hora da mañá e sobre todo no que o 90 % das empregadas son mulleres, non entendemos como se pode producir este xeito de contratación.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, pois perda todo coidado, que a preocupación polas pemes é compartida pola Xunta de Galicia, sen ningunha dúbida, por moitas razóns, que son moi difíciles de discutir: primeiro, porque, efectivamente, forman unha parte fundamental do tecido empresarial, do emprendemento, empregan a moitísima xente na nosa terra e, polo tanto, son un sector que debe coidarse especialmente. E, segundo, ademais, porque é a nosa obriga como administración —e dentro da legalidade, por suposto— favorecer a libre concorrència e favorecer, cando sexa posible e cando obxectivamente proceda, o máximo acceso daqueles que desexen presentarse a calquera contrato da Administración.

Eu creo que, xa lle digo, poucas dúbidas debe haber sobre isto e, por se acaso fixera falta demostralo, aí están as iniciativas da Xunta de Galicia nestes últimos anos, como a Lei 14/2013 —vostede falaba dela—, de racionalización do sector público autonómico, que é unha obriga facilitar o acceso das pequenas e medianas empresas aos procedementos de contratación pública, ou como o Plan de mellora da contratación pública 2014 —referíase a el vostede tamén—, que tamén o fixemos nós e que tamén vai neste sentido. Todo isto derivou nunha guía para unha contratación pública aberta ás pemes que é de obrigado cumprimento —e, por suposto, coñecemento para poder cumprila— para todos os sectores da Xunta de Galicia que realizan contratación.

Polo tanto, como a teoría hai que levala á práctica, eu doulle cifras. O sector das pemes, efectivamente, é moi amplo en Galicia, pero, por circunscribilo, no sector da limpeza, que é o que é obxecto desta iniciativa súa, doulle datos: ano 2015, houbo —estou falando de contratación da Xunta de Galicia en servizos asociados á limpeza— 53 contratos, dos cales 45 foron de menos dun millón de euros, a maioría de menos, dunha cantidade moi inferior, pero díggolle un millón porque é a cifra sinalada polo propio representante destas pemes como o límite onde a partir de aí se pode facer máis complicado poder concorrer a estas licitacións.

No 2016 mellorouse bastante —son os últimos datos que teño—. Estamos aínda no ano 2017 —ano en curso—, 180 contratos asociados dende a Xunta de Galicia —e sigo falando de asociados ao servizo limpeza—, dos cales 172, menos dun millón de euros. Volvo insistir en que é o límite sinalado polas propias pemes. Co cal, e deixando xa para o caso concreto a segunda parte da intervención, quería deixar claro nesta primeira intervención que non hai, senón todo o contrario, ningunha actitude da Xunta de Galicia contraria á contratación das pemes, antes ben ao contrario así o acreditan estes datos nos que, insisto, porque falamos do tema da limpeza se refiren ao sector da limpeza. Se abríramos o abano, veríamos que noutros sectores tamén onde participan as pemes as estatísticas serían bastante coincidentes coas que lle acabo de dar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, nós diverxemos desa forma de interpretar a realidade en relación coa contratación, sobre todo no sector da limpeza, que é o caso que nos ocupa. Por darlle un exemplo concreto tamén, e simplemente con relación a este tipo de contratos que xa afectan a pequenas e medianas empresas, non como outro do que eu lle falaba, coñecía-se esta propia semana que na Universidade Laboral de Ourense está en proceso de licitación o concurso de limpeza, que agora leva Serlym Galicia, onde non se están atendendo adecuadamente as necesidades do centro e a licitación non se axusta ás propias necesidades. Estanse eliminando postos de traballo de 17 a 15, mentres que a superficie de traballo aumenta, e isto é unha constante en todos os contratos de limpeza. Esta situación está recoñecida nos xulgados e é denunciada, neste caso, ademais, polo propio Consello Escolar da Universidade Laboral.

Pero, máis aló diso, en relación co macroconcurso ao que nos estamos referindo e con independencia dese concurso ao que vostede se refire, chamo a atención da expulsión completa das pemes á opción do concurso do que se está falando. Vostede está dicindo que se está favorecendo a concorrência das pequenas e medianas empresas a este sector cando o certo é que, polo volume de contratación, non teñen medios técnicos para poder asistir, para poder concorrer, de tal maneira que non poden resultar ser adxudicatarias.

No anterior concurso de limpeza, en 2014, realizado sobre 323.000 metros cadrados, son empregados 664 traballadores e traballadoras; agora, en 2017, realizados sobre 765.000 metros cadrados, empregárase a 516. Isto significa, ademais, unha cousa, e é que a forma de contratar está aumentando a superficie de traballo por cada traballador ou traballadora contratada, pasando a 260 metros cadrados adicionais, polo tanto, a un 20 % máis de superficie por cada traballador ou traballadora, impedindo, ademais, que as pequenas e medianas empresas poidan concorrer a eses traballos. Polo tanto, menos adxudicación, unha única adxudicación a unha única empresa, máis traballo para as persoas que van estar subrogadas e expulsión de traballo na nosa terra para as persoas en postos de dirección e de supervisión. Estes datos, ademais, son achegados polas empresas do sector, a patronal, que agrupa 900 empresas, que supoñen 20.000 traballadores...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...dos cales 17.000 son mulleres.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato simplemente cunha reflexión sobre a política de emprego que isto supón.

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: Poderíase aprobar a contratación administrativa, poderíase empregar a contratación pública estratéxica para fomentar o emprego de calidade, sen embargo, non se está facendo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Villares, como lle dicía na primeira intervención, centrándome no caso concreto e sen ningún ánimo de fuxir do mesmo: contratación dos servizos e contratación centralizada —é certo— dos servizos de limpeza da Xunta de Galicia, non de todos os centros, pero si dunha parte importante, que, por certo, vén dende hai moitos anos, xa vén dende a época do Bipartito e de antes; é dicir, seguindo unha práctica de moitas administracións. Por certo, co mesmo adxudicatario que hai actualmente e, polo tanto, cunha vontade de, como é obriga da Administración tamén, optimizar recursos, preservando os dereitos dos traballadores. Dígoo porque a vostede lle consta perfectamente —por se queda algunha sensación de que non se está cumprindo a legalidade— que houbo un recurso dos licitadores, pemes concretamente, ante o Tribunal Central de Recursos Contractuais que xa foi fallado e que lle deu a razón á Xunta de Galicia dicindo que se actuara dentro da máis estrita legalidade. Creo que isto é importante deixalo claro.

A partir de aí eu non lle chamaría pírricos aos aforros. Unha administración tamén está obrigada a mirar neste sentido, preservando os dereitos destes traballadores, que tamén habería moito que falar aí, porque vostede coñece igual ca min que houbo varios membros do comité de empresa que desautorizaron publicamente as iniciativas dunha parte do comité dicindo que estaban de acordo co que se estaba facendo e en como se estaba actuando. Dígoo da parte da empresa. E, polo tanto, isto hai que deixalo claro, unha vez deixado claro tamén que a Xunta de Galicia actuou —e así o dixo o Tribunal de Recursos Contractuais— dentro da legalidade.

Xa lle digo, non lle chamaría pírricos aos aforros porque, por facer un pequeno historial, no ano 2008 —por darlle unha cifra global—, son case 15 millóns de euros os que se teñen aforrado pola Xunta de Galicia, centralizando os contratos e intentando manter sempre os postos de traballo. Sabe vostede que é así porque entre cambio de contrato e cambio de contrato, salvo algunha renuncia, os postos de traballo de subrogación mantéñense. ¡Oia!, pasamos de 6,6 millóns no contrato do 2008 e 46 centros a 5,5 millóns e 52 centros; é dicir, máis centros con menos custo no contrato do ano 2012. No contrato vixente actualmente, 7 millóns e 75 centros, e no ano 2017 xa deu vostede as cifras.

Polo tanto, hai un aforro importante, á parte da débeda que houbo que ir asumindo e que herdamos no ano 2009. É unha obriga da Administración administrar ben os recursos e intentar acudir, cando se ve que obxectivamente e legalmente é posible, a este tipo de contratación. O cal non quere dicir que, efectivamente —e aí están as leis para dicilo e a Guía de contratación á que antes me refería—, haxa que favorecer a adxudicación por lotes cando sexa posible. Hai un compromiso que se adquiriu en reunións que houbo cos representantes das pemes de encargar —e xa está encargada— unha auditoría externa para que non haxa ningunha sospeita de que xa intentamos adiantar os resultados para ver se realmente, man-

tendo os principios de eficiencia e de aforro no gasto público, é posible neste caso facer unha división por lotes e, polo tanto, favorecer o acceso de máis empresas, sempre mantendo o emprego e sempre mantendo as condicións laborais dos traballadores. A iso aspiramos, que non lle caiba ningunha dúbida, non hai ningunha outra intención, e intentamos conxugar —que ás veces non é nada sinxelo, se non, estaría feito en todas as ocasións— a obriga de ter unha administración cunha boa xestión de recursos públicos coa necesaria —e é necesario porque é certo que hai un déficit— facilitación do acceso das pemes a todas as licitacións, insisto, cando sexa posible, que non sempre é posible; pero si que é posible sempre intentar facelo e intentar que así poida ser realidade.

Neste caso, imos ver o que di esa auditoría e, dende logo, se é así, en sucesivas ocasións e en sucesivos contratos, non só os de limpeza, a Xunta de Galicia terao en conta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Debátense agora de xeito acumulado dúas preguntas:

Pregunta de de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas xerados nas condicións laborais do persoal e na atención prestada como consecuencia do traslado á Estrada dos servizos 061 e 112, de atención das urxencias médicas e das emerxencias

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o traslado do persoal adscrito ao Servizo de Atención de Emerxencias de Galicia 112 ás novas dependencias na Estrada nas mellores condicións

O señor PRESIDENTE: Comeza no turno de palabra a deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, alégrome de que hoxe poidamos vernos aquí. Dígollo con sinceridade porque xa pensaba que non iamos poder dialogar sobre o traslado das emerxencias en Galicia, entre outras cousas porque sabe vostede que non permitiu a esta deputada visitar os centros de emerxencias, nin o novo que acaban de inaugurar nin o antigo que leva anos funcionando. E tamén porque vostede nin sequera acusa recibo das peticións que esta deputada lle fixo para reunirnos e tratar este tema. Agora queixarase de que teñamos que discutir este tema no Pleno, sen embargo, non hai posibilidade nin pola nosa parte nin pola dos traballadores e traballadoras de reunirse con vostede.

O que vimos falar aquí é un tema moi delicado, porque estamos falando da atención ás emerxencias, falamos de vidas, e por iso a xestión deste servizo debera ser moi importante para a Xunta de Galicia e non debera xerar conflitos onde non os había nin escatimar en investi-

mento nos profesionais que teñen que atender as emerxencias; sen embargo, non se explica, precisamente, que o investimento, en vez de mellorar como traballan as persoas que teñen que atender as emerxencias deste país, moitas polo convenio de telemárketing, se adique a facer un enorme edificio tipo suma que dá mostra dunha actitude megalómana, como se a estrutura *per se* implicase un mellor servizo; unha estrutura que se decidiu de xeito unilateral, sen diálogo, e un capricho que custou 10 millóns de euros que pagamos todos as galegas e galegos, e ademais mal planificado. Teño aquí, de feito, unha licitación dunha ampliación posterior —posterior a que vostedes mesmos inaugurasen o propio centro— que custou outros 400.000 euros. Iso cando hai tres anos estaban investindo na central de Compostela. Pero, repito, tres anos despois deste investimento, traslado a 30 quilómetros dun novo centro de traballo, á Estrada, empregando, gastando dez millóns de euros, e unha obra entregada ao empresario coruñés Luis Vilariño.

Pero peor que esa presunta megalomanía é —ou polo menos peor aínda que o gasto dificilmente xustificable— a ausencia de vontade de sentar a negociar as condicións laborais e as condicións dese traslado cos traballadores e as traballadoras. Levan xa case dúas semanas en folga indefinida e vostedes permanecen impasibles. Cando estes traballadores e traballadoras que manexan algo tan delicado deciden ir a unha folga é porque xa non hai outra opción, e vostedes non sentan a falar con elas e eles.

Ter o servizo privatizado é unha responsabilidade política e, polo tanto, a responsabilidade de xestión máxima segue sendo súa, señor Rueda. Son eles ou elas os que teñen que facer fronte aos custos dun desprazamento que implica 14.000 quilómetros anuais de desprazamento ao seu centro de traballo. ¿Onde está a conciliación laboral e familiar no seu departamento, señor Rueda? Un custo que calculan, para persoas mileuristas, en torno a 3.000 euros anuais. Vostedes desoen e non queren sentar tampouco cando lles advertiron que non funcionaba correctamente o sistema informático...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Hoxe estiveron media hora recollendo as emerxencias con papel e lapis.

Seguirei no seguinte turno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Formula agora a pregunta o deputado do Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas presidente.

Señor conselleiro, sen ánimo de reiterar, evidentemente, a parte expositiva que presentou a voceira anterior por parte de En Marea, é certo que, despois de todo o que ten acontecido, a convocatoria de folga por parte do comité de empresa dos servizos do 112 segue en marcha; é certo que os servizos mínimos decretados do cen por cento e publicados no *Diario Oficial de Galicia* duns días antes do 12 de abril foron anulados por excesivos, por abusivos, por parte

do correspondente xulgado; e é certo que a situación de folga segue actualmente. A situación que a todos nos preocupa é dobre nesta materia. Por unha banda, a situación laboral do persoal que está traballando de forma externalizada no servizo 112, porque vai ter que asumir custos adicionais con motivo deste traslado sen que houbera o necesario proceso de negociación e de acordos sindicais, e por iso aínda temos a folga en marcha. Por outra parte, a preocupación é dobre desde o punto de vista da consideración dos servizos que están a xestionar. Temos noticias, e se non son así —precisamente por iso facemos a pregunta—, rogámoslle que nos aclare se a nova plataforma está dando resposta suficientemente ás capacidades que existían na instalación anterior.

Temos noticias, non sei se é así, se non, por iso lle pedimos que nos explique se o sistema de aviso é SMS, se o sistema de preasignación de recursos e o sistema —importantísimo— de xeolocalización están dando as respostas necesarias.

Chama a atención que na pasada Comisión 1ª o director xeral de Emerxencias viñera alí dicirnos a todos os grupos que o traslado estaba producíndose con absoluta e total normalidade. Non pode haber normalidade cando temos unha situación de folga e cando, en principio, salvo outra explicación técnica convincente, os fallos que está dando a plataforma son os que acabo de relatar.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Solla e señor Villoslada. Saúdo tamén os representantes do comité de empresa, que creo que se atopan na tribuna.

Por suposto que con moitísimo gusto dou... Dígollo, señora Solla, porque dicía que me ten que preguntar aquí. Pódeme preguntar en calquera momento sobre este tema. Non foi un traslado sorpresivo, nin moito menos. Polo tanto, toda a información que sexa necesaria, como é a miña obriga. Por suposto, sen ningún problema estou disposto a darlla en sede parlamentaria. Outra cousa é que vostede plantexe unha visita no momento en que se está facendo o traslado, e explicóuselle exactamente cales eran as razóns para non acceder nese momento.

Supoño, señor Villoslada —e perdoen que vaia intercambiando entre un e outro—, que non está en discusión —a señora Solla entendo que si— por parte do Partido Socialista a necesidade de buscar unha nova sede para o 112. Non é a primeira vez que eu explico neste Parlamento como no ano 2009 estaba tomada a decisión —tan tomada que existía un proxecto no que valía o edificio tanto como o edificio e a plataforma agora— para trasladar a sede do 112 ao concello de Oroso. Por certo, xa coa plataforma contratada, antes incluso de que se soubera como ía ser o edificio, polo procedemento secreto. Iso tamén hai que dicilo.

Había cousas moi curiosas respecto desa iniciativa que xa estaba tomada, e que truncou o resultado electoral, para trasladar un goberno socialista e do BNG o 112 ao concello de Oroso. Supoño que vostedes pensarían que nun novo centro se podían desenvolver mellor as potencialidades de atención ás emerxencias en Galicia e que o centro que había en San Marcos non era o axeitado, a pesar de que era necesario. E así quixemos facer arranxos urxentes para todo este tempo unha vez que se tomou a decisión.

Efectivamente, señora Solla, vostede dicía aquí que era unha decisión política. ¡Home!, política no senso de que é un goberno quen a decide, despois de analizar moitos parámetros absolutamente obxectivos. Vostede di que hai moitos expertos en emerxencias que din que non procedía o traslado. Eu pódolle dicir que tamén hai moitos expertos en emerxencias que din que o traslado foi unha decisión acertada e que, sen ningunha dúbida, a atención ás emerxencias mellora, e mellora moito, nas novas instalacións. E non só polo edificio en si, que, evidentemente, é un edificio máis moderno e máis cómodo, senón tamén —e sobre todo— pola plataforma tecnolóxica, que permite unha atención integrada e integral, onde ademais van estar —e xa o outro día o estiveron visitando— as forzas e corpos de seguridade do Estado, para ter presenza tamén aí.

Creo que é moi importante esa atención integral que pretendemos dar ás emerxencias. Hai outros, pero supoño que eles tamén algo entenderán de atención ás emerxencias e pareceulles un centro que podía cumprir as mellores expectativas. Polo tanto, esa foi a decisión que tomamos.

Está a polémica nos medios de comunicación e coñecémola perfectamente, de primeira man, non exenta de polémica por unha serie de razóns, pero a nosa obriga era, primeiro, analizar se o cambio procedía. Unha vez decidido que si, ao pensar que se melloraba —non esquezamos que estamos falando dunha mellor atención ás emerxencias—, planificar o traslado, planificación que se fixo durante moitos meses, nos que se lles deu a formación necesaria aos traballadores e traballadoras —formación individual, formación colectiva, formación que, por suposto, pode seguir se é necesario— e despois planificar un traslado que non era fácil e que se veu complicado pola convocatoria de folga, pero que se levou a cabo —teño que dicilo— sen incidencias que puxeran en perigo o fundamental, que é a atención ás emerxencias.

Volvo agradecer a profesionalidade dos traballadores. Volvo agradecer o traballo de moito persoal técnico que estivo, está e estará alí velando e coordinando para que todo funcione ben. E estou seguro de que a partir de agora se verán os beneficios de apostar, de facer un investimento, para prestar un mellor servizo e unha mellor atención ás emerxencias.

Creo sinceramente, señora Solla, que non é responsable dicir —como dixo vostede en twitter— que coa atención desde o novo centro aumentan os tempos de resposta e daríase un peor servizo en casos como o de Angrois. Non é responsable iso, sinceramente. Non llo podo admitir como responsable das emerxencias en Galicia. E creo que hai cousas que non se poden dicir simplemente por intentar sacar réditos políticos.

Evidentemente, as emerxencias son algo moi delicado, hai que intentar facelo o mellor posible, e non se pode, alegremente, facer este tipo de declaracións.

Eu alégrome e celebro que fomos quen de facer o traslado, e alégrome e celebro que a partir de agora sexamos quen de prestar un mellor servizo de atención ás emerxencias, e irase vendo a curto prazo. Sen prexuízo das reivindicacións dos traballadores, que nós temos que respectar. Pero tamén lle temos que dicir que é un servizo xestionado por xestión indirecta, xa antes do ano 2009, e a nosa obrigación —como así o fixemos— é intentar mediar entre os representantes dos traballadores e a empresa da que dependen. Iso fíxose ata en sete ocasións, e eu non perdo as esperanzas de que finalmente se chegue a un acordo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, alégrome de que me siga no twitter, pero, ¿sabe que lle digo?, que o que é irresponsable, señor Rueda, é facer un traslado cando non é certo que se dese a formación axeitada aos traballadores e traballadoras. Vostede non está contando a realidade. Son esas plantillas as que estaban advertindo —e por iso teñen que ir a unha folga— de que non se podía facer efectivo o traslado mentres non estivese funcionando e operativo ao cen por cento o sistema informático —un sistema, por certo, no que gastaron 1 millón de euros, máis medio millón de euros nos sistemas para aloxalo—, de que non se podía facer efectivo o traslado nesas condicións, sen que vostedes se sentasen a negociar as condicións laborais e retributivas e sen que estivese cento por cento seguro que o sistema ía funcionar axeitadamente. Non lles deron a formación axeitada. Lévano denunciando desde antes de iniciar a folga. E precisamente ese é un dos motivos.

Evidentemente que se incrementan os tempos de traslado, non para as emerxencias que atenden as persoas que están na central, pero se hai unha catástrofe como foi o accidente de Angrois, esas persoas que están no seu domicilio teñen que desprazarse 31 quilómetros a esa nova central. Evidentemente nese caso, e no caso das persoas que están localizadas nos seus domicilios, si que se incrementan os tempos de resposta. Está claro.

Pero non fai falta chegar a iso. Os tempos de resposta estanse incrementando porque o sistema operativo non funciona. Xa lle dixen, hoxe estivo parado media hora, collendo as atencións ás emerxencias con papel e lapis. E están chamando aos servizos de bombeiros e do 061, en ocasións, cos seus teléfonos móbiles particulares.

Señor Rueda, ¿vostede considera que iso é responsable? ¿Vostede considera que está facendo unha boa actuación? Nós consideramos que non só sobarda o asunto da megalomanía no caso do edificio, senón que hai certa prepotencia e falla de respecto incluso aos dereitos de folga dos traballadores e das traballadoras.

Señor Rueda, preguntámoslle hoxe que ten pensado facer a Xunta de Galicia ante todos estes problemas xurdidos do traslado e que vai facer para resolver as condicións laborais destes profesionais.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor conselleiro, polo menos non parece moi responsable, ou por dicilo en positivo/negativo, parece irresponsable facer ese traslado cunha folga convocada e que aínda continúa.

Non nos deu resposta. Eu pediría que se nos respondera aquí e, sobre todo, que tamén se nos respondera polo miúdo na Comisión 1ª a se a plataforma está fallando nos diferentes aspectos que lle comentei; é importante.

Nós tamén pedíramos na Comisión 5ª unha visita a esas instalacións, tanto con motivo do traslado do 061 como do 112, que tampouco fora atendida. Nun tema como o traslado dun servizo tan esencial como o 112 ese escurantismo tampouco nos parece adecuado.

Pero é que tamén os propios representantes do Corpo Nacional de Policía están a protestar porque, con motivo da instalación das salas únicas do 091 de Vigo e da Coruña, resulta que sen efectivos suficientes parece ser que van ter que asignar tamén efectivos a esta sala.

Entón eu creo que este asunto require moitas máis respostas das que se nos están dando neste hemicycle, porque realmente a situación non pode continuar desta forma —insisto— nun servizo tan clave como o 112.

E o que lle preguntaría tamén —para volver tratar de buscar esa resposta— é se van tratar de chegar a un acordo de condicións laborais con estes preto de 90 traballadores de servizos externalizados que en principio estiman que van ver minoradas as súas retribucións polo tema dos traslados nun 15 %.

Por favor, cheguen a un acordo, informen sobre a situación da plataforma e respecten, por suposto, o dereito de folga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas.

Señora Solla e señor Villoslada, encantado, e creo que é conveniente que visiten o centro. Unha vez que está feito o traslado e que está funcionando creo que é cando hai que velo, e avaliar realmente o que alí está sucedendo. Eu creo que é o momento, e alégrome moitísimo,

de verdade. Igual que celebro que fagan as preguntas. Por certo, estaban rexistradas antes do traslado e xa falaban dos problemas xurdidos no traslado. (*Murmurios.*) Supoño que o lóxico era esperar a que se realizara o traslado, e despois, á vista do que sucedera, facelas con maior obxectividade e con maior coñecemento de causa. Pero decidiron facelo así, supoño que intentando sacar réditos máis alá do que realmente pretenden preguntar.

Que non lles caiba ningunha dúbida de que se a Xunta de Galicia, os técnicos da Xunta de Galicia... Parece que aquí todo é política, pero non é política, son os magníficos técnicos de emerxencias que ten a Xunta de Galicia os que deciden se se dan ou non se dan as condicións para facer o traslado. E que non lle caiba ningunha dúbida, por moitísimas razóns que son fáciles de entender, de que se os técnicos dixeran que non se podía facer o traslado, o traslado non se faría ata que os técnicos desen luz verde.

E iso foi o que sucedeu. Fíxose o traslado e a día de hoxe están atendidas 17.000 chamadas e máis de 3.700 incidencias. E eu volvo dicir e volvo insistir en que, grazas á profesionalidade de moita xente que está traballando alí, o servizo estase desenvolvendo como se ten que desenvolver un servizo de emerxencias, con profesionalidade, atendendo a xente que chama e cunha plataforma que, loxicamente, se acaba de instalar, pero está funcionando e está funcionando ben. ¿Que terá que ir evolucionando? Ben, como evolucionou a plataforma anterior unha vez que foi instalada. Pero está prestando un servizo fundamental sen poñer en risco, en ningún caso, a integridade da xente que chama —na inmensa maioría dos casos— nunha situación complicada.

Polo tanto, a decisión de construír o centro debeuse á intención —e creo que o conseguimos— de mellorar a atención ás emerxencias. E volvo dicir que a Xunta de Galicia, no papel que lle corresponde, intentou mediar entre empresa e traballadores. Hai unha serie de condicións postas enriba da mesa, e deben ser os representantes dos traballadores e os propios traballadores os que decidan se aceptan ou non. Non é certo, señora Solla. Vostede fala de que a situación de todos os traballadores é a mesma respecto da ubicación física, e sabe de sobra que non é así. E claro, se non falamos obxectivamente, é moi difícil.

Eu non a sigo en twitter, como supoño que vostede non me segue a min. Pero é que hai cousas que se din e que transcenden o propio seguimento, e cando son cousas irresponsables e ditas... Fala de irresponsabilidade e de prepotencia. Pois creo que é un pouco prepotente dicir directamente que a partir de agora non está garantida a seguridade das persoas e que as emerxencias en Galicia se atopan practicamente nun estado crítico. Non é así, afortunadamente.

Polo tanto, esta decisión —ao final ten unha parte de decisión política porque é un goberno quen a toma— tómase despois de analizar moitos datos obxectivos, moitos parámetros técnicos, por pensar que con este movemento e con esta nova ubicación vai mellorar, sen dúbida, non só o contorno senón tamén as condicións en que se presta o servizo de atención ás emerxencias.

Polo tanto, a obriga dun goberno é facer as cousas para que vaian mellor, e creo que neste caso en pouco tempo se vai acreditar que así é.

Insisto na invitación a que visiten o centro. Eu creo que é bo. Está feito con recursos públicos, e, polo tanto, os representantes de todos os galegos e galegas deben ser os primeiros en coñecer como se invisten os cartos e como melloran servizos tan esenciais como as emerxencias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Jacobo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.)*

Por favor, por favor, non está permitido iso na tribuna.

Servizos da Cámara, axuden os nosos invitados a abandonar o hemiciclo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.)*

Por favor, servizos da Cámara, axuden os nosos invitados a abandonar o hemiciclo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.)*

Por favor, non está permitido iso na tribuna.

Axuden os nosos invitados, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. Silencio, por favor. Por favor, non está permitido isto na tribuna. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna do público.)* Por favor, axúdena a saír da tribuna.

Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non sei. *(Murmurios.)* Pero é que non sei o que me está dicindo. *(Murmurios.)* Non sei. Non sei o que me está dicindo. *(Murmurios.)* É que non sei... Se me pide a palabra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero eu non o vin. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que é o que pasou? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero eu non sei. Se alguén me di que é o que pasou, podo tomar algunha determinación, pero é que non sei de que me falan. *(Murmurios.)* Non o sei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, se mo din, eu podo tomar algunha determinación. *(Murmurios.)* ¿Cal é o problema? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cal é o problema? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(Pide a palabra a señora Prado del Río.)

Diga, si. Déanlle voz ao escano da señora Prado.

¿Cal é o problema?

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente.

En primeiro lugar, quero saber se os deputados desta Cámara podemos facer fotos e gravar desde o noso escano. Se é así, gustaríame sabelo.

O señor PRESIDENTE: Non está permitido.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, como non é así, a min gustaríame que a señora Pontón, como acaba de facer unha gravación dun acto ilegal, que o aporte aos Servizos Xurídicos da Cámara para tomar as decisións oportunas. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* ¡Silencio, por favor!

Non está permitido. Iso creo que o saben todos os deputados. Non está permitido isto. Non se pode gravar, e eu vixiarei. Agora, o que non podo é, se non o vin...

En todo caso, iso non está permitido. Non se pode gravar. Os deputados non poden gravar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non se pode, son as normas do Parlamento. Se se fixo, está mal feito. Perdón por non telo visto, pero non podo atender a todas as cousas á vez. *(Murmurios.)* É imposible. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, pois non sei. *(Murmurios.)*

Bueno, creo que todos os deputados saben que iso non se pode facer. Pídolles a súa colaboración a todos os deputados; non o pido só nin para un lado nin para o outro, a todos. Non se poden facer fotos nin se pode gravar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E eu tampouco podo estar atento a todo porque, ademais, é moi difícil atender a todo así dunha vez. *(Murmurios.)*

Imos á pregunta. Creo que quedou claro, e agora, afortunadamente, podemos seguir co pleno con toda normalidade.

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Jacobo Moreira, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa primeira convocatoria de oposicións reservada de xeito exclusivo a persoas con discapacidade intelectual que terá lugar o día 8 de abril de 2017 en Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Está claro que algúns deputados non saben que a principal función dun deputado non é gravar, pero así andamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.) (Aplausos.)*

Bos días, señor conselleiro.

O pasado 8 de abril tivo lugar en Santiago de Compostela o primeiro proceso selectivo da historia da Xunta de Galicia —creo que isto é bastante relevante e subliñable— reservado exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual, e, polas noticias que temos, inscribíronse 429 persoas aspirantes.

Xa en xaneiro de 2015 a Fundación Down solicitara expresamente ao vicepresidente da Xunta de Galicia a convocatoria dunhas oposicións específicas para persoas con discapacidade intelectual, e dous anos despois a boa nova é que xa se convocou o primeiro exame. Para levar a cabo este proceso a consellería que vostede dirixe mantivo unha colaboración con representantes de Down Galicia e da Federación Galega de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento, Fademga, co obxecto de facilitar a entrada deste colectivo na Xunta de Galicia. Tamén foi necesaria a colaboración da Consellería de Política Social e dos órganos equivalentes doutras comunidades autónomas na valoración dos informes sobre o tipo de discapacidade dos aspirantes. Cremos, polo tanto, que foi unha actuación transversal exemplar.

A nosa pregunta vai referida a que nos explique cal é a valoración, señor conselleiro, que fai a Xunta de Galicia desta primeira convocatoria de oposicións reservadas exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Ao respecto quero indicarlle tres cuestións. En primeiro lugar, efectivamente, como moi ben dicía, é a primeira vez que se realiza esta convocatoria e estamos moi satisfeitos de como se desenvolveu. Efectivamente, quixemos asinar un convenio con Down Galicia e con Fademga para levar a cabo este proceso coa mellor compañía posible e nas mellores condicións. E, polo tanto, en primeiro lugar, o meu agradecemento, e dunha maneira moi especial para estas entidades pola súa colaboración. En marzo do 2016 aparecía no DOG esta primeira convocatoria de seis prazas de persoal laboral na categoría de ordenanza e o pasado 8 de abril, efectivamente, realizamos o primeiro exercicio en Santiago.

A segunda cuestión. Creio —e xa ía sendo hora— que estamos ante un acto de normalidade e, como un acto de normalidade que debe ser, incardinado, como todo proceso selectivo, pois o que pretendemos é poñer bos funcionarios para atender os nosos servizos públicos. Un acto, ademais, que responde a unha clara demanda social, e proba diso é que temos dous factores: a alta concorrencia que vostede identificaba moi ben, en concreto, 429 persoas; e a alta participación. Presentáronse 352 persoas, é dicir, o 82 %, cando nos procesos de selección desenvolto por Función Pública o normal é aproximarse ao 60 %. Polo tanto, houbo unha resposta excepcional e que confirma que existía esa demanda por parte da cidadanía.

Tampouco quixemos regatear medios. O dispositivo e o operativo que montamos foron: 75 persoas —desde psicólogos, enfermeiras e coidadores— que pilotaron todo o exercicio que foi desenvolto ese día en Santiago. E agora, como todos coñecen, a próxima semana sairán as notas e rapidamente procederemos ao que é o segundo exame —quen o teña que realizar, por non ter habilitación suficiente— da proba de galego, que será unha proba de tipo test de dez preguntas. O obxectivo final é que no último trimestre deste ano as persoas seleccionadas estean, efectivamente, incorporadas ao seu traballo.

E a terceira cuestión que lle quero trasladar é que logo deste primeiro paso imos continuar por este camiño, pois cremos no emprego público inclusivo. Proximamente, en cuestión dun mes ou dous, convocaremos outras 16 prazas na Administración xeral, 4 delas por primeira vez de auxiliares administrativos. E no Sergas imos convocar 17 prazas de celador.

Pero tamén, logo de falar coas organizacións sindicais, a nosa intención é abrir unha lista separada de emprego temporal para persoas con discapacidade intelectual. Polo tanto, haberá continuidade e novas oportunidades de emprego para este tipo de persoas.

Reitérolle, polo tanto, señoría, a satisfacción deste goberno co proceso, tal como se está desenvolvendo, e creo estar seguro de que será compartida...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...pola inmensa maioría dos membros desta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor conselleiro, por detallarnos o alcance desta iniciativa pioneira da Xunta de Galicia.

Creo que é importante que trouxésemos este tema ao pleno para que o poidan escoitar todos os deputados desta Cámara, o conxunto de deputados e tamén o conxunto da poboación de Galicia. E dígoo porque da integración de persoas con discapacidade falouse hai poucos días nunha comisión na que os deputados da oposición nin sequera tiveron o máis mínimo interese en escoitar o que quería dicir o Partido Popular dese tema. Iso si, saíron dicindo que non tiñamos corazón porque non quixeramos aprobar as súas xenerallidades.

E hoxe, conselleiro, quedou ben claro que o Grupo Popular o que aproba son medidas concretas e que o Grupo Popular cando fala non é con iniciativas baleiras senón con feitos: 6 prazas nesta convocatoria, máis de 30 na seguinte e lista de emprego temporal, como vos tede nos acaba de responder, señor conselleiro. Polo tanto, son persoas concretas con disca-

pacidade intelectual que van lograr unha integración laboral na Xunta de Galicia, na Administración pública, grazas a unha iniciativa dun goberno do Partido Popular.

E o que nos preguntamos é por que, se tan preocupados están por este tema, non fixeron esta convocatoria nas deputacións provinciais ou nos concellos onde gobernan, porque nós non coñecemos ningunha iniciativa. Mesmo hai grupos municipais do Partido Popular como o de Santiago que teñen presentado propostas neste sentido. Podían facelo perfectamente, pero os grupos da Marea e o resto de partidos da oposición non o teñen feito.

Nós témolo claro, por iso impulsamos esta medida e por iso apoiamos, señor conselleiro, que a Xunta de Galicia continúe e amplíe isto da man das entidades sociais, do mesmo xeito que aprobamos que da man do sector se estea reservando unha porcentaxe dos contratos da Xunta aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral de persoas con discapacidade; unha medida que se puxo en marcha —non hai que esquecerlo— grazas a unha lei que se votou nesta Cámara no ano 2013. E esa lei os que din ter tantísimo corazón, por certo, votárona en contra, señor conselleiro.

Mire, señor conselleiro, se algo saben as persoas con discapacidade e as entidades que traballan con elas é que o que menos necesitan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: ...é sentimentalismo e, en cambio, o que necesitan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: ...é compromisos como os da súa consellería e como o da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Como lle indicaba na miña anterior intervención, o relevante desta primeira convocatoria é que por primeira vez pasamos das palabras e das xeneralidades aos feitos. E é que persoas moi concretas van obter un traballo fixo na Xunta de Galicia por primeira vez.

Desde a Xunta apostamos dunha maneira clarísima polo emprego inclusivo, pero que abrangue tanto a fase de selección á que nos estamos a referir como tamén o desempeño dos postos de traballo. Por iso, o convenio que asinamos con Down Galicia e Fademga para que nos acompañen nesta incorporación e adaptación que, no seu caso, se poida producir nos novos postos

de traballo. Porque nesta materia, como noutras —como é ben coñecido da Cámara—, non improvisamos. Isto xa estaba basicamente recollido, porque tamén impulsamos a súa inquietude nas distintas asociacións cando estabamos elaborando o Plan estratéxico 2015. Eles trasladábanos que tivésenos en conta as súas prioridades, que tamén puidésemos crear emprego público estable e eliminar calquera tipo de discriminación. E, como ben saben vostedes, así queda recollido no propio Plan estratéxico; Plan estratéxico no que, agora que xa pasou o tempo onde, a pesar da época de crise, mantivemos estables os efectivos públicos, podemos ir e afondar no carácter inclusivo que lle queremos dar ao emprego, manter a dinamización social e a igualdade e tamén afrontar outras das cuestións que ata hai moi pouco eran pouco máis ou menos que chanzas por parte da oposición respecto do reto demográfico.

Pero é que, ao mesmo tempo —en coherencia con todo o que estamos facendo—, outras medidas de acompañamento e perfectamente correlacionadas tanto co Plan estratéxico como coa Lei de emprego público están recollidas na Estratexia galega de discapacidade 2015-2020. En definitiva, había unha demanda e hai unha demanda que esta Xunta fai súa dentro das súas posibilidades, e cada vez camiñamos máis cara a unha cuestión puramente transversal, como no seu momento foi, e na que aínda temos moito que avanzar, como pode ser o tema do xénero. Eu creo que falta incidir sobre a cuestión da inclusión social.

Pero o máis importante a día de hoxe para este que lles fala é que quixera facer unha invitación ás grandes administracións provinciais e locais e tamén ás universitarias de Galicia para que nos imiten, porque é moi desexable que esas deputacións e grandes corporacións, como as universidades, reserven parte da súa taxa de reposición e que aproben convocatorias específicas para este tipo de persoas. Contarán con toda a nosa colaboración e apoio, e poremos á disposición deles a nosa experiencia nesta actuación de emprego público inclusivo da que particularmente me sinto moi congratulado de desenvolverla e que creo que está sendo un éxito.

Os meus parabéns para os que entren a traballar e para os que verdadeiramente teñen unha oportunidade por primeira vez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona María Monserrat Prado Cores, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRADO CORES: Moi bo día —case tarde—, señor conselleiro.

O vindeiro luns celébrase o 1º de maio. É unha data adoptada pola clase obreira internacional como o día de loita polos dereitos laborais en homenaxe aos mártires de Chicago, que foron masacrados por loitar pola xornada laboral de oito horas. E este 1º de maio do ano 2017,

cento vinte e oito anos despois, a clase obreira galega vai saír á rúa a reclamar a recuperación de dereitos laborais, a reclamar a derogación das infames reformas laborais, tan lesivas para a clase traballadora, a reclamar dereitos que tiñamos hai oito anos e que hoxe non temos e a reclamar a restitución dos dereitos roubados. Nestes últimos oito anos atacaron por terra, mar e aire os principais dereitos conquistados pola clase traballadora na súa loita histórica e constante, e, amparados pola escusa da crise, tomaron por asalto as pensións, os dereitos laborais, os salarios, reduciron a protección social, a cobertura sanitaria, tendo como consecuencia pobreza, señor conselleiro. Hoxe a pobreza está relacionada con traballo precario, con contratos parciais, con miles de galegos e galegas que esgotaron as prestacións por desemprego, co 32 % dos traballadores e traballadoras que teñen un salario inferior ao salario mínimo interprofesional.

A isto temos que sumar que nestes oito anos máis de 130.000 galegos e galegas, principalmente mozos e mozas, marcharon á emigración buscando o traballo que non atopan aquí na terra. O Goberno do PP ten condenado a estes miles de mozos e mozas a este éxodo masivo. Esta é a realidade de Galiza. E o Estado español é o único caso no que o total dos salarios da clase traballadora descendeu nestes últimos anos un 11 %; incluso subiu o salario en Portugal, en Alemaña ou en Francia. E as reformas laborais conseguiron o que se propoñían: traballar máis e cobrar menos. Neste contexto xeral, a poboación activa en Galiza, no período da era Feijóo, nestas dúas últimas lexislaturas, non fixo máis que diminuír: 60.000 persoas menos, 4.600 no ano 2016, para que non me veña con que foi unha cuestión do pasado, senón recente. O drama é que deses a inmensa maioría son menores de 35 anos; 135.000 persoas activas menos en Galiza nos últimos oito anos menores de 35 anos. Unha redución de máis do 11 % de persoas activas, e ademais neses mozos e mozas menores de 35 anos foi onde máis descendeu o emprego.

Por iso lle preguntamos, señor conselleiro: ¿que valoración fai desta caída de persoas activas en Galiza, durante o período, a era de Núñez Feijóo? ¿Que lle parece que a clase traballadora galega teña que saír á rúa no ano 2017 reclamar dereitos que tiña hai uns anos e que as súas políticas roubaron?...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: E ese discurso de recuperación que o PP pregoa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente—...

O señor PRESIDENTE: Non, xa está, grazas.

A señora PRADO CORES: ...se fora real, ¿como explica que a poboación activa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...non aumente, cando teoricamente o produto interior bruto si vai aumentar?

O señor PRESIDENTE: Xa se coñece...

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Repоста do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señora Prado, efectivamente, celebraremos todos o día 1 de maio, o Día do Traballo. Todos celebraremos a recuperación de dereitos; todos celebraremos, efectivamente, a loita polo traballo e polos dereitos dos traballadores, porque nós tamén somos traballadores. (*Aplausos.*)

E, dito isto, señora Prado, creo que esta lectura tan parcial que vostede vén aquí trasladar a este Parlamento é simplemente unha visión moi miope da situación da economía que ten o Bloque Nacionalista Galego, porque eu lle podía trasladar tamén datos concretos da economía galega. ¿Por que non fala de que en Galicia está crescendo o produto interior bruto o 3,4 %, por riba da media española? ¿Por que non fala de que o índice de produción industrial está crescendo máis dun 6 % por riba da economía española? ¿Por que non fala de que Galicia leva o ciclo exportador máis importante de toda a súa historia nos últimos catro anos e de que estamos crescendo tamén e estamos facturando máis de 20.000 millóns de euros? ¿Por que non fala tamén de que o comercio polo miúdo e a confianza dos consumidores tamén se está mellorando?

E, se quere falar de emprego, ¿por que non di que realmente levamos creando emprego —señora Prado, creando emprego— os últimos tres anos? E só no último ano Galicia ten preto de 20.000 afiliacións máis á Seguridade Social. ¿Por que non fala desa realidade tamén? É unha realidade, polo tanto, como ve, totalmente parcial.

Pero, efectivamente, eu creo que hai que falar da realidade que ten a situación do mercado laboral en Galicia, e esa realidade, señoría, non é tan sinxela como quere trasladar aquí; non é tan sinxela. E se realmente vostede quere facer un bo diagnóstico —se quere, que eu creo que non é esa a súa intención—, creo que ten que ter un pouco de amplitude de miras. Polo tanto, a situación do mercado laboral sabe perfectamente que tamén ten unha vertente demográfica, da cal vostede non quere falar.

Sabe perfectamente que temos menos persoas activas, porque tamén temos menos poboación en Galicia, sábeo perfectamente. E sabe perfectamente, se quere falar da taxa de actividade —que, por certo, como sabe tamén, a diminución desa taxa de actividade foi dun punto; os últimos oito anos, un punto—, que esa taxa de actividade entre os menores de 25 anos é tradicionalmente máis baixa en comparación co resto do Estado, pero agora máis —señora Prado, na réplica detallareille os datos—. E sabe perfectamente que esa taxa de actividade se está reducindo fundamentalmente nos máis xoves, señoría, que están —creo que afortunadamente— dedicándose con máis intensidade á formación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Detallareille os datos na réplica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz.

A señora PRADO CORES: Dícialle que xa nos dirá a que manifestación vai ir, porque a clase obreira galega ten pouco que celebrar e moito que reivindicar.

Eu, efectivamente, díxenlle que nun contexto onde vai medrar o PIB, e resulta que a poboación activa non medra, significa, ¿que significa, señor conselleiro? Que ese aumento da renda se acumula nunhas poucas máis e non se redistribúe entre o conxunto da poboación, entre o conxunto da clase traballadora.

Precisamente, esa é a realidade da que lle quero falar hoxe, señor conselleiro, esa é a realidade da que lle quero falar. E non estou a falarlle aquí de datos estatísticos, non estamos falando de datos estatísticos, nin sequera dunha batalla de cifras, estamos a falar dun país que esmorece e de que vostedes e as súas políticas están condenando a Galiza, aos galegos e ás galegas, a vivir a vida pobre dun país rico. Están condenando a vivir a vida pobre dun país rico coas súas políticas, porque as cousas non pasan porque si, pasan porque alguén toma decisións, *(Aplausos.)* e as decisións que o Partido Popular está tomando fan precisamente que eses datos sexan así, que aumente o PIB en beneficio duns poucos e que a maioría estea moitísimo peor.

¿Que futuro cre vostede que vai ter un país que en oito anos perdeu o 11 % da poboación activa en menores de 35 anos e o 10 % de emprego en menores de 35 anos? ¿Que futuro vai ter? ¿Cal é o futuro dun país con estes datos? E a pregunta é: ¿cando teñen pensado facer algo para cambiar, para reverter esta situación?

Señor conselleiro, vostede non pode vir aquí de comentarista dunha situación e dicir: só falo dos datos que a min me conveñen. Eu veño falarlle de poboación activa. Mire, veño falarlle de que se entre o ano 2008 e 2009 as rendas medias dos galegos con respecto á Unión Europea estaban no 89 %, agora están 21 puntos por debaixo, no 79 %. Esa é a realidade da media, xa non lle quero dicir a realidade da clase obreira galega. Os datos son...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...que a renda media galega per capita é 6.000 euros menor...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que a media da Unión Europea... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Prado, eu veño dar datos reais, non lle veño comentar nada, e veño responder a súa pregunta, loxicamente.

Pero eu creo que o Día do Traballo sería unha boa oportunidade para que se dirixira o seu grupo parlamentario aos traballadores de Reganosa, aos traballadores de Ence, aos traballadores das centrais térmicas... *(Murmurios.)* En definitiva, de todas as empresas que vostedes queren pechar en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sería, creo, que un bo exercicio.

En calquera caso, como vostedes sempre veñen aquí, claro, sen datos..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pois, loxicamente, é moi difícil establecer un debate claro. Pero, señoría, sabe perfectamente que o saldo migratorio de Galicia co estranxeiro, entre as persoas de entre 16 e 29 anos, foi positivo, e é positivo dende o ano 2009. Esa é a realidade. Vostedes queren dicir aquí que os xoves se van de Galicia porque non teñen oportunidades. Non, vostedes empéñanse en pecharlles oportunidades porque non queren apoiar ningún tipo de desenvolvemento industrial en Galicia.

En calquera caso, señoría, vostede fálame de datos, e eu véñolle falar de datos. E vostede —díxenllo na primeira intervención— non quere falar de que en Galicia temos un problema demográfico, o seu grupo non quere falar diso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, se temos un problema, creo que, efectivamente, hai que abordalo. Pero non queren falar porque non lles interesa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi ben, pois se non lles interesa, loxicamente, estarán vendo sempre unha situación parcial.

Pero eu si lle vou trasladar os datos. Sabe que, efectivamente, temos menos persoas activas porque temos menos poboación, iso é unha realidade. Pero, señoría, se colle os datos da taxa de actividade, verá que esa taxa de actividade aumenta en todos os tramos por riba dos 25 anos. Esa é a realidade. *Se incrementa*, dígollo en castelán, con bilingüismo cordial: *se incrementa*. E sabe perfectamente que no tramo de 16 a 24 diminúe, é certo. En concreto, o tramo de 16 a 19 anos diminúe dende o 20 % ao 5 %. ¿E que lle parece se casa este dato co feito de que a taxa de abandono educativo temperán pasou do 25 % no primeiro trimestre de 2009 ao 13 %, unha diminución do 12 % na taxa de abandono educativo? Case estas dúas cifras e seguramente empezará a encontrar un camiño distinto para a evolución da taxa de actividade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da autorización da venda das concesións hidroeléctricas adxudicadas a Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde, señor conselleiro.

Xa nos dixo o vicepresidente da Xunta, señor Rueda, que preguntar por Ferroatlántica cando os seus propietarios están imputados por financiar o Partido Popular é populista. Pois se preocuparse polas traballadoras e traballadores de Ferroatlántica é populismo, ¡viva o populismo! Non sei que entenden vostedes con esa palabra. Preguntámoslles a vostedes: ¿como se chama defender os intereses de presuntos delincuentes? É sorprendente que consideren inapropiado avisar o Goberno de que está a negociar con presuntos delincuentes aos que non se pode dar a mínima credibilidade, como tampouco hai que ter en conta as apreciacións de sindicatos estatais que non teñen nada que dicir nin decidir sobre os bens públicos de Galicia, o que supón unha inxerencia verdadeiramente inaudita.

Se queren ter información solvente e con coñecemento de causa, pregúntelles aos membros do comité de empresa de Cee e Dumbría que nos acompañan hoxe aquí no Parlamento, despois de abandonar os seus respectivos sindicatos por non contemplar en absoluto os intereses da zona, porque de verdade eles si coñecen moi ben a utilidade pública das centrais hidráulicas, como foi durante decenas dos últimos anos.

A maior garantía para a viabilidade dunha empresa é controlar os seus *inputs* principais, neste caso o cuarzo e a enerxía. Polo tanto, a maior garantía para o emprego nas factorías de Cee e Dumbría é manter a propiedade das centrais hidráulicas, o demais son entelequias e intereses meramente financeiros alleos aos intereses de Galicia e do emprego na zona.

Non lle dean máis voltas e néguense a negociar nada con persoas que non merecen o máis mínimo crédito. A mellor maneira de financiar o necesario plan industrial para Cee e Dumbría é cos rendementos das centrais dentro da propia compañía.

Polo tanto, por unha vez máis, volvemos preguntar ao Goberno da Xunta, que esperamos que a estas alturas xa teña información suficiente: ¿pensa a Xunta de Galicia autorizar a venda das concesións dos ríos Xallas e Grande para dar soporte a unha operación exclusivamente financeira e especulativa sen ningunha garantía real de reinvestimento na zona, eludindo o ben público polo que foron adxudicadas, como é a garantía da viabilidade e o emprego nas factorías de Cee e Dumbría?

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, permítame que as miñas primeiras palabras nesta pregunta sexan para desexar-lles unha pronta recuperación aos traballadores de Ferroatlántica que resultaron feridos no accidente da semana pasada. Loxicamente, esa é a principal preocupación que temos nestes momentos.

En segundo lugar, vostede volve aquí outra vez máis intentar trasladar unha realidade que só ve, neste caso, o Grupo de En Marea.

Fala vostede de especulacións. Mire, aquí o único que especula é vostede, porque afirmar que a Xunta de Galicia está a buscar algún tipo de escusa para aprobar a venda das centrais de Ferroatlántica ou plantexar calquera tipo de aspecto no que Galicia poida ser unha moeda de cambio é especular. Eu creo que ao Parlamento, señor Casal, non se vén especular. E tanto o Grupo de En Marea como o do Bloque Nacionalista Galego, cando falan de Ferroatlántica, están especulando.

Señoría, este goberno non está —e vostede sábeo—implicado en ningún asunto dos que vostede menciona, e vostede sabe —os traballadores sábeno, esa é a nosa tranquilidade, e tamén o saben os alcaldes— que este goberno vai traballar en todo momento para defender os intereses de Galicia, os intereses dos traballadores e os intereses para manter a actividade industrial en Cee e en Dumbría.

Polo tanto, a Xunta de Galicia non variou nin un só milímetro a súa posición dende o primeiro momento. Nós seguiremos traballando para cumprir a lei. Eu espero que vostede me pida que cumpra a lei, que, non debe pedirmo, é que a imos cumprir. Seguiremos velando polo mantemento da actividade industrial e seguiremos salvagardando o interese público.

Esta foi a posición que nós temos trasladado a esta Cámara, é a posición que coñecen directamente os traballadores e é a posición que coñecen directamente tamén os alcaldes.

Polo tanto, señoría, non se esforce en querer trasladar aquí unha realidade imaxinaria, que é o que vén vostede facer, e teña a total seguridade de que este goberno non vai aceptar ningún tipo de ameaza de ninguén, ningún tipo de condicionante, e de que nós actuaremos con responsabilidade e sempre cumprindo a lei e salvagardando os intereses dos traballadores e o mantemento da actividade industrial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL LÓPEZ: A realidade, señor conselleiro, é que seguimos preguntando polo asunto porque nunca contestan á cerna do asunto. Na Comisión de Industria preguntamos

textualmente ao director xeral de Enerxía se a Xunta de Galicia se reunira no mes de xaneiro co fondo de investimento, que, segundo a compañía, xa comprou —porque llelo acaban de volver comunicar aos accionistas bursátiles americanos— as centrais. Preguntamos se se reuniran e eludiron —vostedes si que eluden— a resposta; non houbo resposta, por iso segue a nosa preocupación.

Por iso non manteñan por máis tempo esta inquedanza dos traballadores. Se realmente pensan tanto nos traballadores, isto é unha verdadeira tortura para eles. Aproveiten o Día do Traballo para deixar moi claro que non se poden vender as centrais. —¿como non poden dicir iso xa en función da realidade do ben público que se concreta na concesión?—; para dicir tamén que non van permitir esta operación de ningunha maneira; que o plan industrial que se faga para a zona afectada, no seu caso, podería ser financiado con endebedamento garantido polas centrais; que, por exemplo, se desenvolva na Costa da Morte a factoría de obleas de silicio metal, que é o que verdadeiramente crearía moitísimo emprego; e que o susodito plan industrial de Ferroglobe se instalaría en Puertollano, cando o resto das actividades non xerarían practicamente ningún emprego en Galicia.

Permítanlles esta operación, como xa se fixo dúas veces, por exemplo, para financiar outros negocios; que non pase o mesmo outra vez. E temos unha nova proba de que todo isto do Plan industrial é só unha cortina de fume. Na comunicación aos investidores americanos, que é unha comunicación na que non se pode verter información falsa, de hai unha semana, volven dicir que a operación xa está feita e non mencionan en todo o Plan industrial para todo o ano da compañía nin un só dato de que se vaia facer un plan industrial de investimento en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Evidentemente, este plan non se vai facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Poderían xa aclarar a situación dunha vez.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal. Rematou o seu tempo.

Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu de verdade que sinto moitísimo —e síntoo moitísimo— que a vostedes non lles interese en absoluto nin a firmeza nin a transparencia que a Xunta de Galicia ten demos-

trado sobre este asunto no Parlamento e no diálogo cos traballadores e no diálogo cos alcaldes. Laméntoo moitísimo. Porque este goberno dificilmente pode ser tan firme e actuar con tanta transparencia. E vostede simplemente, como lle dixeran na primeira intervención, vén aquí especular, vén aquí facer unha postura oportunista e vén aquí simplemente non falar dos feitos, porque como deputado o que lle interesaría, o que debería interesarlle, serían os feitos.

Como lle dixeran en moitas ocasións e hoxe lle volvo reiterar, porque é así, este goberno non ten ningún tipo de solicitude oficial da segregación de Ferroatlántica; non a ten. Polo tanto, dificilmente se pode pronunciar respecto de algo sobre o cal non ten solicitude. E creo que iso é, sinxelamente, señor Casal, de sentido común. Polo tanto, se vostede non lle dá crédito a este goberno, esa é a súa responsabilidade, pero eu o que lle podo trasladar e o que lles traslado a todos os galegos é que non temos ningún tipo de solicitude oficial da segregación. E tampouco temos ningún tipo de constancia sobre ningunha venda, señoría; sobre ningunha, sobre ningunha... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Sobre ningunha! Así que, polo tanto, respecto da súa pregunta eu trasládolle que non cabe ningún tipo de pronunciamento —polo menos dun goberno responsable e que actúe conforme a normativa vixente— sobre unha proposta que non se ten nin sequera presentado na Administración.

Polo tanto, señor Casal, a día de hoxe o que cabe por parte deste goberno é reiterar que nós cumprimos a lei. Nós seguiremos defendendo o que marca a concesión, que é salvagardar o interese público a través, loxicamente, do mantemento da actividade industrial; e, polo tanto, seguiremos defendendo os intereses dos traballadores, loxicamente para que poida manterse a actividade industrial, e defenderemos os intereses de todos os traballadores, señor Casal, dos traballadores de Cee e Dumbria, dos traballadores de Sabón e de todos os traballadores de Galicia.

Polo tanto, o compromiso deste goberno é invariable: nós seguiremos ao lado da actividade industrial, seguiremos ao lado do emprego, e xa lle digo que eu sinto que non lle interese a resposta do Goberno, pero a resposta do Goberno creo que é clara e transparente. Este goberno non ten ningún tipo de solicitude por parte de Ferroatlántica. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación en que se atopa o procedemento de declaración pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade

O señor PRESIDENTE: Señora Burgo, ten a palabra.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Señor conselleiro, a Ribeira Sacra, como todos sabemos, esténdese polo sur da provincia de Lugo e polo norte da provincia de Ourense e seguramente é un dos espazos máis singulares

que existen en Galicia, cuns valores que non teño tempo de describir aquí, pero que todos coñecemos, e que a fan máis que merecente da declaración de patrimonio da humanidade pola Unesco. Así o pensa a poboación das dúas provincias, e iso é o que levou, ademais, a que as deputacións de Lugo e de Ourense, antagonistas políticos, como todos sabemos tamén, aparcaran esas diferenzas políticas polo ben da poboación e da zona e firmaran en 2013 un convenio para impulsar esa declaración de patrimonio da humanidade.

Organizouse en 2013 tamén un equipo interdisciplinar formado por expertos da Universidade de Santiago en múltiples disciplinas —producción agrícola, xeografía física, edafoloxía, botánica, historia, arqueoloxía, antropoloxía, arquitectura...—, coordinado polo Valedor do Pobo, e no que participaba tamén a Dirección Xeral de Patrimonio. Este mesmo Parlamento instou a que esa consellería estivese presente nesta candidatura. Polo tanto, asesoraba tecnicamente a este equipo interdisciplinar a Dirección Xeral de Patrimonio. Tanto é así que en abril de 2014 a directora xeral de Patrimonio presentou persoalmente o primeiro plano do territorio que optaba a ser declarado patrimonio mundial —en abril de 2014—. Asesoraba tecnicamente, e meses despois, en 2015, esta análise primeira, este primeiro estudo, foi terminado e enviado a todos os firmantes do convenio.

A partir de aquí nada máis se soubo e practicamente non responderon absolutamente a nada. A Consellería era, obviamente, consciente de que tiña que formalizar a catalogación de BIC de todo este territorio. Pasaron máis de dous anos e nada sabemos, nada. E, ademais, é difícilísimo conseguir unha resposta por parte da Consellería. Dous anos onde queremos saber que se fixo, porque semella que non se fixo absolutamente nada e que a implicación da Consellería non é tan dilixente como debería ser.

E a situación non é menor porque nós cremos que esta declaración pode dar un pulso, un impulso, a unha zona cunha regresión demográfica moi importante, cunha perda de poboación; precisamente é un dos centros dese desequilibrio territorial que padecemos en Galicia e a declaración pode ser moi importante para esta zona, como o foi para a rexión vitícola do Alto Douro, porque tamén teñen alí a declaración de patrimonio da humanidade. Foi moi importante...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: ...dende o punto de vista cultural, pero tamén económico.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a resposta, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora deputada.

O primeiro que quero dicir e que quero deixar moi claro tamén é que a Xunta de Galicia está convencida tamén de que a Ribeira Sacra é un territorio dun excepcional valor en moitísimos campos. É unha paisaxe cultural, é unha mezcolanza de recursos naturais, de formas morfolóxicas, de recursos arquitectónicos, de tradición, de cultura..., non cabe a menor dúbida; en todo caso, é unha paisaxe sobranceira que merece todo o recoñecemento e que merece toda a protección dende o punto de vista cultural.

Obviamente, ¿de que estamos a falar? Estamos a falar de que para que, dalgún xeito, se poida declarar patrimonio da humanidade hai un procedemento e hai unha serie de pasos técnicos que é necesario dar para poder propoñer, para que o Estado español propoña, neste caso, á Unesco a súa declaración.

E isto ten un longo proceso no tempo. Vostede comezou a falar do ano 2013, pero xa a finais do ano 1990 a Ribeira Sacra entrou na lista indicativa de España para a súa posterior remisión á Unesco.

Vostede deu algunhas cifras. Efectivamente, eu recálcoas e contextualízoas. En outubro do 2013 as dúas deputacións teñen un acordo verbal ou político. Este acordo materialízase no ano 2014 cun convenio de colaboración onde a institución do Valedor do Pobo asume a coordinación dunha serie de traballos técnicos de gran valor, sen dúbida. Eses traballos técnicos foron entregados no verán do ano 2015 a esta consellería. Eu mesmo os recollín en persoa. Son traballos, informes técnicos, unha documentación de base moi interesante, moi ben traballada, pero obviamente, xa dixemos naquel momento —naquel xusto momento eu díxeno persoalmente— que esa información de base tiña que ser traballada, tiña que ser adaptada ao formato administrativo, que, dalgún xeito, vén derivado das características e das necesidades dun proceso fixado, neste caso por parte da Unesco, para poder presentar o documento no ámbito pertinente.

Obviamente, dende aquel momento en ningún momento estivemos quietos. Eu cuestiono absolutamente a expresión de que non se fixo nada. Ao revés, terei ocasión de dicir o que se fixo. Pero si o que lle quero plantexar, o que lle quero dicir claramente, é que se está elaborando e tramitando a declaración de BIC, que non é coller unha información de base e simplemente tramitala sen máis. É necesario facer un formateo, por dicilo dun xeito coloquial, desta propia información. ¿Para que? Para poder declarar o BIC. A nosa previsión é: no verán, incoar o expediente, porque estamos a falar dun expediente moi complexo, tremendamente complexo dende o punto de vista técnico. Estamos falando de máis de vinte concellos, estamos falando de miles de hectáreas, de miles de parcelas. Estamos falando...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas, señor conselleiro. Ten outra volta despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...de que temos que ter un documento moi ben traballado, xa que primeiro é necesario competir a nivel nacional...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Despois ten outra volta. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e, segundo, de que é necesario competir a nivel de Estado, co cal, hai que ter moita precisión no traballo e na candidatura que se presenta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu non dubido de que sexa todo moi complexo. Pero a ver se esta complexidade para vostedes vai crescendo ao longo do tempo, porque, mire, segundo a hemeroteca, vostedes dixeron que todo o expediente estaría listo a finais de 2015, despois no verán de 2016, despois a finais de 2016 e agora no verán de 2017. Imos de semestre en semestre, polo que parece. Está na hemeroteca e vostede non poderá negar o que fixeron esas declaracións.

Nós o que queremos é, primeiro, un compromiso claro, pero claro, en sede parlamentaria, de que vostedes van colaborar todo o posible e de que están comprometidos con esta declaración. E un calendario, porque vostede, ademais de dicir que no verán de 2017 terá incoado o expediente, saberá que hai que facer máis, sabe que hai distintas fases. Polo tanto, ¿cando estará feito todo este proceso que depende de vostede feito? ¿Cando cre vostede que estará en disposición de ir á Unesco esta candidatura? ¿E que vai facer vostede ao longo de todo este proceso?

Eu creo que xa máis tempo non podemos esperar. Sabe vostede que se perdeu moito tempo dende que a Dirección Xeral de Patrimonio en 2015 dixo que había que arranxar ese expediente. Desde ese momento, ata que se puxeron en contacto coa Valedora do Pobo e coas deputacións, pasou máis dun ano.

Eu soamente —e remato— quería dicirlle, señor conselleiro, que ademais de facer o seu traballo —que eu espero que o fagan— hai tamén que responder ante as institucións, e vostedes non foron quen de ir a unha reunión convocada pola Deputación de Lugo, por exemplo, á que dixeron que ían e logo non se presentaron. Algo hai cando vostedes non queren ou non quixeron, en determinados momentos, respostar en que momento estaba este expediente.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu pensaba que a súa preocupación pola Ribeira Sacra era real, pero xa vexo que a vostede o que lle preocupa é que a Deputación de Lugo adopta un criterio ou se arroga o dereito a que a consellería faga o seu traballo, que o está facendo. Pensei que era unha preocupación sincera, xa vexo que non. Como tamén teño visto, nalgúns declaracións dalgún membro do Partido Socialista, dalgún gran alcalde do sur da provincia, que cuasi se podería dicir que está en contra de que sexa declarado patrimonio da humanidade.

En todo caso, señoría, voulle dicir unha cousa. É moito máis fácil facer unha declaración, é moito máis fácil demandar prazos concretos, que tramitar e montar un expediente con esta complexidade técnica. Ao mellor vostede pensa que cunha declaración dun representante político, súa ou miña, chega para que a Unesco declare patrimonio da humanidade un territorio tan singular como que estamos facendo, e non chega. Hai que facer un moi bo documento, partindo dunha moi boa información de base. Despois hai que competir, primeiro con España, a nivel nacional, e despois a nivel da Unesco. Vostede entenderá que non podemos non ser rigorosos nin non ter un criterio moi claro nesta materia porque iso poderíanos levar, por apurar os prazos ou os tempos, a un calexón sen saída.

Vostede dime ¿en que están traballando? Mire, eu vou dicir en que estamos traballando, porque vexo que está un pouco mal informada. Estamos traballando literalmente en cuestións nada menores: na definición do valor universal e excepcional da Ribeira Sacra; na delimitación do territorio en función dese valor universal; nun estudo comparativo das paisaxes culturais declaradas pola Unesco que poidan presentar un valor similar e, polo tanto, impedir a súa inclusión na lista da Ribeira Sacra. A elaboración da planimetría das distintas zonas a delimitar, de acordo coa definición do territorio. O estudo das liñas mestras do plan de xestión do territorio da Ribeira Sacra e a elaboración da documentación para o expediente de declaración de BIC en función do valor universal excepcional.

Insisto, todo isto terémolo no verán. E hai que ser moi coidadosos. O que temos que ter é un relato que posibilite aos avaliadores... Insisto, hai que competir a nivel nacional primeiro, e despois a nivel da Unesco. Vostede ao mellor pensa que facer unha declaración de patrimonio da humanidade é levar unhas fotocopias á Unesco. ¡Está francamente equivocada! Aquí, nestas cuestións, hai que ter un moi bo expediente. Hai que ter en conta que ten que ser impecable dende o punto de vista técnico, pois ten que competir primeiro a nivel de España e despois a nivel internacional, e ninguén regala nada neste ámbito, e ao final ninguén discute o valor.

Pero, insisto —e volvo ao que dixen ao principio—, é moito máis fácil facer unha declaración...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que tramitar un expediente BIC e un expediente de patrimonio da humanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as principais funcionalidades e utilidades da nova aplicación do 061 para dispositivos móbiles, Urgencias Sanitarias de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta da señora Amigo Díaz, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a importancia da calidade na atención aos usuarios e a súa satisfacción polos servizos asistenciais recibidos resulta primordial nas organizacións sanitarias para seguir na mellora continua.

Nun pleno deste Parlamento xa lle temos preguntado sobre o Programa Acude e Axuda para a incorporación de voluntarios ao tratamento de parada cardiorrespiratoria por medio dunha APP para dispositivos móbiles.

Señor conselleiro, sabemos que se está traballando a cotío para seguir avanzando de maneira constante na procura dun mellor sistema sanitario. Coñecemos tamén, dende primeiros deste ano, a posta en marcha doutra APP para guiar os pacientes polos centros sanitarios que a APP segue. Sistema intelixente de xeolocalización de usuarios en edificios; un sistema pioneiro para a localización e guiado de pacientes no interior de varios dos centros sanitarios.

Pero hoxe queriamos preguntarlle pola APP 061. Coñecemos que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 puxo en marcha, nas primeiras semanas deste ano, unha aplicación para móbiles e tabletas enmarcada nos plans de innovación sanitaria Horizonte 2050 e Innova Saúde, do Sergas.

Esta aplicación, ademais da opción de chamada ao 061, facilita a xeolocalización do doente nunha emerxencia. Isto supón un gran avance para a asistencia ao paciente no contorno extrahospitalario, especialmente na nosa comunidade, que polas súas características climatolóxicas, de orografía e mesmo pola gran dispersión xeográfica son de vital importancia todos estes avances tecnolóxicos que se están a producir no Sergas nos últimos anos.

Dada a transcendencia que pode ter a utilización desta nova aplicación para a cidadanía galega, e tentando a difusión da súa posta en funcionamento desde o noso grupo parlamentario, gustaríanos que hoxe nos respostara cales son as principais funcionalidades e a utilidade da aplicación para dispositivos móbiles Urgencias Sanitarias de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, a verdade é que é moi procedente a pregunta que fai vostede porque estamos no proceso de inicio dunha nova actividade nun servizo como o sanitario, no que o fundamental é o trato humano, pero as novas tecnoloxías están axudando a mellorar o servizo sanitario. Por iso creo que está moi ben que poidamos darlle coñecemento e publicidade desde o Parlamento a esta iniciativa.

No pasado mes de xaneiro, desde o Servizo Galego de Saúde puxemos en marcha unha aplicación móbil de IOS e Android co obxectivo de mellorar a comunicación entre os servizos do 061 e a cidadanía, aproveitando ademais que o 061 é un dos servizos mellor valorados do Estado porque xa é un referente para todo cidadán que ten algún problema sanitario.

Unha aplicación —como tamén dicía vostede— desenvolvida con fondos Feder no marco dos proxectos de innovación H2050 e InnovaSaúde, mediante a fórmula de contratación de compra pública de tecnoloxía innovadora. Como sabe tamén, Galicia é a primeira administración, comunidade autónoma, que utiliza a compra pública innovadora, e fomos premiados polo propio ministerio e tamén a nivel europeo. Estamos pendentes incluso de charlas sobre compra pública innovadora en autonomías como Cataluña ou, dentro tamén dunhas semanas, en París, a nivel da Unión Europea, porque saben que Galicia é un referente neste aspecto.

Está dispoñible de forma gratuíta nos lugares habituais que utilizan e coñecen perfectamente, poñendo no buscador Urgencias Sanitarias de Galicia, e pódese descargar en calquera dispositivo móbil, sexan teléfonos ou tabletas.

Con esta aplicación, os pacientes e os cidadáns en xeral, porque non estamos falando só de xente enferma, senón que calquera persoa pode utilizalo. Poden chamar ao 061 desde esta APP, co cal, loxicamente, a axilidade é maior. Permite realizar unha chamada mediante a cal o cidadán envía os seus datos de identificación e posición exacta xeolocalizada. Esta circunstancia facilita a recuperación dos datos da historia clínica do propio paciente polos traballadores do 061.

Ten ademais unha canle de comunicación co 061 de Galicia. Dende a APP ponse á disposición do cidadán unha canle de comunicación con médicos do 061 orientada á resolución de dúbidas ou consultas. As respostas son recibidas polos pacientes na propia APP, como mensaxes de texto.

Así mesmo, habilitase un canal de envío de suxestións, queixas ou agradecementos ás diferentes unidades de atención de urxencias no Servizo Galego de Saúde, que serán analizadas no marco dos procesos de mellora continua do servizo ao cidadán. Ademais, vai localizar centros e recursos de urxencias e emerxencias sanitarias. Permite a localización por proximidade de farmacias, puntos de atención continuada, hospitais, centros de saúde...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e tamén desfibriladores, utilidade á que facía referencia o programa Acude e Axuda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa ampla e detallada resposta.

Vemos que esta nova APP, con todas as vantaxes que ofrece aos usuarios, vén completar os amplos servizos que segue a ofertar o Sergas, iniciada no ano 2009 coa Estratexia Sergas 2014.

O proceso de transformación do sistema sanitario galego é máis que patente; un proceso que sabemos que non lle gusta á oposición. Hoxe temos case un cen por cento de cobertura da historia clínica e da receita electrónica, pero a oposición di que a sanidade está peor.

Temos tamén dixitalizada case ao cen por cento a imaxe médica, pero a oposición di que a sanidade está peor.

Hoxe hai programas como a consulta telefónica ou o programa Conecta 72, cun total de preto de 5,4 millóns de consultas que se puideron resolver sen necesidade de desprazamento do paciente, pero a oposición di que a sanidade está peor.

Tamén temos unha e-consulta entre a primaria e a especializada, con case 8.000 feitas no ano 2016, pero a oposición di que a sanidade está peor.

Polo tanto, para a oposición a sanidade parece que está peor canta máis tecnoloxía é. É increíble, pero isto é así. Ademais, certificárono nas emendas aos orzamentos cando pediron retirar a meirande parte das partidas para as novas tecnoloxías do Sergas.

Nós non temos esa visión. Queremos unha sanidade mellor con máis tecnoloxías. Felicitamos unha vez máis ao Sergas polos seus continuos progresos, e gustaríanos preguntarlles que melloras teñen previstas para estas novas APP tan importantes para a poboación; cal será a evolución e que novas utilidades se poderían engadir a medida que se vai consolidando e estendendo o seu uso. E tamén nos gustaría saber que aceptación tivo esta aplicación desde a súa posta en marcha.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que as veces é sorprendente, porque eu creo que as novas tecnoloxías, as TIC, son fundamentais en calquera organización que quere evolucionar. Por iso a consellería, a Xunta en xeral, ten fondos propios dedicados a este fin, pero tamén está reclamando, e ata agora a Unión Europea considera —como dicía antes— a Galicia unha das administracións que mellor utilizan as novas tecnoloxías e, polo tanto, eses fondos, que non virían nunca a Galicia se non houbera un proxecto innovador.

Concretamente, o tema de Acude e Axuda, que é unha das utilidades. Imos aí localizar os desfibriladores, e —como dicía— aí participan voluntarios da Cruz Vermella coordinados desde a Central de coordinación 061. De feito, aproveito para invitar xa os señores deputados, porque o día 8, na Praza do Obradoiro, vai haber un simulacro onde imos mostrar cal é a utilidade desta APP, pero tamén da activación de voluntarios para atender a pacientes que non chegarían ao recurso hospitalario, e poden ser atendidos e salvar a vida nun lugar público fóra do ámbito sanitario.

Tamén a APP do 061 ten outra utilidade: dá pautas de actuación de primeiros auxilios. Co obxectivo de concienciar a cidadanía da importancia do coñecemento e formación da realización de primeiros auxilios, esta APP inclúe un apartado de información sanitaria elaborado polos propios profesionais do 061.

É unha ferramenta que xa está dentro do mercado deste tipo de aplicacións, está por diante de todas elas. Hainas máis coñecidas, pero non que teñan tantos servizos, sobre todo servizos aplicados á cidadanía galega. E de cara ao futuro temos aínda sobre a mesa melloras para ela, e unha delas é, a maiores desta opción de chamada ao 061 que comentaba anteriormente, incorporar a posibilidade de rexistrar información sobre varios usuarios e domicilios, de maneira que permita que calquera persoa poida solicitar axuda para os seus familiares se o necesitan, no caso de urxencia ou emerxencia sanitaria, que tamén é habitual; envío de fotografías e vídeos ao 061 con esta APP, ou videoconferencia cos profesionais do 061 directamente, no lugar onde esteas ti ou o acompañante que poida comentalo; e tamén dar accesibilidade a pacientes discapacitados, por exemplo, persoas que utilizan linguaxe de signos.

Estamos traballando igual —como dicíamos antes— no seguimento de procesos de urxencia nos hospitais, permitindo coñecer en que localizacións está o paciente ou os tempos de espera previstos.

Ademais, tamén estamos traballando en Rozas cos drones para que poidan transportar desfibriladores. Isto non é nada que poidamos dicir que é ciencia ficción, senón que se está traballando xa neste momento e por aí imos seguir traballando. En principio estamos arredor dunhas mil descargas, que aínda son poucas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Por iso estamos facendo agora...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...campañas de información para unha maior utilización polos cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante o aumento dos incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense

O señor PRESIDENTE: Pregunta da señora Presas Bergantiños, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora conselleira, desde o BNG traemos hoxe un asunto a esta Cámara que nos preocupa fondamente: os lumes.

Preocúpanos que este fora un inverno duro, especialmente en Ourense, que é un territorio —como vostede sabe— que xa foi especialmente castigado, unha vez máis, este último verán. Unha parte do noso país que só no 2016 concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas que arderon en total e que concentrou tamén a metade dos grandes incendios forestais superiores a 500 hectáreas.

Nomes como Entrimo ou como Lobios protagonizaron titulares dos telexornais non por albergar ese tesouro que é o Parque natural do Xurés, senón por arder. Arder no verán, no inverno e tamén neste difícil abril. Un mes difícil, no que non podemos deixar de pensar tampouco noutras localidades do noso país, afectadas nos últimos días en toda a súa veciñanza, e tamén en todos e cada un deses profesionais da extinción que dan a vida polo noso monte.

Este inverno foi complicado, trouxo pouco frío e pouca calma, non en balde Ourense ardeu o dobre que no 2015. E falamos hoxe de Ourense por dous motivos fundamentais. Primeiro, porque a incidencia especial que ten nesta parte do noso país a problemática dos incendios ao longo de décadas precisa dunha intervención de prevención e de recuperación específica. E, segundo, non por localismo, senón porque pensamos que Ourense é o espello do que pode pasar tamén no resto do país. Factores como o despoboamento, o abandono do monte, a falta de adecuación do dispositivo, son iguais a repetición, e a repetición é igual a consecuencias extremas para o futuro, e non podemos permitilo nin para Ourense nin para o resto do país.

Mire, créame que non vimos aquí nin con morbo nin con oportunismo, vimos con fonda preocupación e con propostas. Como vostede sabe, estamos a dous meses do período de máis risco, e nos 26 días que levamos do mes de abril case practicamente todos os días houbo —se facemos a media— un incendio de máis de 20 hectáreas. Iso confirma algo que

entendemos que a Administración está a desoír: que hai unha nova tipoloxía de lumes; que hai un factor fundamental, que é a desestacionalización, que non se está a ter en conta de forma adecuada.

Nós entendemos que deben reconsiderar a súa falta de política a longo prazo e que deben apostar con máis rigor pola prevención para o inmediato. No inmediato, o dispositivo debe funcionar xa, o antes posíbel, ao cento por cen. Cremos tamén que hai que incrementar rozas masivas, aumentar as franxas de protección e fornecer axudas públicas inmediatas. E que para o medio prazo debemos abordar con valentía como enfrontar as causas estruturais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e as consecuencias desta lacra. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Pois esa preocupación é compartida tamén polo Goberno e pola Consellería do Medio Rural, e creo que é bo falar agora, no mes de abril, do que son os incendios en si e non agardar ao verán, xusto cando vemos unha lumieira cerca. Nesa liña é na que estamos traballando.

A min gustárame —xa que vostedes fixeron a pregunta— centrar un pouco cal é a nosa preocupación e os estudos que temos. E a partir de aí non só falar da provincia de Ourense, senón falar de toda Galicia, porque, como ben saben, dependendo de se sopra o vento nordés, os incendios son na provincia da Coruña ou son en Pontevedra, e, se hai seca, son na zona de Ourense. E desta vez incluso tamén lle tocou á zona de Lugo.

Un ano máis, cando se conxugan circunstancias de fortes ventos con seca, os incendios forestais volven aos nosos montes. Aos nosos montes e tamén aos alleos, porque aí temos o caso de Asturias e tamén o caso de León. Conselleiros e conselleiras coas que eu tiveren a oportunidade de estar en Madrid no Consello Consultivo, que teñen unha fonda preocupación polo que está pasando no noso territorio.

O pasado ano elaboramos un estudo sobre a causalidade dos incendios forestais cuxos resultados non lles vou degrañar, pero si que teñan vostedes un mínimo de coñecemento, vexan como avanzamos e que nova tipoloxía hai de incendios.

Antes de afondar no estudo, cómpre revisar os estudos e as causas que se recollen desa versión. Causas naturais: as máis frecuentes en Galicia son os raios. Accidentes, que son causas fortuítas. Neglixencias: unha acción que orixinou o incendio froito dunha execución defectuosa ou arriscada. Intencionados: cando existe vontade de facer dano, por suposto. E despois hai unha serie de incendios que, a pesar de que están todos absolutamente rexistrados e cada un ten unha ficha, están sen determinar cales son as súas causas.

Así, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e a actualidade, atopámonos co seguinte. Producíronse por causas naturais en Galicia o 1,59 % dos incendios rexistrados; é dicir, unha anécdota. Por negligencias e causas accidentais, o 7,75 % dos incendios. Incendios forestais intencionados, o 75,17 %. E por causas sen determinar —porque tamén os hai—, o 15,48 %.

Analizados os datos, vemos que, segundo van pasando os anos, se incrementa un 10 % a porcentaxe de incendios intencionados, ata o 85,30 %. E a porcentaxe de incendios iniciados por accidentes, negligencias ou causas naturais queda reducido a un 2,91 %.

Tamén é importante ter en conta os seguintes datos, de aí a preocupación que compartiremos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Aínda ten outra man despois.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Perfecto.

Simplemente un dato, presidente, porque creo que é importante. Hai que ter en conta que o 30,39 % dos incendios do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de 2015 se iniciaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...das 21 horas ás 7 da madrugada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora conselleira.

Concordamos con que abril é un bo mes para falar deste tema. Podería selo tamén outubro, novembro ou decembro. Por iso, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego volvemos pedirlle que, por favor, falemos do Pladiga canto antes. Pero que non é suficiente próbano a consecución de incendios cada vez máis frecuentes fóra do verán, falármolo cando o falemos.

Hai que reconsiderar tamén ese calendario, porque hai feitos que evidencian esa necesidade. Tamén que fagan por aumentar a protección en espazos que teoricamente son os máis protexidos do noso país, como o Xurés, e ante os que vemos que o dispositivo non está a funcionar pois leva ardendo tres anos consecutivos varios meses ao ano.

Permítame —xa que teño pouco tempo para esta réplica— facer algo que igual lle sorprende ao Partido Popular pero que me parece de xustiza, e é parabenizala por unha cuestión. O ano pasado, ao final da lexislatura, cando se falou aquí nunha interpelación do Bloque Naciona-

lista Galego a respecto da situación dos bombeiros forestais, saíu a colación a cuestión do Pladiga pois acababa de publicarse uns días antes, e vostede díxolle a dona Tereixa Paz que non sabía a que se refería con esa nova tipoloxía dos lumes.

A súa consellería rectifica tarde, pero nós alegrámonos de que rectifique, de que recoñeza por fin que existe unha nova tipoloxía dos lumes e, polo tanto, que temos que sentarnos a falar e a reconsiderar o que haxa que corrixir nas súas políticas. Teña por seguro que, para dialogar, nese sentido terá ao Bloque Nacionalista Galego facendo achegas en positivo.

Non quero deixar a miña intervención aquí. No pouco tempo que me queda, simplemente quero aproveitar para insistir en que para nós é fundamental non só a prevención, non só atallar o problema a curto prazo, senón pensar no longo prazo. Pensar nos problemas estruturais, aqueles que están ben definidos e que fan necesaria unha estratexia de intervención diferente, para pensar tamén na outra parte, na parte da recuperación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Vou intentar concretar para así non pasarme do tempo.

Cando me refiro á nova tipoloxía, estou falando da análise que fixo o pasado ano a Consellería do Medio Rural e do avance que está habendo dos incendios claramente intencionados. É dicir, houbo certos momentos en que eran accidentes ou negligencias; agora iso pasa a ser unha anécdota. Co que nos atopamos agora mesmo é con que a gran maioría dos incendios son intencionados, de aí a preocupación do Goberno e supoño que a preocupación de todos vostedes.

Efectivamente, falaremos do Pladiga canto antes, pero non deixamos de traballar. De feito, está o operativo en marcha con 3.000 persoas e con 10 helicópteros; ben é certo que xa a partir do mes de xuño estará con 7.000 persoas e con 30 helicópteros, entre outros.

Pero teño que dicirlles que imos avanzando, e facémolo en varios eidos. Por exemplo, en renovación do parque móbil saiban vostedes que se renovan de novo 12 motobombas, cun investimento de 2,5 millóns de euros. A isto témoslle que engadir as motobombas que renovamos o pasado ano, que foron un total de 43, nas cales se fixo un investimento de 11 millóns de euros porque cremos que é fundamental a seguridade dos profesionais que traballan arreo nos incendios. Unha vez máis, quero deixar palpable aquí o seu traballo e o gran esforzo que eles realizan, porque, efectivamente, cada vez que saen a un incendio, están xogando a súa vida.

Seguimos avanzando. Dicirlles tamén que mañá, no Consello da Xunta, comeza outro proceso, un proceso de tramitación para a subministración, mediante a modalidade de *renting*,

de 143 vehículos novos para as brigadas dos distritos forestais con labores de prevención e defensa contra os incendios forestais. Aquí o investimento é de máis de 7 millóns de euros. É dicir, trabállase no día a día na organización, trabállase na prevención, pero tamén se traballa para dotar dos mellores equipos o noso persoal.

Á parte de todo isto, procedeuse durante o pasado ano, e estase procedendo este ano, á renovación dos equipos de protección individual; é dicir, dos SEPI. A Consellería do Medio Rural renova por un total de 1,7 millóns de euros para este ano e para o vindeiro ano.

Comprometeuse —e así o estamos a facer porque cremos que é imprescindible— nas novas ofertas de emprego público dependentes da Consellería de Facenda a ofertar un mínimo do 20 % das prazas no devandito período para o mesmo persoal. Chegouse a acordos e chegouse para a segunda actividade. As partes amosáronse conscientes dos riscos laborais dese colectivo, polo tanto, séguese avanzando neste eido.

Con isto quero dicir que, á parte do que é a prevención, á parte de ter os convenios xa durante tres anos, avanzamos tamén na mellora...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...dos distintos equipos para o noso persoal.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): E grazas tamén por compartir esa preocupación polos nosos montes e polos incendios en Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás tres e corenta e seis minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25